

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 4 DE NOVIEMBRE DE 2010

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 18:03 horas do día 4 de novembro de 2010, baixo a Presidencia do sr. alcalde-presidente don Iván Puentes Rivera, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Don José Antonio López Rodríguez, don Manuel Ángel Rodríguez Carballeira, dona María del Carmen Silvar Canosa, dona Amalia García Balado, don Juan Manuel Lourido González, dona Rocío Rey Sampayo, dona Rita María Couto Seijido, dona Inés Roca Requeijo, don Manuel Vicente Pico Sanmartín, don Edgar Antonio Vigo López, don Manuel Polo Gundín, don Gumersindo Pedro Galego Feal, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, don Juan José Franco Casal, dona María del Pilar Fornos Corral e don Manuel Sánchez Martínez.

Secretario:

Don Jesús Tallón García.

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

ORDE DO DÍA:

En primeiro lugar pide o uso da palabra a Secretaría quen, unha vez concedida, manifesta que por causas alleas e descoñecidas pola Secretaría a convocatoria da presente sesión do Pleno non foi notificada coa antelación mínima de dous días hábiles con respecto da súa celebración o que afectaría a validez dos acordos que no seu caso se adopten, non obstante o Pleno mediante acordo adoptado pola maioría absoluta dos seus membros pode convalidar a sesión que ratifique a urxencia da convocatoria.

De seguido intervén o alcalde para dicir que coma consecuencia de que o luns foi festivo e as Comisións Informativas que se fan habitualmente ordinarias para levar os asuntos extraordinarios ou os que van fóra do trámite ordinario nas Comisións Informativas se fan habitualmente os luns e logo se convoca o Pleno, esta semana se fixeron o martes e a convocatoria se asinou en tempo e forma o venres, e que a súa vontade foi que a convocatoria saíse o martes para incluír eses asuntos na orde do día coma se fai habitualmente, e que se trata de ratificar os puntos que están incluídos na propia convocatoria e introducir os que están incluídos nas Comisións Informativas celebradas o martes para o seu trámite e a súa aprobación neste Pleno, en vez de ter que facer outro Pleno extraordinario. Di que os asuntos xa son coñecidos por todos os grupos políticos e que sería incluír, como primeiro punto a adhesión do Concello de Cedeira á mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol, segundo punto, a aprobación das obras aprobadas do POS 2011, acordo ditaminado por unanimidade na Comisión Informativa correspondente; terceiro punto, o Convenio de colaboración do Plan de Transporte Metropolitano, tamén ratificado favorablemente en Comisión; cuarto punto, a ordenanza municipal de tráfico ditaminada

favorablemente en Comisión; quinto punto, o expediente de crédito extraordinario 4/2010 que forma parte do extraxudicial que se levou á Comisión de Facenda o martes; sexto punto, o expediente de suplemento de crédito 6/2010, ditaminado en Comisión; sétimo punto, o expediente de recoñecemento de crédito 6/2010, que de acordo cos anteriores que é o extraxudicial; octavo e noveno punto, as mocións, a moción presentada polo grupo municipal do BNG relativa ao decreto do Carbón e a relativa ao ferrocarril na comarca de Ferrol; décimo punto a moción conxunta dos grupos municipais PSOE, BNG e EU sobre a privatización do antigo colexio Carmen Polo; onceavo punto, a comparecencia dos concelleiros Jose Antonio López e Carmen Silvar que estaba solicitada no anterior pleno ordinario; doceavo punto, dacción de contas das resolucións de Alcaldía dende a núm. 688/2010 ata a 763/2010; décimo terceiro punto rogos e preguntas. Di que se trataría de votar a inclusión dos asuntos na orde do día do Pleno para os poder tratar.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que o seu grupo está en total desacordo coa convocatoria dun pleno así, na que hai un só asunto na orde do día e logo resulta que hai oito ou nove asuntos a incluír con carácter extraordinario cando non hai nada extraordinario nin urxente, agás as mocións que si se poden tratar directamente no seu apartado, que para eles non é normal que un Concello coma o de Fene que sempre se caracterizou porque ao Pleno viñeran as actas dos Plenos anteriores leven dende o mes de marzo sen ter actas do mes anterior o que lle parece un escándalo, xa que para eles lles é materialmente imposible facer un seguimento. Di que non pode ser que as Comisións Informativas se fagan todas fóra de prazo e que reciban unha convocatoria, practicamente sen tempo material, e con todo o expediente do Pleno desorganizado, que se relacionaron dous asuntos para abordar neste Pleno que son as comparecencias dos dous concelleiros delegados que o seu grupo solicitou no anterior Pleno ordinario, que era o único acordo relevante daquel Pleno e non se inclúe na orde do día, polo que, dende o BNG, vaise pedir que se inclúa e figure na orde do día do seguinte Pleno ordinario xa que cree que moitos representantes do movemento veciñal non están hoxe aquí porque viron a convocatoria que se fixo e non lles suscitou o máis mínimo interese a ninguén do Concello, xa que non trae nada. Di que o BNG anuncia que se non se lles entregan as actas do Pleno e das Xuntas de Goberno Local non van acudir ás Comisións Informativas, xa que é imposible facer un seguimento das xestións municipais sen ter estas actas, que non é razoable, que non pasa nada por ter unha ou dúas pendentes, pero é que levan meses sen obter esa información, que dende xaneiro non se teñen as actas da Xunta de Goberno Local, e como van eles a preguntar ou controlar ao goberno municipal se non teñen os acordos, e cos Plenos pasa o mesmo dende o mes de marzo. Di que para o BNG esta convocatoria de Pleno non se pode xustificar en que o luns foi festivo, que xa pasou algo semellante cando se fixo un Pleno extraordinario cando debía ser ordinario por falla de organización e de caos organizativo, que para eles non é razoable e de feito, eles, non van participar nas Comisións, reitera, co cal van ter serias dificultades para ter quórum, xa que os membros do grupo de goberno non asisten todos e agás a honrosa excepción do sr. Lourido que na súa Comisión aínda vai dando información, o resto, non dá información. Di respecto aos demais puntos a incluír na orde do día están de acordo en que se inclúan, que hai cuestións importantes para a xestión municipal e que entenden que ademais se teñen que facer e non entenden o asunto do Plan do Transporte Metropolitano que é un convenio de marzo e que veña e se inclúa por urxencia, que iso é un síntoma do atasco que teñen no Concello, e que polo resto apoian os restantes asuntos agás, coma dixo a comparecencia dos concelleiros delegados que queren que figure na orde do día do seguinte Pleno.

De seguido pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que subscriben todo o dito polo voceiro do BNG, que levan tres meses sen Comisións ordinarias e dous meses con extraordinarias cada quince días e todo isto sen facilitar información e sen chegar a ningún acordo, que o alcalde dixo que

ía facilitar información previa á comparecencia dos concelleiros e non a facilitou, que non saben nada dos informes xurídicos que tiñan solicitados respecto da Radio Municipal, que non se lles facilitou o informe externo tampouco e seguen sen ver os contratos que tiñan solicitados, e pregunta coma van participar no Pleno se non teñen ningunha información. Di subscribir a inclusión destes asuntos na vindeira orde do día e ao mesmo tempo di que cando se emendou a moción do BNG relativa as obras que están pendentes nos plans provinciais, eles solicitaron información da tramitación, de cómo están tramitados eses expedientes e aquí non teñen absolutamente nada, que teñen unha relación das obras, pero seguen sen saber en que estado está a tramitación de todos eses plans, que vai acabar a lexislatura e non se van executar as obras, e que pero polo menos queren saber o estado de tramitación no que están xa que ao mellor se perde algunha por non ter feito as cousas coma as hai que facer, e que esquecerse de incluír asuntos nas ordes do día dos Plenos non lles estraña xa que ata se esquenceron de convocar o Pleno para conmemorar os trinta anos das Corporacións locais democráticas. Prosegue a dicir que eles queren que se inclúa o tema do Transporte metropolitano, xa que se leva moito tempo ao solicitar e Fene é o único Concello que queda por aprobalo e está prexudicando a toda a comarca. Tamén di que participan e votan a urxencia de todas as mocións, pero volve a dicir que hai mocións que deben ir as Comisións e non directamente ao Pleno, xa que moitas veces a urxencia a teñen que xustificar con pinzas.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo mixto Manuel Sánchez Martínez quen, unha vez concedido di que chama a atención o feito de que se celebraron unhas cantas Comisións nas que se podían haber tratado temas coma o do Transporte Metropolitano e outros que logo aparecen aquí no Pleno e que hai que se coordinar un pouco mellor.

De seguido intervén o sr. alcalde que di que aquí ningún falou dun esquecemento nin que se esqueceran de que había un festivo ou de incorporar asuntos na orde do día, sinxelamente o que pasa é, e saben que pasa sistematicamente, cando hai asuntos que teñen certa urxencia ou necesidade de tramitación, que poden estar tramitadas e conclusos antes, ademais as Comisións Informativas se fan a propia semana do Pleno, os luns, mesmo se convoca o Pleno fanse Comisións Informativas extraordinarias para tratar eses asuntos e podelos levar ao Pleno por vía ordinaria, se están ditaminados antes ou por vía de urxencia se non o están. Di que neste caso, os asuntos que temos enriba da mesa e que se dixeron antes se levan a Comisión Informativa o martes, e é certo que tecnicamente non hai dous días hábiles á celebración do Pleno para poder incluír os asuntos na orde do día, polo tanto se asina a convocatoria o venres, que é cando se cumpren esas corenta e oito horas, tendo en conta a festividade do luns e eles, a pesar disto, pretenderon incluír, coma se facía habitualmente, previa a súa ratificación, os asuntos das Comisións do martes, que, insiste, que en todo caso entende que o que se propón é incluír todos os asuntos que se faloron agora na orde do día agás as comparecencias dos concelleiros que irían no vindeiro Pleno de decembro.

Rematado debate, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes acorda incluír por urxencia os seguintes asuntos na orde do día deste Pleno:

- 1º.- Acordo de adhesión do Concello de Cedeira á mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol.**
- 2º.- Aprobación do Plan de obras e servizos do ano 2011, (POS 2011), da Deputación Provincial da Coruña.**
- 3º.- Convenio de colaboración do Plan de transporte metropolitano.**
- 4º.- Expediente de crédito extraordinario 4/2010.**
- 5º.- Expediente de suplemento de crédito 6/2010.**
- 6º.- Expediente de recoñecemento extraxudicial 6/2010.**

7º.- Aprobación da ordenanza municipal de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.

8º.- Moción do grupo municipal do BNG relativo ao Decreto do carbón.

9º.- Moción do grupo municipal do BNG relativa aos servizos ferroviarios na comarca.

10º.- Moción conxunta do grupo municipal do PSdeG-PSOE, BNG e EU-IU en relación á privatización do CAPD Souto de Leixa (antigo Carmen Polo).

11º.- Dación de contas das resolucións da Alcaldía dende a número 688/2010 de data 23 de setembro ata a número 763/2010 de data 15 de outubro de 2010.

12º.- Rogos e preguntas

1º.- Acordo de adhesión do Concello de Cedeira á mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Organización de Seguridade, de data 25 de outubro de 2010, que transcrito literalmente di:

“1.- Aceptar a modificación dos Estatutos da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol no seguinte sentido: Artigo 1: Onde di “Os Concellos de Ares, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón, Neda e Valdoviño (...)” debe dicir “Os Concellos de Ares, Cedeira, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón, Neda e Valdoviño (...)”

2.- Comunicar o presente acordo á Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ferrol así como á dirección Xeral de Administración Local para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.”

De seguido intervén o sr. alcalde para dicir que o asunto está ditaminado por unanimidade na Comisión Informativa.

Non habendo debate, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

1.- Aceptar a modificación dos Estatutos da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol no seguinte sentido: Artigo 1: Onde di “Os Concellos de Ares, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón, Neda e Valdoviño (...)” debe dicir “Os Concellos de Ares, Cedeira, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón, Neda e Valdoviño (...)”

2.- Comunicar o presente acordo á Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ferrol así como á dirección Xeral de Administración Local para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

2º.- Aprobación do Plan de obras e servizos do ano 2011, (POS 2011), da Deputación Provincial da Coruña.

Logo de ver o informe técnico de data 26 de outubro de 2010, relativo ao proxecto de Abastecementos e saneamentos en Fene: rúa Unión, lugar da Rúa, estrada de Larexe e a Garita, que transcrito literalmente di:

“Asto.: **INFORME SOBRE “PROXECTO DE ABASTECIMENTOS E SANEAMENTOS EN FENE: RÚA UNIÓN, LUGAR DA RÚA, ESTRADA DE LARAXE E A GARITA”.** Consultor: **PROYFE, S.L.** Autor: **Enxeñeiro de Camiños D. MARCELINO LÓPEZ MÉNDEZ.** Xullo **2.010.** Importe total investimento: **269.214,89 €**

En relación co proxecto do asunto (ref. de entrada Nº 11549 de 22/outubro/2010), o Enxeñeiro de Camiños Municipal emite o seguinte informe:

2.- O Proxecto que se informa inclúe as seguintes obras e servizos:

- Ampliación da rede de Abastecemento de auga na Rúa Unión, Camiño do Terreiro e Camiño Ponte da Pedra en Maniños; mediante tuberías de PE Ø 90 mm e PE Ø 63 mm nunha lonxitude de $400 + 340 = 740$ m e as correspondentes válvulas.
- Ampliación da rede de Saneamento na Rúa e Igrexario en Limodre; mediante tubería de PVC Ø 315 mm nunha lonxitude de 708 m e os correspondentes pozos de rexistro, con reposición de pavimentos.
- Ampliación da rede de Saneamento na Estrada de Laraxe en Limodre; mediante tubería de PVC Ø 315 mm nunha lonxitude de 150 m e os correspondentes pozos de rexistro, con reposición de pavimentos.
- Rede de Saneamento e impulsión na Garita, Maniños, mediante tubería de gravidade de PVC Ø 315 mm nunha lonxitude de $460 + 172 = 632$ m e os correspondentes pozos de rexistro, e impulsión mediante tubería de PVC orientado Ø 110 mm nunha lonxitude de 200 m, con pozo de bombeo e fosa-depósito estanco para función de aliviadeiro, e reposición de pavimentos.

Todas as obras de canalizacións discorren por viais de titularidade municipal si ben existen as afeccións que seguidamente se indican.

2.- O proxecto inclúe os documentos básicos ou mínimos necesarios requeridos polo Art. Art. 107 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (L.C.S.P.) e 125 a 133 do Regulamento da L.C.A.P. (R.X.C.): Memoria (incluíndo declaración de obra completa) e anexos, Planos, Prego de Condicións e Presuposto para a definición das obras, procedendo as observacións de carácter urbanístico e técnico que se recollen seguidamente.

3.- Caben as seguintes observacións e consideracións de carácter técnico de competencia do funcionario que suscribe ao documento sobre aspectos urbanísticos e de adecuación das obras previstas no proxecto ao vixente PXOM/Rev. 98 do Concello de Fene e restantes disposicións de aplicación.

3.1.- O abastecemento na Rúa Unión, Camiño do Terreiro e Camiño Ponte da Pedra en Maniños discorre maioritariamente por viais en solo urbano consolidado (S.U.C.) cos servizos de saneamento, acceso rodado e enerxía eléctrica aínda que un tramo de 105 m sitúase en S.R.A.U. e outro de 95 m, si ben discorre por S.U.C./U-2, servirá a vivendas ubicadas en S.R.A.U.

3.2.- O saneamento na Rúa e Igrexario en Limodre discorre por viais municipais, maioritariamente en Solo Rústico Apto para Urbanizar (S.R.A.U.) ata un tramo final de conexión en Solo Urbano Consolidado (S.U.C.) co servizo de saneamento existente.

Servirá a vivendas ubicadas en S.R.A.U.

3.3.- O saneamento na Estrada de Laraxe en Limodre discorre por un vial municipal, en Solo Rústico Apto para Urbanizar (S.R.A.U.) ata un tramo final de conexión en Solo Urbano

Consolidado (S.U.C.) co servizo de saneamento existente. Servirá a vivendas ubicadas en S.R.A.U. e S.U.C.R.

3.4.- O saneamento e impulsión na Garita (Maniños) discorre por viais municipais ubicados en Solo Rústico Apto para Urbanizar (S.R.A.U.) ata a conexión en Solo Urbano Consolidado (S.U.C.) co servizo de saneamento existente. Servirá a vivendas ubicadas en S.R.A.U.

3.5.- Polo tanto e respecto dos tramos en S.R.A.U. resulta de aplicación o previsto no Art. 33.2.f) da L.O.U.P.M.R.G. 9/2002 modificada pola 15/2004 e a 2/2010 xa que o Art. 36.1 da L.O.U.P.M.R.G. coa modificación pola Lei 2/2010 establece dentro dos usos en solo rústico de protección ordinaria permitidos por licenza municipal as instalacións recollidas no Art. 33.2.f): *“f) Instalacións necesarias para os servizos técnicos de telecomunicacións, a infraestrutura hidráulica e as redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, abastecemento de auga e saneamento, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren”,* de maneira que os tramos das rede de abastecemento e saneamento que se proxectan está incluídas dentro das citadas.

Caben dúas referencias segundo se considere a aplicación da competencia para autorización da obra que corresponde pois ao Concello, ou ben a admisibilidade da mesma por razón de consideración da urbanización que poida implicar.

Neste senso, é evidente que a instalación de calquera dos servizos de abastecemento ou saneamento nunha zona de solo rústico como corresponde aos tramos citados si que implica unha certa urbanización “de facto” ao facilitar tales servizos aos propietarios de vivendas e/ou fincas aínda que non supoña unha recalificación de dereito das mesmas e de feito as condicións urbanísticas para unha posible edificación nas parcelas beneficiadas non se modifican sin a reclasificación do solo de maneira que na práctica o abastecemento e saneamento segundo cada caso servirá ás vivendas existentes.

Por outra parte a instalación dos servizos de abastecemento e/ou saneamento mesmo en zonas de solo rústico con existencia de vivendas é requerido en canto aos servizos que segundo Art. 26 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local os concellos deben prestar aos cidadáns, sin diferenciación de ubicación no territorio (Art. 26. 1. *Los Municipios por sí o asociados deberán prestar, en todo caso, los servicios siguientes: En todos los Municipios: a) Alumbrado público, cementerio, recogida de residuos, limpieza viaria, abastecimiento domiciliario de agua potable, alcantarillado, acceso a los núcleos de población, pavimentación de las vías públicas y control de alimentos y bebidas. ...)* pode entrar en contradicción coa LOUPMRG segunda disposición que se considere prevalente.

En definitiva cabe a interpretación de que unha vez implantada legalmente unha edificación ou un grupo de vivendas, como é o caso en todos os tramos de viais nos que se propón a execución de servizos, o Art. 26 da L.B.R.L. obriga ao Concello á prestación dos servizos citados, si ben tal actuación, como se indicou, *“non poderá implicar a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorre a rede”* de maneira que haberá de garantizarse o mantemento das condicións urbanísticas dos solos afectados pola implantación.

5.- Por outra parte, debido a que a lonxitude total do novo tramo do abastecemento supera os 500 m (740 m), en aplicación do Art. 13.1 do Real Decreto 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios da calidade da auga de consumo humano, a autoridade sanitaria deberá elaborar un informe sanitario vinculante sobre o proxecto relativo a este aspecto, polo que a aprobación quedaría condicionada en todo caso, tamén, á cumplimentación de tal trámite en senso favorable aínda que tecnicamente a solución

proyectada é correcta.

6.- Existen as seguintes afeccións polas obras:

- Saneamento na zona do Igrexario (Limodre): afección por cruce co Gasoduto de REGANOSA: afectado polo saneamento na zona do Igrexario (Limodre).
- Saneamento da Garita (Maniños): afección á Zona de servidume de Costas.

No saneamento e bombeo da Garita (Maniños), un tramo sitúase dentro da franxa de 500 m de afección de Costas polo que debe requerirse a aprobación do proxecto polo Servizo de Costas competente na referida afección.

polo que se require tramitación das correspondentes autorizacións.

6.- É importante destacar que existe un informe anterior relativo a obras previstas de pavimentación do camiño de conexión do Igrexario coa estrada de Laraxe polo que discorre a traza do “Saneamento na Rúa e Igrexario” incluído neste proxecto que á súa vez inclúe a reposición do pavimento mediante tratamento superficial asfáltico.

Polo tanto, por unha cuestión de aforro, de técnica construtiva e mesmo de imaxe de eficiencia debe tratarse de que a execución das obras, en caso de manterse a pavimentación independente do vial, se executen de maneira que o saneamento sexa construído en primeiro lugar a fin de evitar o levantamento dun pavimento recente ou mesmo eliminar a pavimentación independente.

6.- En resume, o Proxecto **infórmase favorablemente nos aspectos técnicos e con carácter previo xeral coas observacións apuntadas** en canto ás actuacións en solo rústico reflectidas no apartado 3.5 anterior respecto de que a execución dos servizos non pode modificar a clasificación urbanística do solo e **condicionado ás autorizacións de organismos privados (REGANOSA) e administracións públicas con competencias sobre as obras nos termos indicados.**

En tanto non se resolva favorablemente sobre tales autorizacións o presente informe debe entenderse provisional e condicionado a posibles imposicións por tales organismos. Asimesmo, sen tales autorizacións non procederá realizar a acta de replanteo.

Finalmente, exposto todo o anterior debo facer referencia obrigada ao punto 1.3 do Prego da “Concesión da explotación dos servizos Municipais de Abastecemento de auga e da rede de Saneamento do Concello de Fene” adxudicado a AQUAGEST, no que se establece a *obriga do concesionario de informar a asesorar tecnicamente á Corporación sobre todo o relativo aos servizos de auga e rede de saneamento*, polo que, tendo en conta que o Proxecto analizado contén actuacións en abastecemento e afecta á rede e condicións do abastecemento en Fene, procede de forma obrigatoria o informe de AQUAGEST que poderá condicionar as anteriores consideracións.

O que se informa en Fene, aos efectos oportunos, a 26 de outubro de 2.010.
O Enxeñeiro de Camiños Municipal: Lino Ameneiro Seijo”

Logo de ver o informe técnico de data 27 de outubro de 2010, relativo ao proxecto de Pavimentación entre os bloques XI e XII da Avda. do Mar (San Valentín), que transcrito literalmente di:

“Asto.: INFORME SOBRE “PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN ENTRE OS BLOQUES XI E XII DA AVDA. DO MAR (SAN VALENTÍN)”. Consultor: PROYFE, S.L.. Autor: Enxeñeiro de Camiños D. MARCELINO LÓPEZ MÉNDEZ. Outubro 2.010. Importe total investimento (licitación): 44.133,70 €

En relación co proxecto do asunto, identificado co Nº de Rex. 11591 de 25/Oct/2010, o Enxeñeiro de Camiños Municipal emite o seguinte informe:

1.- O proxecto do asunto inclúe obras de reurbanización: reposición de pavimentos, pluviais e outras, entre os bloques XI e XII de San Valentín.

2.- O proxecto inclúe os documentos básicos ou mínimos necesarios requeridos polo Art. Art. 107 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (L.C.S.P.) e 125 a 133 do Regulamento da L.C.A.P. (R.X.C.): Memoria (incluíndo declaración de obra completa) e anexos, Planos, Prego de Condicións e Presuposto para a definición das obras, procedendo as observacións de carácter urbanístico e técnico que se recollen seguidamente.

3.- Sobre aspectos urbanísticos e de adecuación do proxecto ao vixente PXOM/Rev. 98 do Concello de Fene procede indicar que as obras de reurbanización entre bloques XI e XII en San Valentín realízanse sobre solo urbano consolidado afectando a viais e a espazo calificado como Praza Pública (Pz.P.) de titularidade municipal.

Polo tanto, considerando que as variacións superficiais de modificación parcial do aparcamento actual para conversión en praza non modifican o carácter público do solo resulta admisible este aspecto da proposta da obra.

En canto a aspectos técnicos de materiais, solucións empregadas, normativa técnica de aplicación, etc., o proxecto adáptase aos requerimentos de aplicación.

4.- En resume, o proxecto cumpre formalmente cos contidos documentais requeridos e en consecuencia infórmase favorablemente.

O que se informa en Fene, aos efectos oportunos, a 27 de outubro de 2.010.
O Enxeñeiro de Camiños Municipal”

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial, de data 29 de outubro de 2010, que transcrito literalmente di:

“Primeiro.- Aprobar o proxecto “Abastecementos e saneamentos en Fene: rúa Unión, Lugar da Rúa, Estrada de Laraxe e a Garita”, asinado polo enxeñeiro de camiños Marcelino López Méndez, con rexistro de entrada 11549 de 22 de outubro de 2010, por importe de 269.214,89 euros e informado polo enxeñeiro de camiños municipal en data 26 de outubro de 2010, para a súa inclusión coma proxecto principal no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2011 correspondente ao exercicio 2011.

Segundo.- Aprobar o proxecto “Pavimentación entre os bloques XI e XII da Avda. do Mar (San Valentín), asinado polo enxeñeiro de camiños Marcelino López Méndez, con rexistro de entrada 11591 de 25 de outubro de 2010, por importe de 44.113,70 euros e informado polo enxeñeiro de camiños municipal en data 27 de outubro de 2010, para a súa inclusión coma proxecto complementario no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2011 correspondente ao exercicio 2011.”

Logo de ver o informe da Secretaría de data 2 de novembro de 2011, relativo ao proxecto de Abastecementos e saneamentos en Fene: rúa Unión, lugar da Rúa, estrada de Larexe e a Garita, que transcrito literalmente di:

“INFORME XURÍDICO DA SECRETARÍA

Asunto: aprobación do proxecto de obra “Abastecementos e saneamentos en Fene: Rúa Unión, Lugar da Rúa, Estrada de Laraxe e a Garita”.

Xustificación: Corresponde a Secretaría informar, expoñendo os antecedentes e disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio sobre a base do artigo 173 do Real Decreto 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, de 28 de novembro de 1986 (BOE núm. 305 de 22-12-1986); o artigo 3 do Real Decreto 1174/87, do 18 de setembro de Réxime xurídico dos Funcionarios de administración local con habilitación de carácter estatal (BOE núm. 223, de 29-09-1987) e o artigo 195.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Cumprimentándose ese deber emítese o seguinte:

1º Antecedentes que obran no expediente

1 Proxecto “Abastecementos e saneamentos en Fene: Rúa Unión, Lugar da Rúa, Estrada de Laraxe e a Garita”, asinado polo Enxeñeiro de C.C.e P. Marcelino López Méndez, con rexistro de entrada 11549 do 22 de outubro de 2010.

2 Informe do enxeñeiro de camiños, canles e portos do Concello do 26 de outubro do 2010.

2º Lexislación aplicable

1 Lei 30/2007, de 30 de outubro de Contratos do Sector Público (BOE núm 256 do 31-10-2007) nos artigos 105 a 111.

2 Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (BOE núm. 118, de 15 de maio de 2009).

3 Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (BOE núm. 267, do 26-10-2001), artigos 124 ao 137.

4 Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).

5 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRBRL).

6 Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).

7 Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL) 9 Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da Edificación (artigos 4 e 17).

8 Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, por que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

9 O Real decreto Legislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, por que se aproba o Texto Refundido da Lei de Avaliación do Impacto Ambiental de Proxectos.

10 O Real decreto 1131/1988, do 30 de setembro, por que se aproba o Regulamento para a execución do Real decreto Legislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de Avaliación do Impacto Ambiental.

3º Consideracións

Previa

1 Quérese deixar constancia por este informante do escaso tempo hábil que dispuxo para o exame deste expediente, polo que o presente informe pode ser obxecto de ulterior precisión e ampliación.

2 Documentación examinada

O obxecto deste informe é o proxecto do antecedente 1, remitido a Secretaría polo órgano político -Concellería de desenvolvemento territorial- manifestando a súa intención de incluír o dito proxecto na solicitude do POS 2011 que lle corresponde ó Concello.

1ª No expediente administrativo non se indica quen é o funcionario responsable do mesmo, así como o encargado da súa tramitación, incumprindo o establecido nos artigos 35.b) da LRX-PAC e 182 do ROF; carecendo de foliación e de rúbrica, incumprindo o disposto no artigo 164.2 do ROF.

Non consta providencia da Alcaldía ou Concellería impulsando o expediente e requirindo os informes que procedan.

2ª A adxudicación do Contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e planeamento do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ao órgano de contratación non sendo que esta especificamente atribuída a outro órgano por unha norma xurídica (artigo 105 da LCSP)

Por obra entenderase o conxunto de traballos de construción ou de enxeñaría civil, destinado a cumprir por si mesmo unha función económica ou técnica, que teña por obxecto un ben inmovible (artigo 6.2 da LCSP).

3ª O procedemento para levar a cabo a aprobación dun proxecto de obras é a seguinte:

A. Polo xefe de servizo/ alcalde/Concelleiro delegado/técnico da área debe detectarse a necesidade de realizar as obras.

B. Polo Alcalde mediante providencia débese encargar a redacción do proxecto de obras, ou ven comezar o procedemento de licitación para contratar a elaboración do correspondente proxecto.

C. Emitirase informe técnico municipal sobre a adecuación do proxecto elaborado a lexislación e a ordenación urbanística e planeamento municipal.

D. Elaborado o proxecto e recibido polo Concello, se a contía do mesmo é igual ou superior a 350 000 euros, cumprirá un informe de supervisión do proxecto das obras a realizar, encargado de verificar que se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario así como a normativa técnica que resulten de aplicación para cada tipo de proxecto, conforme o artigo 109 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Nos proxectos de contía inferior á sinalada anteriormente, o informe terá carácter facultativo, non sendo que se trate de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra en cuxo caso o informe de supervisión será igualmente preceptivo.

E. Emitirase informe xurídico ós efectos urbanísticos (artigo 195 e 198.5 da LOUGA).

F. O proxecto aprobarase, polo órgano municipal competente para a contratación das obras que neste caso, de conformidade co que se dispón a disposición adicional segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, é o Alcalde xa que o seu importe non supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de 6.000.000 de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

G. A resolución de aprobación do proxecto será mediante declaración expresa de que reúne os requisitos esixidos pola Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Unha vez aprobado o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación de obra, procederase a efectuar, de conformidade ao que se dispón no artigo 110 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, o planeamento do mesmo, que consistirá en comprobar a realidade xeométrica da mesma e a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa normal execución, que será requisito indispensable para a adxudicación en todos os procedementos. Así mesmo deberanse comprobar cantos supostos figuren no proxecto elaborado e sexan básicos para o contrato a celebrar.

4ª O proxecto de obra debe referirse a obras completas, é dicir susceptibles de ser entregadas ao uso común xeral ou ao servizo correspondente, sen prexuízo das posteriores ampliacións que poidan ser obxecto e comprenderán todos os elementos que sexan precisos para a utilización da obra (artigo 125 do RXLCAP). Consta na memoria a manifestación expresa de que o proxecto comprende unha obra completa (artigo 127.2 do RXLCAP).

O artigo 107 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e o artigo 129 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas sinalan o contido do proxecto de obras.

O artigo 131 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas, regula o orzamento de execución do material, que é o resultado obtido pola suma dos produtos do número de cada unidade de obras polo seu prezo unitario e das partidas alzadas. O informe técnico municipal (antecedente 1) sinala que “o proxecto inclúe os documentos básicos ou mínimos necesarios requeridos polo art. 107 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (L.C.S.P.) e 125 e 133 do Regulamento da L.C.A.P. (...).”

5ª O artigo 196 da LOUGA sinala que cando os actos de edificación e uso do solo e subsolo fosen realizados en terreos de dominio público, esixirase tamén licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións ou concesións que sexa pertinente outorgar por parte da organización xurídico-pública titular do dominio público. A falta de autorización ou concesión demanial ou a súa denegación impedirá ao particular obter a licenza e ao órgano competente otorgala.

O artigo 198.5 da Lei 9/2002 sinala que as obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación del proxecto previa acreditación de que no expediente se cumpre a lexislación urbanística e de protección do medio rural, así como do planeamento en vigor. O artigo 13.2 do Regulamento de disciplina urbanística de Galicia, aínda vixente,

establece que non se poderán conceder licenzas sen que se obteña as autorizacións sectoriais correspondentes. Todo isto ten que poñerse en relación co criterio xurisprudencial segundo o cal mediante a aprobación do proxecto técnico se realizan os mesmos controis que coas licenzas de obras de ahí precisamente que a substitúan e a fagan innecesaria. En sentido similar se expresa o artigo 134 do Regulamento da LCAP ó sinalar a necesidade de incorporar tódolos informes preceptivos ou que se estimen conveniente solicitar antes da aprobación do proxecto.

6ª Seguindo o informe técnico municipal é preciso facer as seguintes consideracións sobre o proxecto:

a) Respecto coa ampliación da rede de abastecemento de auga na Rúa Unión, Camiño do Terreiro e Camiño Ponte da Pedra en Maniños.

1 O informe técnico sinala que o solo afectado por esta actuación é maioritariamente: “solo urbano consolidado (S.U.C) cos servizos de saneamento, acceso rodado e enerxía eléctrica aínda que un tramo de 105 metros sitúase en S.R.A.U. E outro de 95 m, si ben discorre por S.U.C./U-2, servirá a vivendas ubicadas en S.R.A.U.”.

Como xa manifestou este informante en anteriores informes (p.ex. No expediente 2010/LI004/000006 ou no de 3/9/2010 sobre o “proxecto modificado pavimentación e dotación de servizos en parroquias de Fene 2007”) a LOUGA configura un réxime distinto para o solo urbano consolidado e para o solo urbano non consolidado (o artigo 19 establece os deberes dos propietarios en solo urbano consolidado e o artigo 20 os deberes dos propietarios de solo urbano non consolidado) e entre os deberes que impón ós propietarios de solo urbano non consolidado atópase a de custear e, no seu caso, executar ou completar as obras de urbanización do polígono, así como as conexións cos sistemas xerais existentes, nos prazos establecidos polo planeamento. Polo tanto, a xuízo do que suscribe, posto que se trata de proporcionar un servizo inexistente (abastecemento de auga) e en principio, salvo informe técnico en contrario, non se trata de meras obras accesorias e de escasa entidade, o solo non pode ser categorizado como solo urbano consolidado definido no artigo 12 a) da Lei 9/2002, baixo os seguintes termos: Solo urbano consolidado: integrado polos soares así como polas parcelas que, polo seu **grao de urbanización efectiva e asumida polo planeamento urbanístico, poidan adquirir a condición de soar mediante obras accesorias e de escasa entidade** que poden executarse simultaneamente coas de edificación ou construción, e debe categorizarse como solo urbano non consolidado: integrado pola restante superficie de solo urbano e, en todo caso, polos terreos en que sexan necesarios procesos de urbanización, reforma interior, renovación urbana ou obtención de dotacións urbanísticas con distribución equitativa de beneficios e cargas, por aqueles sobre os que o planeamento urbanístico preveha unha ordenación substancialmente diferente da realmente existente, así como polas áreas de recente urbanización xurdida á marxe do planeamento.

O concello debe ter en conta que executando as obras para proporcionar este servizo no solo urbano non consolidado estaría asumindo obrigas que lle corresponde asumir ós propietarios e xirando a carga ou custe destas actuacións á colectividade, cando debería ser asumida polos beneficiarios. Todo isto sen prexuízo de que o abastecemento de auga é un servizo cuxa prestación é unha obriga por parte do Concello (artigo 26 da LBRL e 81 da Lei de administración local de Galicia).

(Aínda que no proxecto técnico (páxina 2 ap. 3.1) parece desprenderse a obra de abastecemento na Rúa A Unión consiste en substituír o servizo de abastecemento existente e non establecer un novo servizo de abastecemento. Sen embargo do informe técnico -antecedente 2- non se desprende isto, senón que estamos ante un novo servizo).

2 Respecto da parte da obra que transcorre en solo apto para urbanizar resulta de aplicación a D.T.1ª d e 21.4 da LOUGA, que establecen que para ós concellos cuxo plan xeral non estea adaptado á LOUGA e si a Lei 1/1997, do solo de Galicia, resultará de aplicación o réxime do solo rústico establecido pola LOUGA en tanto non se aprobe o correspondente plan de sectorización. Así do informe técnico (antecedente 76) despréndese que o dito solo rústico ten a categoría ou protección que lle resulta de aplicación o previsto no artigo 33.2f) da LOUGA. Este precepto establece como actividade construtiva licenciada directamente polo Concello, no solo rústico de protección ordinaria -sen necesidade de autorización autonómica- entre outras, as instalacións necesarias para abastecemento de auga e saneamento, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren. A LOUGA non concreta cando as instalacións necesarias para abastecemento de auga e saneamento, implican a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren. A Exposición de Motivos da LOUGA sinala que “a urbanización e transformación xurídica e fáctica do solo é unha facultade esóxena ao dereito de propiedade, que só pode efectuarse naquelas zonas ou terreos que gocen previamente da clasificación adecuada.” e a través do seu aticulado refírese en varias ocasións a urbanización por exemplo sinala que a actividade urbanística inclúe a transformación do solo mediante a urbanización (artigo 2), que a competencia urbanística na execución do planeamento confire a facultade de controlar as obras de urbanización (artigo 3.2) ou que a urbanización exercerase cos límites e cumprindo os deberes da Lei 9/2002 (artigo 7).

O diccionario da R.A.G. -o que se pode acceder a través da páxina da rede de internet da consellería de educación e ordenación universitaria, define urbanizar como: Dotar [un lugar] das características apropiadas para facer del un núcleo de poboación urbana, por medio da construción de rúas, da instalación de iluminación pública, de redes de sumidoiros e de auga potable, etc..

Os terreos que, integrados na malla urbana, contén cos servizos de acceso rodado público, abastecemento de auga, evacuación de augas residuais e subministración de enerxía eléctrica, proporcionados mediante as correspondentes redes públicas con características axeitadas para servir á edificación existente e á permitida polo planeamento, ou ben que, aínda carecendo dalgúns dos servizos citados, estean comprendidos en áreas ocupadas pola edificación, polo menos nas dúas terceiras partes dos espazos aptos para ela, segundo a ordenación que o Plan Xeral estableza serán clasificados como solo urbano (artigo 11 da LOUGA).

É evidente que proporcionar o servizo de abastecemento de auga en solo rústico supón, tal e como sinala o informe técnico municipal, “unha urbanización de facto” ou “aumento do grao real de urbanización”.

O solo rústico non responde conceptualmente a un carácter residual dende o punto de vista da súa clasificación tal e como se concibiu pola lexislación precedente, senón que debe de ser recoñecido e delimitado positivamente polo planificador municipal dende o momento en que posúa un valor merecedor de protección singular incompatible co desenvolvemento urbanístico e/ou edificatorio, se concorre un valor/ben de obrigada preservación, presente na superficie predial, como riqueza natural. Este feito ou circunstancia esixe regrado respecto, de sorte que, a súa previsión e clasificación como solo rústico deberá contemplarse automaticamente en aplicación do xeral e tradicionalmente acollido pola doutrina xurisprudencial do Tribunal Supremo *principio da forza normativa do fáctico ao momento de planificar*, con prexuízo de calquera outra consideración e/ou dependencia, e sen máis límite que a súa plasmación expresa a través do procedemento legalmente establecido.

Deste xeito mediante a sucesiva implantación de servizos un solo podería acadar a totalidade dos servizos que enumera o artigo 11.a da LOUGA, sen adaptarse os procedementos previstos na propia lei, e logo esixir unha calificación urbanística distinta a orixinal no momento da tramitación dun novo PXOM, contravindo así a LOUGA. Entende este informante que eso é o que pretende evitar o artigo 33.2f in fine, xa que o mero feito de levar calquera servizo a solo rústico supón de facto unha urbanización, e entender que o 33.2 f da LOUGA pretende levar a cabo unha prohibición deste extremo contraviría o previsto no artigo 36.1 que permite directamente licenciar polo Concello as instalacións de auga para abastecemento de auga e saneamento.

b) Respecto da ampliación do saneamento na Rúa e Igrexario de Limodre, a ampliación do saneamento na Estrada de Laraxe en Limodre e a rede de saneamento e impulsión na Garita, Maniños:

Respecto do solo rústico apto para urbanizar resultan de aplicación as mesmas consideracións realizadas na letra anterior, apartado 2.

Respecto do solo urbano polo que transcorre o saneamento na Rúa e Igrexario en Limodre (xa que só transcorre maioritariamente por solo rústico apto para urbanizar e non totalmente) resulta de aplicación o manifestado na letra a) apartado 1 desta consideración, agás o último parágrafo.

c) Sinala o informe técnico municipal (antecedente 2) que como autorizacións preceptivas -e previas á aprobación do proxecto- se require informe da Xunta de Galicia (Consellería de Sanidade) ó superar os 500 metros a actuación proxectada, sendo este informe vinculante, informe que se deberá emitir no prazo de dous meses trala presentación do proxecto e documentación ante a autoridade sanitaria (artigo 13.1 do Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro), informe servizo de costas da Xunta de Galicia ó atoparse na área de afección dos 500 metros da Costa, e informe relativo á afección polo Gaseoducto de Reganosa. Non constan no expediente as referidas autorizacións, o que contravén o sinalado na consideración 5ª deste informe.

d) Por último sinalar que este informante coincide co manifestado polo técnico municipal no apartado 6.- (bis) do informe -antecedente 2-. Polos mesmos motivos -eficiencia na utilización dos recusos públicos- sería conveniente o informe previo da concesionaria do servizo de abastecemento de auga e da rede de saneamento do Concello, tal e como o prego que rexe a dita contratación establece.

7ª Logo de ver que o proxecto remitido á Secretaría preténdese incluír na solicitude de financiamento con cargo o POS 2011 (no marco do Real Decreto 835/2003, de 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais, e as súas modificacións, a Orde 293/2006, de 31 de xaneiro, para o seu desenvolvemento e aplicación e as instrucións do Ministerio de Política Territorial) cómpre, sen ánimo de exhaustividade, facer as seguintes consideracións:

1 Non consta no expediente memoria xustificativa das actuacións pretendidas, de conformidade co establecido no art. 3 do R.D. 835/2003, fundamentando a elección das obras a incluír no POS 2011 na Enquisa de Infraestrutura e Equipamento Local.

2 Só consta un exemplar do proxecto e deben remitirse dous á Deputación Provincial coa solicitude. Tampouco figura o modelo anexo I das bases aprobadas pola Deputación Provincial. É máis, non consta que o Concello conte coa autorización precisas para a execución das obras, tal e como informa o antecedente 2, nin documento que acredite a

inexistencia de subvención doutra administración pública que financie o gasto que supón a obra, tal e como esixe o anexo I.

Polo tanto, e sobre o manifestado nas cosideracións 1ª, 5ª, 6ª e 7ª deste infórmase desfavorablemente a aprobación do proxecto proposto. Non obstante, a superior autoridade Corporativa decidirá o que estime.

En Fene 2 de novembro de 2010
O secretario
Jesús Tallón García”

Logo de ver o informe da Secretaría de data 2 de novembro de 2011, relativo ao proxecto de Pavimentación entre os bloques XI e XII da Avda. do Mar (San Valentín), estrada de Larexe e a Garita, que transcrito literalmente di:

“INFORME XURÍDICO DA SECRETARÍA

Asunto: aprobación do proxecto de obra “Proxecto de pavimentación entre os Bloques XI e XII da Avda. do mar (San Valentín)”.

Xustificación: Corresponde a Secretaría informar, expoñendo os antecedentes e disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio sobre a base do artigo 173 do Real Decreto 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, de 28 de novembro de 1986 (BOE núm. 305 de 22-12-1986); o artigo 3 do Real Decreto 1174/87, do 18 de setembro de Réxime xurídico dos Funcionarios de administración local con habilitación de carácter estatal (BOE núm. 223, de 29-09-1987) e o artigo 195.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Cumprimentándose ese deber emítase o seguinte:

1º Antecedentes que obran no expediente

1 Proxecto “Proxecto de pavimentación entre os Bloques XI e XII da Avda. do mar (San Valentín)”, asinado polo Enxeñeiro de C.C.e P. Marcelino López Méndez, con rexistro de entrada 11591 do 25 de outubro de 2010.

2 Informe do enxeñeiro de camiños, canles e portos do Concello do 27 de outubro do 2010.

2º Lexislación aplicable

1 Lei 30/2007, de 30 de outubro de Contratos do Sector Público (BOE núm 256 do 31-10-2007) nos artigos 105 a 111.

2 Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (BOE núm. 118, de 15 de maio de 2009).

3 Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (BOE núm. 267, do 26-10-2001), artigos 124 ao 137.

4 Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).

5 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRBRL).

6 Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).

7 Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL)9 Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da Edificación (artigos 4 e 17).

8 Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, por que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

9 O Real decreto Lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, por que se aproba o Texto Refundido da Lei de Avaliación do Impacto Ambiental de Proxectos.

10 O Real decreto 1131/1988, do 30 de setembro, por que se aproba o Regulamento para a execución do Real decreto Lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de Avaliación do Impacto Ambiental.

3º Consideracións

Previa

1 Quérese deixar constancia por este informante do escaso tempo hábil que dispuxo para o exame deste expediente, polo que o presente informe pode ser obxecto de ulterior precisión e ampliación.

2 Documentación examinada

O obxecto deste informe é o proxecto do antecedente 1, remitido a Secretaría polo órgano político -Concellería de desenvolvemento territorial- manifestando a súa intención de incluír o dito proxecto na solicitude do POS 2011 que lle corresponde ó Concello.

1ª No expediente administrativo non se indica quen é o funcionario responsable do mesmo, así como o encargado da súa tramitación, incumprindo o establecido nos artigos 35.b) da LRX-PAC e 182 do ROF; carecendo de foliación e de rúbrica, incumprindo o disposto no artigo 164.2 do ROF.

Non consta providencia da Alcaldía ou Concellería impulsando o expediente e requirindo os informes que procedan.

2ª Remítome ás consideracións 2ª, 3ª, 4ª e 5ª e 7ª (excepción do manifestado en relación coa existencia de autorizacións precisas) do informe desta Secretaría de 2 de novembro de 2010 relativo a aprobación do proxecto "Abastecementos e saneamentos en Fene: Rúa Unión, Lugar da Rúa, Estrada de Laraxe e a Garita", asinado polo Enxeñeiro de C.C.e P. Marcelino López Méndez, con rexistro de entrada 11549 do 22 de outubro de 2010.

3ª Segundo o informe técnico municipal atopámonos ante un solo urbano consolidado. Non se determina a norma zonal aplicable, nin si a modificación prevista ampliando a praza pública afecta as previsións do planeamento do Concello de Fene, polo que non se pode este informante pronunciar sobre o dito aspecto.

Será preciso emendar, antes do acordo aprobatorio o manifestado na consideración 1ª e ademais completar os aspectos referidos na consideración 6ª, polo que se informa desfavorablemente a aprobación do expediente. Este é o meu informe que emito en dereito. Non obstante, a superior autoridade Corporativa decidirá o que estime.

En Fene 2 de novembro de 2010

O secretario

Jesús Tallón García"

Logo de ver a proposta da Concellería delegada, de data 2 de novembro de 2010, que transcrita literalmente di:

“PROPOSTA DA CONCELLERÍA DELEGADA

Logo de ver o expediente tramitado ós efectos no que consta, entre outra documentación:

1 Proxecto “Abastecementos e saneamentos en Fene: Rúa Unión, Lugar da Rúa, Estrada de Laraxe e a Garita”, asinado polo Enxeñeiro de C.C.e P. Marcelino López Méndez, con rexistro de entrada 11549 do 22 de outubro de 2010 e informes do enxeñeiro de camiños, canles e portos do Concello do 26 de outubro do 2010 e da Secretaría do Concello de 2 de novembro de 2010.

2 Proxecto “Proxecto de pavimentación entre os Bloques XI e XII da Avda. do mar (San Valentín)”, asinado polo Enxeñeiro de C.C.e P. Marcelino López Méndez, con rexistro de entrada 11591 do 25 de outubro de 2010 e informes do enxeñeiro de camiños, canles e portos do Concello do 27 de outubro do 2010 e da Secretaría do Concello de 2 de novembro de 2010.

3 Ditame da Comisión informativa de desenvolvemento territorial de 29 de outubro de 2010.

Propoño que o Pleno adopte o seguinte acordo:

1º Aprobar o Plan de provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2011, cuxas bases se coñecen a aceptan na súa totalidade, no que se recollen os obras que o Concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2011, e de acordo co financiamento que se indica:

Denominación da obra	Estado + Deputación	Concello	Presuposto total
Abastecementos e saneamentos en Fene: Rúa Unión, Lugar da Rúa, Estrada de Laraxe e a Garita	254723,33	14491,56	269214,89
SUBTOTAL OBRAS	254723,33	14491,56	269214,89

Aprobar o proxecto da obrasincluída na anualidade 2011 e que se relaciona nesta táboa.

2º Aprobar o Plan complementario do ano 2011 no que se inclúen as obras que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:

Denominación da obra	Presuposto
Pavimentación entre os Bloques XI e XII da Avda. do mar (San Valentín)	44113,7
TOTAIS	44113,7

3º Declarar que o Concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4º Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2011 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2011.

5º Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

6º Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7º Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

8º Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Fene 2 de novembro de 2010
O concellerio delegado
José Antonio López Rodríguez”

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que neste mandato se aproban os Plans provinciais por unanimidade, cousa que eles aplauden xa que entenden que debe ser así, porque os grupos políticos deben estar de acordo en que obras ou actuación deben facer nos distintos lugares do noso Concello, e que o que non pode ser é que hoxe se estea a aprobar o Plan de obras do ano dous mil once e que o do ano dous mil sete nin sequera estea iniciada a contratación, que a Deputación na súa penúltima prórroga, que non sabe se hai máis, falaba de data límite o trinta de novembro deste ano para a contratación daquela obra, que eles coma non pode ser doutro xeito, van apoiar esta proposta pero rogan ao sr. alcalde que mova a contratación dos Plans de obras do ano dous mil sete, que son máis dun millón de euros.

De seguido intervén o sr. alcalde que di que mañá o Concello ten a licitación da obra do Muro das Chancas que é a primeira obra que a Deputación desbloqueou e respecto da referencia aos trámites e a data do trinta de novembro di que dende a visita do presidente da Deputación a Fene este mes o propio presidente dixo que non se ían perder eses cartos e que a Deputación gardaría os cartos ata que o Pleno da Deputación aprobe os proxectos para poder contratar as obras.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

1º Aprobar o Plan de provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2011, cuxas bases se coñecen a aceptan na súa totalidade, no que se recollen os obras que o Concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2011, e de acordo co financiamento que se indica:

Denominación da obra	Estado + Deputación	Concello	Presuposto total
----------------------	------------------------	----------	---------------------

Abastecementos e saneamentos en Fene: Rúa Unión, Lugar da Rúa, Estrada de Laraxe e a Garita	254723,33	14491,56	269214,89
SUBTOTAL OBRAS	254723,33	14491,56	269214,89

Aprobar o proxecto da obrasincluída na anualidade 2011 e que se relaciona nesta táboa.

2º Aprobar o Plan complementario do ano 2011 no que se inclúen as obras que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:

Denominación da obra	Presuposto
Pavimentación entre os Bloques XI e XII da Avda. do mar (San Valentín)	44113,7
TOTAIS	44113,7

3º Declarar que o Concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4º Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2011 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2011.

5º Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

6º Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7º Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

8º Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

3º.- Convenio de colaboración do Plan de transporte metropolitano.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 2 de novembro de 2010, que transcrito literalmente di:

“1º.- Prestar aprobación ao Convenio de colaboración entre o Concello de Fene e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia “Para o

desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Ferrol”, así como ao Anexo Técnico de dito convenio.”

Logo de ver o informe conxunto de Secretaría e Intervención de data 2 de novembro de 2010, que transcrito literalmente di:

“INFORME CONXUNTO DE SECRETARÍA E INTERVENCIÓN

Asunto: Adhesión o convenio de colaboración entre o Concello de Fene e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia “Para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Ferrol”.

Xustificación: artigo 172, 173 e 177 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de 28 de novembro de 1986.

Resumo dos antecedentes:

-Con data de 28 de outubro remítese proposta da Alcaldía consistente en que a Comisión informativa e o Pleno ditaminen e acorden o seguinte: “1º.- Prestar aprobación ao Convenio de colaboración entre o Concello de Fene e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia “Para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Ferrol”, así como ao Anexo Técnico de dito convenio.”, engáse ademáis: proposta de implantación do transporte metropolitano de Galicia, de marzo de 2010, modelo de Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área re transporte metropolitano de Ferrol e anexo técnico do convenio da área de transporte metropolitano de Ferrol, de marzo de 2010.

-Ditame da Comisión informativa de organización e desenvolvemento de data de 2 de novembro de 2010.

1 Normativa examinada

Lei 30/1992, reguladora do réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local.

Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).

Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (R.O.F.)

Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes (T.R.).

Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais.

Concordantes.

2 Consideracións

Previa

1 Quérese deixar constancia polos informantes do escaso tempo hábil que dispuxeron para o exame deste expediente, polo que o presente informe pode ser obxecto de ulterior precisión e ampliación.

2 Documentación examinada

O obxecto dese informe é o contido no convenio de colaboración entre o Concello de Fene e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia "Para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Ferrol"

1ª No expediente administrativo non se indica quen é o funcionario responsable do mesmo, así como o encargado da súa tramitación, incumprindo o establecido nos artigos 35.b) da LRX-PAC e 182 do ROF; carecendo de foliación e de rúbrica, incumprindo o disposto no artigo 164.2 do ROF.

Non consta informe da xefatura da dependencia á que corresponda a tramitación do expediente administrativo, expoñendo os antecedentes e disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio, incumprindo o establecido no artigo 172.1 do ROF.

Non consta informe redactado en forma de proposta de resolución no que se indique:

- a) A enumeración clara e sucinta dos feitos.
- b) As disposicións legais aplicables e alegación razoada da doutrina, e
- c) O pronunciamento que deberá conter a parte dispositiva.

No expediente non existe informe sobre os aspectos técnicos ós que se refire, polo que este informante entende que o expediente non se atopa completo e non pode ser sometido a consideración do órgano competente (ó marxe de que non se produciu a posta a disposición da Secretaría do expediente completo para o seu exame con antelación de tres días antes da celebración da sesión como esixe o ROF).

2ª O Municipio, segundo dispón o artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

A LBRL establece os servizos mínimos ou obrigatorios dos concellos segundo a súa poboación (art.26).

Para os Concellos de máis de 50.000 establece como servizo público obrigatorio o servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros. O Concello de Fene ó día da data non ten a poboación que permita calificar o servizo de transporte público colectivo de pasaxeiros como obrigatorio e esencial.

O transporte metropolitano non é unha competencia municipal senón que é de competenci da Xunta de Galicia.

Para poñer en común competencias e recursos para a prestación dun servizo, pódense artellar distintos vehículos. Un deles é o convenio interadministrativo de colaboración no que

se concrete cantas cuestións sexan necesarias para disciplinar adecuadamente o alcance da colaboración, ademais do reparto de custes. O principio de cooperación entre administracións públicas recóllese, entre outros, no artigo 3 da Lei 30/1992 como principio xeral das Administracións públicas e no artigo 57 da Lei 7/1985 dispón que a cooperación entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común, desenrolárase con carácter voluntario baixo as formas previstas nas Leis e poderán ter lugar mediante os convenios administrativos que subscriban. Daquela o convenio interadministrativo preséntase como un instrumento para acadar a cooperación entre as entidades locais e a Administración autonómica.

De xeito supletorio, e de acordo co disposto no artigo 9 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, son de aplicación os artigos 6 e 8 desta norma para os convenios de colaboración que se subscriban entre a Administración autonómica e as entidades locais.

3ª Contido do convenio

Dada a extensión do documento e as cuestións a considerar, farase un comentario procurando seguir as cláusulas do convenio, todo dentro dos condicionamentos cos que se emite este informe expostos na consideración Previa.

Cláusula 1.- Obxecto

O obxecto do convenio é fixa-las bases de cooperación entre os asinantes para levar a cabo medidas de fomento do transporte de viaxeiros no ámbito metropolitano de Ferrol. Para acadar este obxectivo constitúese, ben que “con efectos meramente funcionais” a chamada área de transporte metropolitano de Ferrol, que abrangue o territorio dos municipios que interveñen no convenio.

O concepto de área de transporte é descoñecido para a normativa sectorial vixente, xa que nin a normativa estatal nin a autonómica a regulan nin a definen, polo que a súa creación por convenio non atopa base legal máis que de xeito indeterminado como forma de coordinación interadministrativa. Por outra banda, esta área créase – así se establece no convenio- a efectos puramente funcionais, sen que neste sentido se defina con previsión en que consisten tales efectos, agás na consideración 8ª final do convenio, na que se especifica que non terá personalidade xurídica, nin implica a constitución de novos órganos administrativos nin se lle atribúen ou delegan competencias propias de cada unha das Administracións asinantes. Daquela, só pódese concluír que a citada área non é máis ca un ámbito territorial no que se aplicarán as medidas previstas no convenio.

O servizo de transporte interurbano de viaxeiros, é en principio unha materia competencia da Xunta de Galicia, xa que, de acordo co artigo 26 da LBRL só os Concellos de municipios de poboación superior ós 50 mil habitantes estarán obrigados a presta-lo servizo de transporte urbano de viaxeiros. A fórmula de creación dunha área funcional sen personalidade propia supón que as administracións que interveñen, de xeito singular a Xunta de Galicia, conservan as súas competencias sobre a materia.

Cláusula 2ª Fomento do transporte público

Os asinantes comprométese a promover-la utilización do transporte público colectivo nos termos previstos no Plan de transporte e de acordo co previsto no anexo técnico do PTM, para o que promoverán dentro das súas competencias a introducción de medidas de

discriminación positiva a favor do transporte colectivo. Estas medidas non están definidas nin tampouco pódense albiscar no convenio, polo que non se pode facer xuízo de valor algún sobre elas neste informe, mais en todo caso cómpre salientar que requirirán un acordo para a súa implantación, polo que será naquel momento no que se poida facer un exame desde un punto de vista xurídico.

Declárase que as administracións que asinen o convenio coñecen e aproban as propostas técnicas contidas no anexo técnico, especialmente os seguintes aspectos:

- A mellora da accesibilidade da rede interurbana entre as redes de transporte público.
- O aumento da cobertura da rede de transporte público.
- Infraestruturas
- A promoción do transporte colectivo de viaxeiros

Respecto do aumento da cobertura do transporte público:

Nesta cláusula acórdase o establecemento de servizo de transportes de viaxeiros baixo dúas modalidades:

1 Servizo de predominante interese municipalización

2 Servizos de interese metropolitano

O incremento da oferta pública do servizo existente precisará a modificación das concesións administrativas do servizo de transporte actualmente existentes, se ben poderanse utilizar outros medios axeitados. Dado que as concesións existentes son titularidade da Xunta de Galicia, esta garante ós Concellos a consideración de interesados nos procedementos administrativos, o que considérase axustado ó disposto na Lei de procedemento administrativo, ademais de respecta-los intereses municipais, na liña do definido polo artigo 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Corresponderá ó órgano competente da Xunta de Galicia a integración deses servizos de interese predominante nas concesións administrativas, e cómpre entender que isto non poderá suceder mentres aquelas concesións non se integren na área funcional que se crea co convenio.

A modificación dos contratos obriga a preve-la obriga de compensar economicamente ó contratista para garanti-lo equilibrio económico das concesións, se ben aquela previsión estará condicionada a que o equilibrio quede alterado de xeito efectivo trala posta en marcha dos novos servizos.

A implantación do servizo suxéitase a un procedemento que prevé a aprobación previa pola comisión de seguimento do convenio das condicións de explotación, o que require o voto favorable da Xunta e dos Concellos afectados.

Os Concellos asinantes asumen neste convenio en relación cos servizos de predominante interese municipal facer fronte a un eventual déficit de explotación destas novas liñas de predominante interese municipal, o que se traduce nunha achega dunha cantidade económica á Xunta de Galicia destinada ó mantemento do equilibrio económico da concesión. Prevé o Convenio reparto entre os Concellos interesados para o caso de servizos que afecten a máis dun municipio. O establecemento dos novos servizos requirirá que se teña adoptado un acordo da comisión de seguimento do convenio, coa conformidade dos Concellos afectados, acordo que implicará a aceptación das obrigas económicas correspondentes.

En relación cos servizos de interese metropolitana, que teñen un inicial carácter experiemetal, de acordarse pola Comisión de seguimento a súa continuidade implicará o incremento da aportación municipal.

En ámbalas dúas modalidades previstas, a Xunta asegúrase de que a posta en funcionamento dos servizos quede condicionada á transferencia por parte do Concello das cantidades correspondentes; tamén obtén a Xunta a consideración destas cantidades como débedas firmes, líquidas e esixibles, e garante o seu cobro por medio de compensacións con cargo ás cantidades que ó Concello correspóndenlle como participación no Fondo de Cooperación Local.

A asunción polos Concellos do déficit de explotación das concesións existentes tradúcese nunha achega económica dos Concellos á Xunta de Galicia, titular das concesións administrativas, para compensa-las cantidades que esta debería abonar ós seus contratistas. Con relación a esta previsión do convenio cómpre recordar que a LCSP dispón que a Administración deberá compensar ó contratista de xeito que se manteña o equilibrio nos supostos económicos que foron considerados como básicos na adxudicación; no eido local o artigo 128 do Decreto do 17/06/1955 enumera a obriga da Administración de mante-lo equilibrio económico financeiro da concesión. Con relación á obriga de reequilibra-la concesión cómpre apunta-las seguintes notas básicas:

- Trátase dunha obriga da Administración que ten carácter excepcional, dado que exceptúa o principio xeral de risco e ventura do contratista, e virá derivada dunha perda do equilibrio económico inicial da concesión a causa dunha modificación do contrato acordada pola Administración (ius variandi), do chamado factum principis ou ben pola concorrencia de circunstancias sobrevidas ou imprevisibles, non incluídas no caso anterior.
- A restauración do equilibrio económico terá formas diferentes de realizarse, segundo a modificación débese ó exercicio do ius variandi ou á concorrencia de causas imprevistas.
- Os efectos da alteración pódense producir en calquera dos dous sentidos da relación contractual, é dicir, poden afectar tanto ó concesionario como á Administración. Daquela, o reequilibrio dunha concesión tanto pode supoñer que a Administración véxase obrigada a acordar ou incrementa-la subvención que outorga ó concesionario como que esta se reduza cando a falta de equilibrio da concesión dane á Administración.
- O carácter excepcional da obriga de reequilibra-la concesión implica que hanse ter acreditadas tódalas circunstancias das que aquela se deriva, dado que aquela obriga non pode agachar déficits de explotación debidos a unha mala xestión do concesionario ou ó risco ordinario na explotación económica. Dito coas verbas utilizadas na STS do 03/07/1987, esta fórmula excepcional non pode converterse un seguro a todo risco para o concesionario que o protexa de calquera eventualidade.

Dito o que antecede, da lectura da cláusula do convenio semella deducirse que a obriga de reequilibra-la concesión procedería dunha modificación do contrato, isto é, do exercicio pola Administración do ius variandi, se ben non se descartan outros mecanismos. Para que poida ter lugar unha restauración do equilibrio económico financeiro da concesión polo exercicio do ius variandi deben concorre-los seguintes requisitos:

- Que se teña producido unha efectiva alteración do equilibrio económico da concesión, non abonda cun simple risco.
- Que o desequilibrio existente non se deba a unha mala ou deficiente xestión do concesionario. O artigo 129.4 do RS, ben que no eido local, recorda que a subvención non

pode revesti-la forma de garantía de rendementos nin outra modalidade que invite a un aumento dos gastos e a unha xestión económica deficiente do concesionario.

- Que a orde da Administración teña consecuencias económicas e implique un aumento dos custos de explotación ou unha diminución da retribución do concesionario.

Obvio é dicir que a entidade obrigada, no seu caso, a reequilibra-los contratos será a Xunta de Galicia, a través do órgano de contratación que proceda. Polo convenio que se pretende aprobar os Concellos asumen voluntariamente o compromiso de achegar á Xunta unhas cantidades económicas, para que esta faga fronte á obriga de reequilibra-lo contrato. A asunción destes compromisos por parte do Concello de Fene pode entenderse dentro da liberdade de pactos que teñen as Administracións, de acordo coa LCSP, se ben cómpre insistir na necesidade de que o Concello dispoña dos medios abondo para determina-la existencia dun desequilibrio efectivo e da concorrencia dos requisitos que as normas esixen para poder entender que ten nacido aquela obriga, antes de que así se resolva por quen proceda. O Concello ha te-la condición de interesado no procedemento administrativo que tramite o órgano de contratación para determina-la existencia ou non dun desequilibrio económico da concesión, de xeito que poida examina-la documentación existente, na que se xustifique a existencia dun desequilibrio concesional, a súa orixe e cuantificación, así como presentar alegacións e, daquela, defende-los seus intereses. E todo antes de que se dicte a resolución que determine a existencia ou non de aquela obriga de reequilibra-la concesión. A condición de interesado no procedemento derívase sen dificultades do artigo 31 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, na que se cualifica como tal ós que teñan dereitos que poidan resultar afectados pola resolución que se dicte. Neste caso é obvio que o os dereitos do Concello veranse afectados por unha resolución que estime a existencia dun desequilibrio na concesión e dispoña a obriga de compensar ó concesionario cunha cantidade de diñeiro.

No Convenio recoñécese ós Concellos a condición de interesados nos procedementos de implantación dos novos servizos, mais non nos de resolución de peticións de restauración do equilibrio económico concesional. Entendemos, en todo caso, que a condición de interesado hase recoñecer ó Concello aínda que nada diga sobre isto o convenio, dado que derívase directamente do disposto na Lei.

Cláusula 3ª Política tarifaria.

Esta cláusula implica o compromiso de asumir obrigas de carácter económico polas administracións conveniadas, obrigas das cales están xustificadas e outras carentes de concreción. Para o caso de que as ditas previsións chegasen a cumprirse suporían a obriga de ampliar as actuais dotacións orzamentarias destinadas á cobertura dos custos do servizo. Así, a modo de exemplo, o convenio proposto establece que o Concello obrigaríase a:

a) Levar a cabo modificacións precisas nos servizos da súa titularidade para o cumprimento das actuacións indicadas no anexo técnico do PTM. Sin que se determinen os custos de tales modificacións.

b) Levar a cabo unha actuación singular de mellora das infraestruturas do transporte metropolitano, custos de mantemento e conservación de infraestruturas, marquesiñas etc...instalación, conservación e mantemento de novas marquesiñas e postes aportadas pola Dirección Xeral de Mobilidade. Tampouco se determinan os custes para o Concello.

c) Colaborar activamente na implantación das plataformas reservadas. Non se define o concepto colaboración activa. Tamén se compromete o Concello a colaborar no fomento do transporte metropolitano limpo, a promover o transporte metropolitano, asumindo determinados compromisos que supoñen custos para o Concello sin que se determinen.

Estos e outros compromisos conlevarán un gasto para o Concello sen que se cuantifique o mesmo.

A Xunta asume o compromiso de formalizar contratos programas cos concesionarios nos que se recolla a nova política tarifaria. Establécese dentro do sistema interurbano unha tarifa mínima para o usuario, e unha bonificación polas administracións sobre calquera usuario que opte polo sistema de pagamentos establecido ó efectos nos servizos prestados nas concesións interurbanas entre dous puntos incluídos dentro do territorio que abranguen os municipios correspondentes ós Concellos que subscriben o convenio.

As administracións repartiránse o custo das bonificacións nas porcentaxes de 80% a Xunta e 20% os Concellos, segundo a utilización real do transporte en cada un deles, de acordo coas normas establecidas no convenio.

As tarifas estarán suxeitas a incrementos aprobados pola Dirección Xeral de Mobilidade. O incremento das tarifas nos vindeiros exercicios incrementa a través de acordos por unanimidade entre a Xunta e os Concellos conveniados.

Establécese un sistema de revisión e reajustes das achegas das administracións supeditadas a acordos da Comisión creada para o efecto.

Cláusula 4ª.- Comisión de seguimento

Créase a comisión de seguimento do cumprimento do convenio integrada polos membros determinados no apartado 1º

A comisión terá como funcións enumeradas no apartado 2 desta cláusula, entre elas as de seguimento da execución do convenio, resolver problemas interpretativos do texto, promoción de estudos, propostas de introducción de bonificacións especiais a colectivos específicos, etc. A periodicidade das reunións será cando menos trimestral, así como cando o soliciten calquera dos membros que reúnan o 25% dos votos ponderados ou o acorde o presidente.

A comisión adoptará os acordos por maioría simple do total de votos ponderados emitidos, con maiorías cualificadas en materias determinadas como a adopción de propostas de integración de novos membros, aprobación de plans de transporte e de compromisos orzamentarios superiores aos previstos.

A ponderación de voto realízase do seguinte xeito:

- Xunta de Galicia: 50% dos votos.
- Concellos: 50% dos votos. A asignación de votos ponderados entre os concellos realízase consonte coa poboación de dereito de cada un deles.

Cláusula 5ª.- Duración

O convenio entrará en vigor ó día seguinte ó da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o 31 de decembro de 2015, se ben prevese nesta cláusula a posibilidade de prórroga do prazo establecido cando concorra unha causa que o xustifique. Ó remate do período indicado poderase prórroga-lo convenio por prazos dun ano se así o acorda a comisión de seguimento por acordo unánime dos seus membros.

Cláusula 7ª.- Réxime xurídico

Esta cláusula exime ó convenio da aplicación da LCSP, por vía do seu artigo 4, se ben este texto pódese aplicar de xeito supletorio para resolve-las dúbidas e lagoas que poidan presentarse.

4ª Competencia para a aprobación do convenio

A última cuestión a analizar é a da competencia para a aprobación da subscrición deste convenio. As cláusulas que o conforman afectan a diversas materias, polo que a análise da competencia para a súa subscrición ha ter en conta diversas cuestións:

- Hai que principiar pola norma xeral que atribúe ó alcalde da Corporación a competencia sobre todas aquelas materias non expresamente atribuídas a outro órgano de goberno do Concello (artigo 21.1.s da LBRL).
- A creación da área de transporte de Ferrol faise con efectos meramente funcionais, como o convenio encárgase de salientar en varias ocasións. Na disposición final resáltase que non implica a creación dun novo órgano administrativo nin a atribución de personalidade xurídica. Daquela, a subscrición do convenio non implica a participación do Concello en organizacións supramunicipais, competencia atribuída ó Pleno da Corporación polo artigo 22.2.b) da LBRL citada.
- Do clausulado do convenio non se deduce tampouco unha delegación de competencias a favor do Concello por parte doutra Administración Pública, que deba ser aceptada por aquel (competencia plenaria atribuída polo artigo 22.2.g) da LBRL) xa que o convenio non establece delegación algunha.
- Os compromisos de asumi-las obrigas económicas para facer fronte ós déficits de explotación das liñas de interese municipal e a compensación a outros contratistas pola captación de tráfico derivada da implantación das novas liñas e de face-las achegas á Xunta de Galicia non quedan comprendidos dentro das limitacións que pola contía establece para a competencia da Alcaldía o artigo 21.1.ñ) da LBRL.
- Do contido da cláusula sobre mecanismos de actuación conxunta para facer efectiva a cooperación non se deducen acordos de execución inmediata, senón máis ben compromisos xenéricos que para a súa concreción requirirán de posteriores acordos, polo que non se pode falar dunha materia que sexa competencia dun ou doutro órgano, senón que haberá que agardar ós acordos correspondentes para determinar a quen lle corresponde a súa adopción.
- A duración do convenio esténdese en principio desde a data da súa sinatura ata o 31/12/2015, coa previsión de prórrogas á que se fixo mención no seu momento. Ó tratarse dun compromiso de duración superior ós catro anos entendo que esta materia compete nun principio ó Pleno da Corporación, por aplicación analóxica do disposto no artigo 22.2.n da LBRL, referido ós contratos e concesións que teñan unha duración superior ós catro anos. Se neste caso o convenio non se pode considerar strictu sensu un contrato, o certo que existen certas similitudes coa figura contractual que permiten aplica-lo precepto citado e deducir daquela a competencia do Pleno para a adopción do acordo.

Por todo o exposto, e á vista do contido do convenio entendemos que o órgano competente para a súa aprobación é o Pleno.

Conclusión:

Infórmase desfavorablemente a proposta da Alcaldía, sobre a base da consideración 1ª e as consideracións de contido económico sinaladas no informe. Non obstante a superior autoridade corporativa decidirá o que estime.

Fene 2 de novembro de 2010

O secretario

A Interventora

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que eles na Comisión se abstiveron, por unha cuestión de organización interna do grupo máis que por outra cousa e di que o BNG vai votar a favor deste Plan, pero o que si lles estraña e queren saber o porque de que non fora o martes á Comisión e figure na orde do día do Pleno, xa que o día vinte e cinco foi á Comisión ordinaria de Organización e isto está dende o dez de marzo no Concello, polo que non entenden que habendo unha Comisión ordinaria tense que levar á extraordinaria do martes, que demostra unha falla total de rigor, cando ademais había demanda do resto dos Concellos da comarca en axilizar este asunto, que non sabe a quen se lle esqueceu, que tamén lles estraña que algo que ía habitualmente á Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial ao final fóra á Comisión Informativa de Organización, que é algo que non entende á vez de que se alegran de que por fin sexa tratado no Pleno e que tamén queren saber de aquelas demandas, que tiñan falado tamén neste Pleno, respecto da parada do centro de saúde e a viaxe do bus á Residencia dende o contorno do centro de saúde e se existe algunha posibilidade para que se fagan, tamén di que queren saber en qué medida se puido negociar algo disto dentro do que é o Plan.

De seguido pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que eles na Comisión votaron a favor e agora tamén van votar a favor, que este asunto está aí dende o mes de marzo e que se remiten as hemerotecas para ver que se dixo que se ía aprobar antes do mes de agosto, incluso cun Pleno extraordinario e que non lles sorprende xa nada que vaia a unha Comisión ou a outra.

De seguido intervén o sr. alcalde que di que efectivamente no mes de marzo a Xunta de Galicia remite a todos os Concellos un borrador do Plan de Transporte, do Convenio, e os Concellos, coa excepción de Fene, Ferrol e Narón, ratifican entre os meses de xuño e xullo, aproximadamente. Que estes tres Concellos, que son os máis grandes e os que teñen que achegar máis cartos, o tiñan pendente de ratificar, que Ferrol o tivo pendente por unha cuestión orzamentaria, igual que Narón máis a negociación de determinados servizos e que no caso concreto de Fene se estivo pendente da aprobación do orzamento e condicionado sobre todo tamén á negociación dos tres puntos a incluír no Plan e á que facía alusión o voceiro do BNG, aprobados por unanimidade neste Pleno. Prosegue dicindo o sr. alcalde que o tema orzamentario quedou resolto coa aprobación do orzamento e o tema da negociación, máis cando, unha das reivindicacións deste Concello é o servizo circular a través da ría de Ferrol, é dicir, que a liña percorra Ferrol, Narón, Neda, Fene e Ponte das Pías, percorrido ao que Narón se opuxo no seu Pleno e na negociación coa Xunta de Galicia, co que había certas dúbidas en como a Xunta ía casar os intereses de Narón coas doutros Concellos máis Fene que si querían esa liña. Di que tamén esixía o servizo ao Arquitecto Marcide, centro de saúde e acceso ao Polígono Industrial e a outras zonas do Concello. Di que o goberno local solicitou unha reunión co Director Xeral de Transportes da Xunta de Galicia e esa reunión tivo lugar nos derradeiros días do mes de setembro ou nos primeiros días do mes de outubro, que nesa reunión formularon esas propostas. Nesa reunión dise que no Convenio, a pesares do acordo de Narón para non facer a liña circular, se recolle e por tanto, tan axiña coma Fene ratifique o acordo iniciará a negociación coas concesionarias do transporte para poder poñelo en marcha, e que serán basicamente tres liñas, a liña circular, pendente de que decidan se ao seu paso por Narón vai a porta pechada ou con calquera outro tipo de medida, para casar cos intereses de Narón, unha liña de conexión co polígono industrial Vilar do Colo que viría dende o polígono industrial de Vidreiro de Pontedeume e que baixaría ao centro de Fene e que tamén están abertos a que este Concello lle propoña a Xunta de Galicia as paradas que debería ter esa liña dentro do Concello. Di que dende o seu punto de vista sería preciso darlle servizo a zonas do Concello que neste momento non o teñen ou favorecer o acceso aos

veciños e veciñas á Casa do Concello ou ao centro de saúde de Fene, que neste tema das paradas concretas hai total dispoñibilidade, en palabras do Director Xeral, para negociarlas e incluílas e que respecto ao Marcide lles dixeron na reunión que dende Ferrol se incrementan as frecuencias ao propio Hospital e de Fene a Ferrol tamén, co que se mellora o servizo, e que o xeito de ampliar un mellor servizo de Fene ao hospital, cousa na que coinciden coa Xunta, sería aproveitando a liña circular de Fene a Ferrol, que en vez de ir polas Pías iría pola Gándara, para facer un intercambio de bus na confluencia da avenida da Gándara coa estrada de Castela e dende alí subir ao Hospital Arquitecto Marcide, evitando o rodeo de ir ao centro de Ferrol para logo ir ao Hospital. Prosegue dicindo que estas tres liñas están contempladas no Convenio e agora lle toca á Xunta de Galicia negociar coas concesionarias a posta en marcha do servizo e co Concello os puntos nos que se concretarán as paradas, que Fene terá a ferramenta do Convenio para poderlle reclamar a Xunta de Galicia que as poña en marcha e que polo tanto o seu grupo votará a favor da aprobación do convenio.

Rematado debate, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

1º.- Prestar aprobación ao Convenio de colaboración entre o Concello de Fene e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia “Para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Ferrol”, así como ao Anexo Técnico de dito convenio.

4º.- Expediente de crédito extraordinario 4/2010.

Logo de ver a Memoria xustificativa da concesión de crédito extraordinario de data 27 de outubro de 2010 que transcrita literalmente di:

“MEMORIA XUSTIFICATIVA DA CONCESION DE CREDITO EXTRAORDINARIO

En cumprimento do preceptuado no artigo 37.2 del Real Decreto 500/90 de 20 de Abril, a Presidencia da Corporación eleva a coñecemento do Concello Pleno a seguinte memoria explicativa.

Necesidade do Crédito extraordinario.

A necesidade de conceder un crédito extraordinario dentro do orzamento deste Concello para 2010, xustifícase nas razóns que se expoñen na providencia de inicio de expediente.

Tendo en conta que o orzamento do exercicio 2010 non contén créditos dispoñibles para a asunción destes gastos.

A imposibilidade de demora-lo gasto a exercicios futuros está xustificada nas razóns expostas na providencia de inicio do expediente.

Carácter do gasto proposto:

O gasto proposto ten carácter específico e determinado por canto atende a fins concretos, que son os de creación dunhas novas partidas con dotación orzamentaria inicialmente non prevista no Orzamento para 2010 e así poder facer fronte ás facturas que se atopan pendentes de recoñecemento extraxudicial de crédito.

Clase de modificación que se propón e partidas ás que afecta.-

Dado que no Orzamento para o exercicio 2010 non existen previsións para acomete-los gastos cuja cobertura se pretende, estaríamos ante una modificación orzamentaria baixo a modalidade de créditos extraordinarios.

A vista do anterior, a Alcaldía propón que se tramite expediente de concesión de créditos extraordinarios conforme ó previsto no artigo 177 do RDL2/2004 e artigo 35 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril. Este tipo de modificación é o que, en principio e a salvo do informe de Intervención ó respecto, se considera máis adecuado.

As aplicacións orzamentarias afectadas polo expediente, son as seguintes:

Aplicación orzamentarias que se crean mediante o crédito extraordinario:

APLIC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE
161/62300	Saneamento, abastecemento de auga. Inversión nova	4164,95
912/22602	Organos de goberno. Publicidade	256,13
342/21200	Instalacións deportivas. Mantemento edificios	283,34
	TOTAL	4704,42

O importe total da modificación proposta ascende á cantidade de CATRO MIL SETECENTOS CATRO CON CORENTA E DOUS EUROS.

Medios de financiación do gasto.-

Proponse que a financiación se realice con cargo ó Remanente líquido de Tesourería para GAStos xerais

O importe total da modificación proposta ascende a 4704,42 €

Fene, a 27 de outubro de 2010

O ALCALDE .

Asdo: Iván Puentes Rivera”

Logo de ver o informe de Intervención de data 27 de outubro de 2010, que literalmente di:

“INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: EXPEDIENTE DE CREDITOS EXTRAORDINARIOS Nº 04/2010.

Emítese o presente informe en cumprimento do exixido polos artigos 177.2 del Texto Refundido de la Ley RHL y 37.3 del RD 500/1990.

Normativa aplicable.

1. Ley Reguladora de las Bases del Régimen Local.
2. Texto Refundido 2/2004 de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.
3. Real Decreto 500/1990 que aprueba el Reglamento Presupuestario.
4. Bases de ejecución do Orzamento municipal para o exercicio 2010.

Consideracións.

1. A pretensión da Alcaldía de tramitar expediente de créditos extrordinarios considerase procedente, toda vez que a causa invocada é congruente co previsto no artigo 177.1 de la Ley

de Haciendas Locales y artículo 35 del Real Decreto 500/90 de 20 de Abril.

2. O Alcalde é órgano competente para ordena-la incoación do expediente, por así telo previsto o artigo 177.1 de la Ley de Haciendas Locales e artigo 37 del Real Decreto 500/90 de 20 de Abril.

3. A documentación existente no expediente é a ordenada no artigo 37, puntos 1 y 2 do referido Real Decreto.

4. Acompañanse ó expediente os certificados e informes de Intervención acreditativos da inexistencia de crédito, co que se cumple co preceptuado no articulo 37.2 letra b.

5. Na Memoria de Alcaldía motivase o carácter específico e concreto dos gastos e afírmase a imposibilidade de demora-los a exercicios futuros .

Sen perxuício das motivacións efectuadas pola Alcaldía, e en tanto que a tramitación do presente expediente responde á necesidade de habilitar crédito para facer fronte a facturas que serán obxecto de recoñecemento extraxudicial de crédito, esta Intervención remítese neste punto ó informe relativo ó recoñecemento extraxudicial de créditos nº 6/2010.

6. Proponse que o crédito extraordinario se financie co remanente líquido de tesourería para gastos xerais, de conformidade co previsto no artigo 36.1 A) do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril.

Procedemento

Para aprobar un expediente de créditos extraordinarios, substanciaráanse os trámites seguintes:

a.-Ordenación da incoación do mesmo polo Sr. Alcalde.

b.-Unha vez formado o expediente, coa documentación e informes precisos, requírese dictamen preceptivo e non vinculante da Comisión de Facenda (art 126.1 Reglamento de Organización y Funcionamiento de las Entidades Locales).

c.-Aprobación inicial polo Pleno conforme ó previsto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Ley de Haciendas Locales e 37.3 do R.D.500/90 de 20 de Abril.

d.-Exposición publica por quince días hábiles, con anuncio no Taboleiro de Edictos e no BOP (Artigo 169 del Texto Refundido de la Ley de Haciendas Locales e artigo 20 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril, por remisión do artigo 177.2 da Lei e artigo 38.2 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril). Se houbera reclamacións, serán resoltas polo propio Pleno no prazo dun mes, e se non as houbera, publicado o anuncio definitivo, entenderase aprobado definitivamente.

e.-Remítirase copia da modificación á Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local e á Dirección General de Coordinación con las Haciendas Territoriales (artigo 150.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo e artigo 20.4 del Real Decreto 500/90 de 20 de Abril).

Conclusions.

Infórmase FAVORABLEMENTE o expediente de créditos extraordinarios nº 04/2010 coas observacións indicadas no apartado 5º de “Consideracións”. Non obstante, a Corporación, con superior criterio, resolverá o que estime procedente.

Fene, a 27 de outubro do 2010
A INTERVENTORA.
Asdo: Marta Roca Naveira”

Logo de ver o informe de Intervención sobre a estabilidade orzamentaria vinculado ao expediente núm. 4/2010 de crédito extraordinario de data 27 de outubro de 2010, que copiado di:

“INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: INFORME SOBRE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA VINCULADO AO EXPEDIENTE NÚM. 4/2010 DE CREDITO EXTRAORDINARIO

Remitido o expediente de suplemento de crédito tramitado co núm. SC3/2010, en cumprimento do artigo 16.2 do Regulamento da Lei de estabilidade orzamentaria, esta Intervención emite o seguinte INFORME:

1.- Normativa de aplicación.

- ⇒ Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais (TRLFL).
- ⇒ Real decreto lexislativo 2/2007, polo que se aproba o texto refundido da lei xeral de estabilidade orzamentaria (LEO).
- ⇒ Real decreto 1463/2007, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais (RLEO).
- ⇒ Acordo do Goberno polo que se fixa o obxectivo de estabilidade orzamentaria do conxunto do sector público e de cada un dos grupos de axentes que o integran para o período 2008-2010 (BOCG Senado de 18 de xuño de 2007).

2.- Cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

O principio de estabilidade orzamentaria defínese no artigo 19.3 da LEO coma a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento dacordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

O obxectivo de estabilidade orzamentaria será proposto polo Ministerio de Economía e Facenda e, previo informe da Comisión Nacional de Administración Local, aprobado polo Goberno. Segundo o acordo publicado o 18 de xuño de 2007 no BOCG, o obxectivo de estabilidade orzamentaria para as entidades locais diferentes ás sinaladas no artigo 111 do TRLFL (entre as que se atopa o Concello de Fene), durante o trienio 2008-2010, identifícase co “déficit cero” (0% do PIB nacional).

As entidades locais deberán aprobar, executar e liquidar os seus orzamentos axustándose ao principio de estabilidade orzamentaria, antes definido. A avaliación deste cumprimento corresponderalle á Intervención local (segundo o artigo 16 do Regulamento de estabilidade orzamentaria). O informe emitirase, de xeito independente, incorporándose aos emitidos con ocasión da aprobación, modificación ou liquidación do orzamento. O Regulamento só se refire aos informes previstos nos artigos 168.4 (aprobación), 177.2 (créditos extraordinarios e suplementos de crédito) e o 191.3 (liquidación) do TRLFL, polo que neste caso é necesario emitir informe específico.

O orzamento en vigor durante o exercicio 2010 aprobouse cumprindo o obxectivo de estabilidade orzamentaria (superávit de 0,00 €).

Finalmente, da liquidación do orzamento do exercicio 2009 resultou un déficit inferior (4,99%) ó máximo autorizado (5,17%) segundo a Circular De la Dirección General de Coordinación Financiera con las Comunidades Autónomas y con las Entidades Locales, del Ministerio de Economía y Hacienda pola que se comunica ás entidades locais o acordo da Comisión Nacional de Administración Local relativo á aplicación flexible da normativa de estabilidade orzamentaria na liquidación do exercicio 2009, polo que, segundo isto, se cumpriría o obxectivo de estabilidade na liquidación do exercicio 2009.

A normativa vixente sobre estabilidade orzamentaria esixe a corrección desta magnitude de conformidade cos criterios do SEC (Sistema Europeo de Cuentas). Non obstante, esta Intervención considera de imposible aplicación os axustes do SEC neste momento, pois o SEC é unha normativa que apoia tódolos seus datos e magnitudes (dereitos recadados, gastos devengados, variacións de saldos, etc.) en sucesos consumados de imposible determinación no momento de aprobación das modificacións orzamentarias. Polo tanto, e sen perxucio doutras posteriores interpretacións e instrucións que se poidan dictar dende a Intervención Xeral da Administración do Estado, a valoración do principio de estabilidade orzamentaria debe de entenderse efectuando unha comparativa entre os capítulos VIII e IX de ingresos cos capítulos VIII e IX de gastos. Así se desprende das definicións de capacidade/necesidade de financiamento contidas no SEC 95, que diferencian a Conta de Capital da Conta Financeira, rexistrando a primeira delas a variación de activos non financeiros e a segunda as variacións dos activos e dos pasivos financeiros. Pois ben, o SEC 95 define o saldo da Conta Financeira (adquisición neta de activos financeiros menos contracción neta de pasivos financeiros), como a capacidade/necesidade de financiamento.

Tendo en conta o anterior, a modificación que agora se propón afectaría, en principio, ós capítulos que son obxecto de cálculo para a determinación da capacidade/necesidade de financiamento, resultando os seguintes datos:

INGRESOS			GASTOS		
Cap	Denominación	Previsión inicial/MPI/previsión definitiva	Cap	Denominación	Créditos iniciais/MC/Créditos definitivos
8	Activos Financieros	60000,00/4704,42/64704,42	8	Activos Financieros	60.000,00/0,00/60000,00
9	Pasivos Financieros	463705,85	9	Pasivos Financieros	469.113,06 (*)
Variac. activos financieros (cap 8G- cap 8I) = - 4704,42			Variac. pasivos financieros (cap 9I –cap 9G)= - 5407,21		
Capacidade/necesidade de financiamento(variación activos–variación pasivos): 702,79					

O concello presenta unha situación de capacidade de financiación nos termos do SEC.

A presente modificación afecta ao capítulos 2 e 4 de gastos e ao capítulo 8 de ingresos (conceptos 870.00: referidos ao remanente de tesourería para gastos xerais). Pese a que, en principio, e formalmente, sería necesaria a realización dun axuste, en aplicación do artigo 21.1 do Regulamento da Lei de estabilidade orzamentaria non se terán en conta os créditos financiados con REmanente Líquido de TESourería

É lóxico non ter que ter en conta aos efectos de estabilidade orzamentaria, este tipo de modificacións, xa que o concepto de RT^aGX (*magnitude que mide a situación de liquidez ou illiquidez do Concello, baixo a hipótese de cobrar a tódolos seus debedores e pagar a tódolos seus acreedores a 31 de decembro do ano liquidado, co productivo destes cobros e dos fondos*

líquidos, basada por tanto, nos recursos propios), nada ten que ver co concepto de estabilidade orzamentaria (situación de equilibrio ou superávit en termos de capacidade de financiamento), xa que a modificación financiada con RT^aGX non require recorre ao endebedamento externo.

O artigo 15 REO establece no seu apartado primeiro que *“Se entenderá cumprido el objetivo de estabilidad cuando los presupuestos iniciales o, en su caso los modificados, y las liquidaciones presupuestarias (...) alcancen, (...) el objetivo individual establecido para cada una de las entidades locales a las que se refiere el artículo 5 (...), sin perjuicio de lo dispuesto, en su caso, en los planes económico-financieros aprobados y en vigor.*

Lo indicado en el párrafo anterior será igualmente aplicable a los supuestos en los que, (...) se considere prorrogado el presupuesto del ejercicio inmediatamente en vigor.

Por outra parte, o artigo 16.2 REO regula a avaliación por parte da intervención local do cumprimento do obxectivo de estabilidade:

“En las restantes entidades locales, la Intervención local elevará al Pleno un informe sobre el cumplimiento del objetivo de estabilidad de la propia entidad local y de sus organismos y entidades dependientes.

El informe se emitirá con carácter independiente y se incorporará a los previstos en los artículos 168.4, 177.2 y 191.3 del texto refundido de la Ley reguladora de las haciendas Locales, referidos, respectivamente, a la aprobación del presupuesto general, a sus modificaciones y a su liquidación.

El interventor local detallará en su informe los cálculos efectuados y los ajustes practicados sobre la base de los datos de los capítulos 1 a 9 de los estados de gastos e ingresos presupuestarios, en términos de Contabilidad Nacional, según el Sistema Europeo de Cuentas Nacionales y Regionales. (...)

Cuando el resultado de la evaluación se de incumplimiento, la entidad local remitirá el informe correspondiente a la Dirección General de Coordinación Financiera con Entidades Locales o al órgano competente de la comunidad autónoma que ejerza la tutela financiera, en el plazo máximo de 15 días hábiles, contados desde el conocimiento del Pleno.”

Indícase que visto os preceptos expostos, extráense as seguintes conclusións:

- O cumprimento da estabilidade orzamentaria debe verificarse nas distintas fases orzamentarias, incluíndo as modificacións orzamentarias.
- No caso concreto dos créditos extraordinarios e suplementos de crédito (artigo 177 TRLFL ao que se refire o artigo 177.2 REO) deberán emitirse informes independentes, que se elevarán ao Pleno na súa tramitación.
- En conclusión, o control sobre o cumprimento da estabilidade orzamentaria deberá realizarse por parte da intervención local, no expediente, que é o presente.

3.- Conclusións.

A presente modificación, a xuízo da que suscribe, non afecta ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

En cumprimento do párrafo 1º do artigo 16.2 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001 de estabilidade orzamentaria para as entidades locais, débese dar traslado deste informe ao Pleno.

Fene, 27 de outubro de 2010.
A interventora,
Asdo.- Marta Roca Naveira”

Logo de ver a proposta da Alcaldía de data 27 de outubro de 2010, que copiada di:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

Proponse á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de concesión de créditos extraordinarios nº 4/2010, e se propoña ó Concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte EXPOSICION DE MOTIVOS.

Na memoria adxunta ó expediente, expoñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Visto os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sometese a esta Comisión a seguinte

PROPOSTA:

1º. Dictaminar favorablemente o expediente nº 04/2010 de Créditos extraordinarios financiados co RLTGX por un importe global de 4704,42 €, conforme ó seguinte detalle:

Aplicacións orzamentarias que se crean mediante o crédito extraordinario:

APLIC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE
161/62300	Saneamento, abastecemento de auga. Inversión nova	4164,95
912/22602	Organos de goberno. Publicidade	256,13
342/21200	Instalacións deportivas. Mantemento edificios	283,34
	TOTAL	4704,42

2º.- Financia-lo expediente nº 4/2010 de crédito extraordinario mediante o Remanente Líquido de Tesourería para GASTos xerais por importe total de 4704,42 euros.

3º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora de las Haciendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións.

Fene, a 27 de outubro de 2010.
O ALCALDE
Asdo.- Iván Puentes Rivera.”

De seguido intervén o sr. alcalde para dicir que os seguintes tres asuntos son os que se corresponden coa aprobación das facturas que van no extraxudicial de facturas aprobadas no

Plan E, unha serie delas por antigüidade e outras por servizos, que están ditaminados favorablemente e que si se está de acordo, propón debatelas conxuntamente.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que a cuestión, para que se entenda, é modificar corenta e catro mil euros para facer o pagamento de facturas do ano pasado, que eles o van votar a favor, xa que entenden que a parte principal se corresponde con proxectos das obras do Plan E do ano dous mil nove, que as obras están feitas, aínda que non lles parece moi razoable estar en novembro aprobando proxectos do ano dous mil nove, que non fala moi ben da xestión e da previsión do goberno, máis tendo en conta que parte deses cartos os financia a Deputación Provincial, e que si as tiveran aprobadas e pagadas hai un ano a Deputación xa tería ingresado os cartos no propio Concello. Di que teñen que facer unha chamada de atención a gran ralentización que hai no Concello, que a isto se lle pode sumar todo o que hai sen pagamento do ano dous mil nove e incluso algo que hai doutros anos e que ascende a un millón de euros, ou máis, polo que roga máis axilidade e que se traian ao Pleno pero non coma se trouxeron o ano pasado, que foron ao Pleno de decembro case sen tempo para as mirar.

De seguido pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que se abstiveron na Comisión e tamén se van abster neste Pleno, que sinxelamente queren lembrar o parágrafo do informe de Intervención relativo á alteración da orde do pagamento.

Seguidamente pide o uso da palabra o voceiro do grupo mixto Manuel Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, di que os traballos están feitos e que hai que pagalos.

A continuación intervén o sr. alcalde que di que do millón de euros que había ao inicio do ano, máis de catrocentos mil foron aprobados no pleno de agosto, que non queda un millón de euros por pagar, que hai facturas que financia a Deputación Provincial da Coruña e, que son as facturas que é preciso aprobar para que a Deputación da Coruña as pague ao Concello e que hai unhas facturas que veñen por réxime de antigüidade e outras que veñen tendo en conta un criterio de solidariedade coas persoas que traballan para o Concello.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que efectivamente hai catrocentos e tantos mil euros aprobados en agosto pero que seguen sen se pagar, que saben que hai provedores que se queixan de que aínda non cobraron, polo que segue a haber un millón de euros pendentes de pagamento ao igual que estas se aprobarán hoxe pero que mañá non van estar pagadas, estarán para o mes, ao mellor, que en relación coa débeda cos provedores o que lles falla é información, que lla pediron todos os grupos e se pediu en Comisión, e que politicamente non se lles facilita e, que no caso deste expediente que é o máis pequeno de todos os aprobados neste ano, é o único no que o BNG tivo información a tempo, que por iso o votan a favor, xa que comparten o criterio de que é imperativo pagar os proxectos para os poder cobrar da Deputación, que en todo caso, falla información e axilidade nos pagamentos e que iso é unha evidencia.

Rematado o debate, a Presidencia somete a votación ordinaria ditame da Comisión Informativa de Facenda de data 2 de novembro de 2010, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Doce (12), (dos sres/as Puentes Rivera, López Rodríguez, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira, Rey Sampayo, Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López e Pico Sanmartín).

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: Cinco (5), (dos sres/as. Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral, Franco Casal e Sánchez Martínez).

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

1º.- Aprobar o expediente nº 04/2010 de Créditos extraordinarios financiados co RLTGX por un importe global de 4704,42 €, conforme ó seguinte detalle:

Aplicacións orzamentarias que se crean mediante o crédito extraordinario:

APLIC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE
161/62300	Saneamento, abastecemento de auga. Inversión nova	4164,95
912/22602	Organos de goberno. Publicidade	256,13
342/21200	Instalacións deportivas. Mantemento edificios	283,34
	TOTAL	4704,42

2º.- Financia-lo expediente nº 4/2010 de crédito extraordinario mediante o Remanente Líquido de Tesourería para GASTos xerais por importe total de 4704,42 euros.

3º.- De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora de las Haciendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º.- O expediente entenderase definitivamente aprobado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións.

5º.- Expediente de suplemento de crédito 6/2010.

Logo de ver a Memoria xustificativa da concesión do suplemento de crédito de data 27 de outubro de 2010, que literalmente di:

“MEMORIA XUSTIFICATIVA DA CONCESION DO SUPLEMENTO DE CREDITO

En cumprimento do preceptuado no artigo 37.2 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril, a Presidencia da Corporación eleva a coñecemento do Concello Pleno a seguinte memoria explicativa.

Necesidade do suplemento de crédito.

A necesidade de conceder un suplemento de crédito dentro do orzamento deste Concello para 2.010 xustifícase nas razóns que se expoñen na providencia de inicio de expediente, en concreto, a necesidade de proceder á aprobación de parte das facturas relativas a honorarios de redacción de proxectos do FEIL 2009 que a 31/12/2009 quedaron pendentes de imputación ó orzamento así como doutras facturas de obras, servicios e suministros.

Neste sentido, cómpre salientar que en tanto os honorarios de redacción de proxectos do FEIL, 2009 se atopan financiados pola Deputación Provincial ó abeiro do Plan complementario do FEIL, 2009, e tendo en conta que se efectuou unha contratación verbal dos citados gastos e que a Deputación esixía unha adxudicación formal dos contratos, para proceder á xustificacion

da subvención é necesario que tódalas facturas estén aprobadas de modo que deste xeito quede acreditado a realización dos servizos.

Carácter do gasto proposto:

Os gastos propostos teñen carácter específico e determinado por canto atenden a fins concretos, que son os de complementar as aplicacións orzamentarias que amparan os gastos correntes pendentes de recoñecemento extraxudicial e para os que non existe crédito adecuado e suficiente no nivel de vinculación xurídica.

En este suposto a urxencia trae causa na necesidade de incrementa-lo crédito debido a que as facturas corresponden ó exercicio 2009 e resulta necesaria a súa aprobación sen mais demora co fin de proceder á xustificación da subvención ante a Deputación e non ocasionar mais perxucios patrimoniais ós restantes provedores afectados.

Clase de modificación que se propón e aplicacións orzamentarias a que afecta.-

A modificación orzamentaria que se propón é, tal e como xa se indicou, un suplemento de créditos de varias partidas, as cales relacionaranse pormenorizadamente na proposta de acordo que esta Alcaldía someterá a dictame da Comisión informativa de Facenda . Son as seguintes:

APLICACIÓN ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
151/22706	Urbanismo. Estudos e traballos técnicos	27877,36
453/21000	Carreteras. Mantemento infraestrutura	1614,24
151/21000	Urbanismo. Mantemento infraestrutura	1223,8
323/22700	Educacion. Servizos limpeza	4076,3
334/22799	Promocion e difusión cultural. Outros servizos	1884,85
241/22103	Fomento do emprego. Combustible	86,6
241/22799	Fomento do emprego. Outros servizos	1722,7
453/21200	Carreteras. Mantemento vehículos	147,04
241/8d/21000	Fomento do emprego. Mantemento infraestrutura	681,04
TOTAL		39313,93

Medios de financiación do gasto.-

Proponse que a financiación se realice con cargo ó Remanente Liquido de Tesourería para gastos Xerais.

O importe total da modificación proposta ascendería á cantidade de 39313,93 euros, coas finalidades apuntadas.

Fene, a 27 de outubro de 2010.

O Alcalde

Asdo.: Iván Puentes Rivera”

Logo de ver o informe de Intervención de data 27 de outubro de 2010, que copiado di:

“INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CREDITOS Nº 6/2010.

Emítase o presente informe en cumprimento do esixido polos artigos 177.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004 e 37.3 do RD 500/1990.

Normativa aplicable.

- a) Ley 7/1985 Reguladora de las Bases del Régimen Local.
- b) Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- c) Real Decreto 500/1990 que aprueba el Reglamento Presupuestario.
- d) Bases de ejecución do Orzamento municipal para o exercicio 2010.

Consideracións.

1. A pretensión da Alcaldía de tramitar expediente de suplemento de créditos fundamentase na causa prevista en el artículo 177.1 do RDL2/2004 e artigo 35 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril.

Acreditase o carácter específico e concreto dos gastos e afirmase a imposibilidade e inconveniencia de demoralos a exercicios futuros.

2. O Sr. Alcalde é órgano competente para ordena-la incoación do expediente, por así telo previsto o artigo 177.1 do RDL2/2004 e artigo 37 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril.

3. A documentación existente no expediente é a ordenada no artigo 37, puntos 1 y 2 do referido Real Decreto.

4. Acompañanse ó expediente os certificados e informes de Intervención acreditativos da insuficiencia de crédito nas bolsas de vinculación xurídicas, e consecuentemente, nas partidas afectadas, co que se cumpre co preceptuado no artigo 37.2 letra b.

5. Proponse que o suplemento de crédito se financie con cargo ó Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais por importe de 39313,93 euros, o cal é legalmente posible por así prevelo expresamente o artigo 36.1 a) do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril.

6. O artigo 37.1 do R.D. 500/1990 indica que os expedientes de suplemento ou crédito extraordinario incoaranse por orden de Alcaldía, pero que a súa tramitación ou incoación efectiva corresponderá ás diferentes unidades administrativas que teñan ó seu cargo a xestión dos créditos ou sexan responsables dos correspondentes programas. A este respecto, manifestar que, como é habitual no Concello, dita incoación (Memoria xustificativa e demais documentación) foi elaborada polos servicios de Intervención e subscribida polo Alcalde, ante a escasa implicación na xestión orzamentaria e na tramitación de expedientes por parte dos diferentes centros ou departamentos administrativos deste Concello.

O Real Decreto citado e o propio RDL2/2004, de 5 de marzo únicamente encomendan á Alcaldía a orde de iniciación ou de incoación do expediente e á Intervención a emisión do preceptivo informe e das certificaciones que procedan sobre a situación orzamentaria das diferentes partidas, sin encargar nin a un nin a outro órgano a incoación ou elaboración material do expediente.

Procedemento

Para aprobar un expediente de suplemento de créditos, substanciaranse os trámites seguintes:

a.-Ordeación da incoación do mesmo polo Sr. Alcalde.

b.-Unha vez formado o expediente, coa documentación e informes precisos, requirese dictame preceptivo e non vinculante da Comisión de Facenda.-art 126.1 Regulamento de Organización, Funcionamiento y Regimen Jurídico de las Entidades Locales.

c.-Aprobación inicial polo Pleno conforme ó previsto no artigo 177.2 do RDL2/2004 e 37.3 do R.D.500/90 de 20 de Abril.

d.-Exposición publica por quince días hábiles, con anuncio no Taboleiro de Edictos e mo BOP (Artículo 169.1 do RDL2/2004 e artigo 20 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril, por remisión do artigo 177.2 do RDL2/2004 e artigo 38.2 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril). Se houbera reclamacións, serán resoltas polo propio Pleno no prazo de un mes y se non as houbera, publicado o anuncio definitivo, entenderase aprobado definitivamente.

e.-Remitirase copia da modificación á Consellería de Xusticia e Interior e á Dirección General de Coordinación con las Haciendas Territoriales (artigo 20.4 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril).

Conclusiones.

Infórmase FAVORABLEMENTE o expediente de suplemento de créditos nº 6/2010. Non obstante, a Corporación con superior criterio resolverá o que estime procedente.

Fene, a 27 de outubro de 2010.

A INTERVENTORA

Asdo.: Marta Roca Naveira .”

Logo de ver o informe de Intervención sobre a estabilidade orzamentaria vinculado ao expediente núm. 6/2010 de suplemento de créditos de data 27 de outubro de 2010, que copiado di:

“INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: INFORME SOBRE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA VINCULADO AO EXPEDIENTE NÚM. 6/2010 DE SUPLEMENTO DE CREDITOS.

Remitido o expediente de suplemento de crédito tramitado co núm. SC6/2010, en cumprimento do artigo 16.2 do Regulamento da Lei de estabilidade orzamentaria, esta Intervención emite o seguinte INFORME:

1.- Normativa de aplicación.

- ⇒ Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais (TRLFL).
- ⇒ Real decreto legislativo 2/2007, polo que se aproba o texto refundido da lei xeral de estabilidade orzamentaria (LEO).
- ⇒ Real decreto 1463/2007, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais (RLEO).
- ⇒ Acordo do Goberno polo que se fixa o obxectivo de estabilidade orzamentaria do conxunto do sector público e de cada un dos grupos de axentes que o integran para o período 2008-2010 (BOCG Senado de 18 de xuño de 2007).

2.- Cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

O principio de estabilidade orzamentaria defínese no artigo 19.3 da LEO coma a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento dacordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

O obxectivo de estabilidade orzamentaria será proposto polo Ministerio de Economía e Facenda e, previo informe da Comisión Nacional de Administración Local, aprobado polo Goberno. Segundo o acordo publicado o 18 de xuño de 2007 no BOCG, o obxectivo de estabilidade orzamentaria para as entidades locais diferentes ás sinaladas no artigo 111 do TRLFL (entre as que se atopa o Concello de Fene), durante o trienio 2008-2010, identifícase co “déficit cero” (0% do PIB nacional).

As entidades locais deberán aprobar, executar e liquidar os seus orzamentos axustándose ao principio de estabilidade orzamentaria, antes definido. A avaliación deste cumprimento corresponderalle á Intervención local (segundo o artigo 16 do Regulamento de estabilidade orzamentaria). O informe emitirase, de xeito independente, incorporándose aos emitidos con ocasión da aprobación, modificación ou liquidación do orzamento. O Regulamento só se refire aos informes previstos nos artigos 168.4 (aprobación), 177.2 (créditos extraordinarios e suplementos de crédito) e o 191.3 (liquidación) do TRLFL, polo que neste caso é necesario emitir informe específico.

O orzamento en vigor durante o exercicio 2010, prorrogado aprobouse cumprindo o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Finalmente, da liquidación do orzamento do exercicio 2009 resultou un déficit inferior (4,99%) ó máximo autorizado (5,17%) segundo a Circular De la Dirección General de Coordinación Financiera con las Comunidades Autónomas y con las Entidades Locales, del Ministerio de Economía y Hacienda pola que se comunica ás entidades locais o acordo da Comisión Nacional de Administración Local relativo á aplicación flexible da normativa de estabilidade orzamentaria na liquidación do exercicio 2009, polo que, segundo isto, se cumpriría o obxectivo de estabilidade na liquidación do exercicio 2009.

A normativa vixente sobre estabilidade orzamentaria esixe a corrección desta magnitude de conformidade cos criterios do SEC (Sistema Europeo de Cuentas). Non obstante, esta Intervención considera de imposible aplicación os axustes do SEC neste momento, pois o SEC é unha normativa que apoia tódolos seus datos e magnitudes (dereitos recadados, gastos devengados, variacións de saldos, etc.) en sucesos consumados de imposible determinación no momento de aprobación das modificacións orzamentarias. Polo tanto, e sen perxucio doutras posteriores interpretacións e instrucións que se poidan dictar dende a Intervención Xeral da Administración do Estado, a valoración do principio de estabilidade orzamentaria debe de entenderse efectuando unha comparativa entre os capítulos VIII e IX de ingresos cos capítulos VIII e IX de gastos. Así se desprende das definicións de capacidade/necesidade de financiamento contidas no SEC 95, que diferencian a Conta de Capital da Conta Financeira, rexistrando a primeira delas a variación de activos non financeiros e a segunda as variacións dos activos e dos pasivos financeiros. Pois ben, o SEC 95 define o saldo da Conta Financeira (adquisición neta de activos financeiros menos contracción neta de pasivos financeiros), como a capacidade/necesidade de financiamento.

Tendo en conta o anterior, a modificación que agora se propón afectaría, en principio, ós capítulos que son obxecto de cálculo para a determinación da capacidade/necesidade de financiamento, resultando os seguintes datos:

INGRESOS			GASTOS		
Cap	Denominación	Previsión	Cap	Denominación	Créditos

		inicial/MPI/previsión definitiva			iniciais/MC/Créditos definitivos
8	Activos Financieros	60000,00/39313,93 /99313,93	8	Activos Financieros	60.000,00/0,00/60000,00
9	Pasivos Financieros	463705,85	9	Pasivos Financieros	469.113,06 (*)
Variac. activos financieros (cap 8G- cap 8I) = - 39313,93			Variac. pasivos financieros (cap 9I –cap 9G)= - 5407,21		
Capacidade/necesidade de financiamento(variación activos–variación pasivos): - 33906,72					

(*)(Non se inclúen para o cálculo dentro dos créditos iniciais o importe da aplicación orzamentaria que reflicte a amortización adicional en aplicación do artigo 14 do RDL8/2010, de 20 de maio (106.141,33 €)).

O concello presenta unha situación de necesidade de financiación nos termos do SEC. Non obstante o anterior, esta necesidade de financiación ven provocada pola tramitación neste exercicio do presente expediente así como doutros expedientes de modificación de crédito financiados con RLTGFA.

A presente modificación afecta ao capítulo 2 de gastos e ao capítulo 8 de ingresos (conceptos 870.00: referidos ao remanente de tesourería para gastos xerais). Pese a que, en principio, e formalmente, sería necesaria a realización dun axuste, en aplicación do artigo 21.1 do Regulamento da Lei de estabilidade orzamentaria non se terán en conta os créditos financiados con REmanente Líquido de TESourería

É lóxico non ter que ter en conta aos efectos de estabilidade orzamentaria, este tipo de modificacións, xa que o concepto de RT^aGX (*magnitude que mide a situación de liquidez ou illiquidez do Concello, baixo a hipótese de cobrar a tódolos seus debedores e pagar a tódolos seus acreedores a 31 de decembro do ano liquidado, co produto destes cobros e dos fondos líquidos, basada por tanto, nos recursos propios*), nada ten que ver co concepto de estabilidade orzamentaria (*situación de equilibrio ou superávit en termos de capacidade de financiamento*), xa que a modificación financiada con RT^aGX non require recorre ao endebedamento externo.

O artigo 15 REO establece no seu apartado primeiro que “*Se entenderá cumprido el objetivo de estabilidad cuando los presupuestos iniciales o, en su caso los modificados, y las liquidaciones presupuestarias (...) alcancen, (...) el objetivo individual establecido para cada una de las entidades locales a las que se refiere el artículo 5 (...), sin perjuicio de lo dispuesto, en su caso, en los planes económico-financieros aprobados y en vigor.*”

Lo indicado en el párrafo anterior será igualmente aplicable a los supuestos en los que, (...) se considere prorrogado el presupuesto del ejercicio inmediatamente en vigor.

Por outra parte, o artigo 16.2 REO regula a avaliación por parte da intervención local do cumprimento do obxectivo de estabilidade:

“En las restantes entidades locales, la Intervención local elevará al Pleno un informe sobre el cumplimiento del objetivo de estabilidad de la propia entidad local y de sus organismos y entidades dependientes.

El informe se emitirá con carácter independiente y se incorporará a los previstos en los artículos 168.4, 177.2 y 191.3 del texto refundido de la Ley reguladora de las haciendas

Locales, referidos, respectivamente, a la aprobación del presupuesto general, a sus modificaciones y a su liquidación.

El interventor local detallará en su informe los cálculos efectuados y los ajustes practicados sobre la base de los datos de los capítulos 1 a 9 de los estados de gastos e ingresos presupuestarios, en términos de Contabilidad Nacional, según el Sistema Europeo de Cuentas Nacionales y Regionales. (...)

Quando el resultado de la evaluación se de incumplimiento, la entidad local remitirá el informe correspondiente a la Dirección General de Coordinación Financiera con Entidades Locales o al órgano competente de la comunidad autónoma que ejerza la tutela financiera, en el plazo máximo de 15 días hábiles, contados desde el conocimiento del Pleno.”

Indícase que visto os preceptos expostos, extráense as seguintes conclusións:

- ⇒ O cumprimento da estabilidade orzamentaria debe verificarse nas distintas fases orzamentarias, incluíndo as modificacións orzamentarias.
- ⇒ No caso concreto dos créditos extraordinarios e suplementos de crédito (artigo 177 TRLFL ao que se refire o artigo 177.2 REO) deberán emitirse informes independentes, que se elevarán ao Pleno na súa tramitación.
- ⇒ En conclusión, o control sobre o cumprimento da estabilidade orzamentaria deberá realizarse por parte da intervención local, no expediente, que é o presente.

3.- Conclusións.

A presente modificación, a xuízo da que suscribe, non afecta ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

En cumprimento do párrafo 1º do artigo 16.2 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001 de estabilidade orzamentaria para as entidades locais, débese dar traslado deste informe ao Pleno.

Fene, 27 de outubro de 2010.

A interventora,
Asdo.- Marta Roca Naveira”

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Facenda de data 2 de novembro de 2010, que transcrito literalmente di:

“Primeiro.- Aproba-lo expediente nº 6/2010 de Suplemento de Créditos por un importe global de 39313,93 €, conforme ó seguinte detalle:

-Aplicacións orzamentarias suplementadas:

APLICACIÓN ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
151/22706	Urbanismo. Estudios e traballos técnicos	27877,36
453/21000	Carreteras. Mantemento infraestrutura	1614,24
151/21000	Urbanismo. Mantemento infraestrutura	1223,8
323/22700	Educacion. Servicios limpeza	4076,3
334/22799	Promocion e difusión cultural. Outros servicios	1884,85
241/22103	Fomento do emprego. Combustible	86,6
241/22799	Fomento do emprego. Outros servicios	1722,7
453/21200	Carreteras. Mantemento vehículos	147,04

APLICACIÓN ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
241/8d/21000	Fomento do emprego. Mantemento infraestrutura	681,04
TOTAL		39313,93

Segundo.- Financia-lo expediente nº 6/2010 de suplementos de créditos mediante o Remanente Líquido de Tesourería para GASTos xerais por importe total de 39313,93 euros.

Terceiro.- De conformidade co establecido no artigo 177.2 do RDL2/2004, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do apartado 1 do presente acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

Cuarto.- O expediente entenderase definitivamente aprobado, e unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións.”

Non habendo debate, a Presidencia somete a votación ordinaria ditame da Comisión Informativa de Facenda de data 2 de novembro de 2010, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Doce (12), (dos sres/as Puentes Rivera, López Rodríguez, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira, Rey Sampayo, Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López e Pico Sanmartín).

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: Cinco (5), (dos sres/as. Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral, Franco Casal e Sánchez Martínez).

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

Primeiro.- Aproba-lo expediente nº 6/2010 de Suplemento de Créditos por un importe global de 39313,93 €, conforme ó seguinte detalle:

-Aplicacións orzamentarias suplementadas:

APLICACIÓN ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
151/22706	Urbanismo. Estudos e traballos técnicos	27877,36
453/21000	Carreteras. Mantemento infraestrutura	1614,24
151/21000	Urbanismo. Mantemento infraestrutura	1223,8
323/22700	Educación. Servicios limpeza	4076,3
334/22799	Promoción e difusión cultural. Outros servicios	1884,85
241/22103	Fomento do emprego. Combustible	86,6
241/22799	Fomento do emprego. Outros servicios	1722,7
453/21200	Carreteras. Mantemento vehículos	147,04
241/8d/21000	Fomento do emprego. Mantemento infraestrutura	681,04
TOTAL		39313,93

Segundo.- Financia-lo expediente nº 6/2010 de suplementos de créditos mediante o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais por importe total de 39313,93 euros.

Terceiro.- De conformidade co establecido no artigo 177.2 do RDL 2/2004, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do apartado 1 do presente acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

Cuarto.- O expediente entenderase definitivamente aprobado, e unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións.

6º.- Expediente de recoñecemento extraxudicial 6/2010.

Logo de ver o informe de Intervención (Reparo 23/2010) de data 27 de outubro de 2010, que literalmente di:

*“DE INTERVENCION
O CONCELLO PLENO*

INFORME DE INTERVENCIÓN (REPARO 23/2010)

ASUNTO: Fiscalización previa preceptiva do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos polo Concello-Pleno nº 6/2010.

LEXISLACIÓN E NORMATIVA APLICABLE BASICA

- (TRLRFL) artigos 163, 173, 215 a 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido Da Lei Reguladora das Fachendas Locais.
- (RD500/1990) artigos 26.2c) e 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o capítulo primeiro do Título Segundo do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.
- (LBRL) artigo 112.1 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime local.
- (TRRL) artigo 23.1 do Real decreto Lei 781/1986 polo que se aproba o Texto Reundido das Disposicións vixentes en materia de Réxime local.
- *Real Decreto 1496/2003* que regula o deber de expedir factura que corresponde ós empresarios e profesionais.
- Bases de execución do orzamento do exercicio 2010.

ANTECEDENTES

Con data de 27 de outubro, a Alcaldía propón a aprobación da relación de facturas co obxecto de proceder ó seu recoñecemento extraxudicial polo Concello-Pleno ó non ser incluídas no orzamento do exercicio económico que lle correspondía. O importe total ascende a 44018,35 €.

A relación de facturas é a que se determina na providencia de inicio do expediente.

INFORME

Primeiro.- Principio de especialidade cuantitativa dos créditos orzamentarios: O artigo 163.5 do TRLRFL e o artigo 25 do RD500/1990 refírense ó principio de especialidade cuantitativa dos créditos orzamentarios no ámbito local. Ditos créditos teñen carácter limitativo e vinculante, por eso non poden adquirirse compromisos de gasto por cuantía superior ó importe dos créditos autorizados no estado de gastos. A infracción do principio orzamentario penalízase

coa nulidade de pleno dereito dos acordos, resolucións e actos administrativos que incurran na mesma.

Segundo.-Principio de anualidade orzamentaria: O artigo 26 do RD 500/90, que transcribe casi literalmente o artigo 163 do TRLRFL, refírese ó principio de especialidade temporal, según o cal con cargo ós créditos do estado de gastos de cada orzamento solo poderán recoñecerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servicios e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Aínda así, aplicaránse ós créditos do orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as seguintes obrigacións:

- As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ós Orzamentos Xerais da Entidade.
- As derivadas de compromisos de gasto debidamente adquiridos en exercicios anteriores, previa incorporación de créditos no suposto establecido no artigo 163.3.
- As obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do RD 500/90. Neste último artigo cítase a figura do recoñecemento extraxudicial de crédito.

Terceiro.-Concepto de recoñecemento extraxudicial de créditos: A xurisprudencia do Tribunal Supremo (Sentencias de 12 de febreiro de 1990, 25 e 8 de outubro de 1986) atenúa o rigor na aplicación dos principios citados ó contrastarlos coa “Teoría do enriquecemento inxusto”, pola que *“no se puede alegar como impedimento en el cumplimiento de la obligación de pago la ausencia de ciertas formalidades.”*

Ademais debemos ter en conta os principios de confianza lexítima e boa fe que deben presidir as relacións entre as Administracións Públicas e os cidadáns. Estes principios, que xa foran recoñecidos pola xurisprudencia contencioso-administrativa, incorporáronse ó dereito positivo na Lei 4/99, que modifica parcialmente a Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Do anterior dedúcese que o nome de *“recoñecemento extraxudicial de crédito”* deriva da posibilidade que teñen as Entidades Locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non seguir o procedemento de adxudicación correspondente, derivan de prestacións de servicios, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizasen, evitando así a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas, que serían estimadas en base á citada teoría do enriquecemento inxusto. De ahí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en canto vense a substituír ós órganos xudiciais.

En todo caso, e aínda cando da interpretación dos artigos 26.2 c) e 60.2 do RD 500/90 pode desprenderse que, previo recoñecemento do Pleno, poden aplicarse ó orzamento vixente gastos realizados en exercicios anteriores, debe entenderse, como xa sinalou a Audiencia de Contas de Canarias, que esta excepción se contempla para convalidar situacións puntuales e irregulares e non como posibilidade regulada, na maior parte dos supostos, para realizar sistemáticamente gastos sin a suficiente consignación orzamentaria, debéndose evitar no posible a utilización desta figura controvertida.

Con igual claridade se manifesta o Consello de Contas de Galicia no informe de fiscalización do Concello de Boqueixón do ano 2000, que tras considerar censurable a utilización recorrente deste mecanismo xeneralizando así un procedemento que a lei prevé como excepcional para a protección de terceiros, sinala que:

“...tal excepcionalidad requiere la tramitación de un expediente para cada caso concreto en el que debería constar un informe o memoria del órgano gestor del gasto en el que se justifique cuáles fueron los motivos que dieron lugar a la realización de gastos sin ajustarse al procedimiento legalmente establecido”

Cuarto.-Enriquecemento inxusto da Administración: A proposta pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecemento inxusto da Administración. No noso dereito, e a falta dun texto legal que consagre dito principio, foi a xurisprudencia a que fixo múltiples aplicacións da idea, que pode por elo considerarse como doutrina xurisprudencial.

Si finalmente se considera que o servizo debe de ser abonado polo concello, danse os requisitos para que prospere dita petición, xa que o concello obtería unha ventaxa patrimonial (servizo executado) e o contratista veríase empobrecido pola ventaxa obtida polo concello e non existiría causa que xustificase a merma patrimonial dos terceiros afectados.

Ademais os retrasos no recoñecemento e abono de obrigas poden dar lugar á reclamación de xuros de demora, co conseguinte perxucio económico para o concello.

Quinto.- Competencia: A base 23ª de BE/10, prorrogado, referida ó recoñecemento extraxudicial dos créditos, dispón que *“2.-O recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderá ó Pleno cando no expediente tramitado ó efecto non se acredite a existencia de crédito disponible suficiente nas partidas orzamentarias de aplicación, todo elo de conformidade con establecido no artigo 60.2 en relación co artigo 26.1 c) do Real Decreto 500/1990.”*

Nas partidas orzamentarias ás que se imputan as facturas que figuran na proposta de Alcaldía non existe crédito disponible para os gastos do exercicio anterior (o crédito habilítase a través do expediente de modificación de crédito), polo que o órgano competente para o recoñecemento extraxudicial de crédito será o Pleno ó amparo do RD500/90 e de conformidade co previsto nas BEO/10.

Tendo en conta que no momento de tramitación do presente expediente o orzamento den vigor é o do 2010 e tal e como se indicara pola Alcaldía na memoria non se consignaron os créditos suficientes para poder facer fronte a eventuais recoñecementos extraxudiciais, en consecuencia, tampouco neste momento pódese considerar que existe crédito adecuado e suficiente nas partidas do mesmo. Non obstante o anterior, e tendo en conta que da liquidación do exercicio 2009 resultou un Remanente Líquido de Tesourería positivo, remanente que segundo o disposto na BEO 51ª.3 do orzamento 2010 debe destinarse a :

“BASE 51ª.- REMANENTES DE TESOURERÍA.

.....

3º O importe do remanente de tesourería dispoñible para o financiamento de gastos xerais destinarase, prioritariamente e pola orde que se indica, ós seguintes fins:

- ⇒ A financiar a achega municipal necesaria para a obrigatoria incorporación dos remanentes de créditos de gasto con financiación afectadas.*
- ⇒ A permitir a incorporación dos remanentes de crédito correspondentes a gastos legalmente comprometidos.*
- ⇒ A financiar a execución no exercicio 2008 dos gastos legalmente comprometidos en exercicios anteriores que non sexan incorporables de acordo coas normas*

orxamentarias de xeral aplicación e que requiran de créditos extraordinarios ou suplementos de crédito.

- ⇒ *A permitir a total imputación orxamentaria dos posibles pagamentos pendentes de aplicación non orxamentarios e dos ingresos que excepcionalmente puidesen figurar no balance a 31 de decembro da conta 413 “Acreedores por operacións pendentes de aplicar ó orzamento”, se non estivesen previstos ou fosen insuficientes os contemplados no orzamento do exercicio 2008. “*

Tendo en conta o anterior, o RLTX dispoñible a esta data deberá ser empregado para financiar expedientes modificativos de crédito que permitan imputar ó orzamento do exercicio os gastos que a 31/12/2009 figuraban pendentes de imputación ó orzamento. En base ó anterior, esta Intervención considera que con carácter previo e simultáneo a este expediente debería tramitarse un expediente de suplemento de crédito/credito extraordinario ante a inexistencia de aplicacións orxamentarias específicas no orzamento. En todo caso, de non tramitarse a modificación de crédito a aprobación dos mesmos sí afectarán á normal execución orxamentaria.

Finalmente, e ante a inexistencia de crédito no orzamento do exercicio 2010, a competencia para a aprobación do expediente lle corresponde ó Pleno da Corporación.

Sexto.- Os documentos presentados reúnen os requisitos esixidos polo artigo 6 do Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Non obstante o anterior, realízanse determinadas observacións no apartado específico do presente informe.

Sétimo.- As facturas/documentos substitutivos están conformadas polos concelleiros responsables o que implica que efectivamente o gasto foi realizado.

Octavo.- Indicar que a relación de facturas cuxo recoñecemento extraxudicial se propón, non respecta o criterio de antigüidade, alterándose polo tanto, o criterio de prelación de pagos.

CONCLUSIÓN.-

A fiscalización desta intervención en relación co presente expediente de recoñecemento extraxudicial 6/10 é de disconformidade con efectos suspensivos polos motivos expostos no apartado de observacións, reiterando, en todo caso, a necesidade de evitar a utilización desta figura controvertida que a lei prevé como excepcional.

En todo caso, advertir da necesidade de que posto que se está a imputar gasto do exercicio anterior ó corrente, deberase efectuar un adecuado control do gasto no exercicio co fin de evitar estas situacións.

Segundo criterio da que suscribe o presente informe, si se acreditase a obriga do concello de facer fronte ós gastos descritos, procedería, dado que non existe crédito no orzamento do presente exercicio para facer fronte ó gasto que se propón, que polo Pleno e baixo a súa responsabilidade, se procedera a recoñecer extraxudicialmente o crédito a favor dos terceiros antes relacionados. Non obstante, deben de poñerse de relevo as consecuencias negativas derivadas da tramitación deste tipo de expedientes, sendo entre outras:

* Xurídicas:

Co incumprimento da legalidade aplicable na realización do gasto público e a posible existencia e esixencia de responsabilidade de diversos tipos (administrativa, civil penal);

debéndose ter especialmente en conta o establecido ó respecto na disposición adicional 5ª da LCAP referida á responsabilidade das autoridades e do persoal ó servicio das Administracións Públicas, artigo no que se dispón que:

“1. La responsabilidad patrimonial de las autoridades y del personal al servicio de las Administraciones Públicas derivados de sus actuaciones en materia de contratación administrativa, tanto por daños causados a particulares como a la propia Administración se exigirá con arreglo a lo dispuesto en el Título X de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común y en el Real Decreto 429/1993, de 26 de mayo, por el que se aprueba el Reglamento de los procedimientos de las Administraciones Públicas en materia de responsabilidad patrimonial.

3. La infracción o aplicación indebida de los preceptos contenidos en la presente Ley por parte del personal al servicio de las Administraciones Públicas, cuando mediare al menos negligencia grave, constituirá falta muy grave cuya responsabilidad disciplinaria se exigirá conforme a la normativa específica en la materia.”

Así mesmo, no artigo 60 do TRRL dispónse que:

“Las autoridades y funcionarios de cualquier orden que, por dolo o culpa o negligencia, adopten resoluciones o realicen actos con infracción de las disposiciones legales, estarán obligados a indemnizar a la Corporación Local los daños y perjuicios que sean consecuencia de aquellos, con independencia de la responsabilidad penal o disciplinaria que les pueda corresponder.”

Con respecto ó indicado, no artigo 78 da LRBRL establécese que:

“1. Los miembros de las Corporaciones locales están sujetos a responsabilidad civil y penal por los actos y omisiones realizados en el ejercicio de su cargo. Las responsabilidades se exigirán ante los tribunales de Justicia competentes y se tramitarán por el procedimiento ordinario aplicable.

2. Son responsables de los acuerdos de las Corporaciones locales los miembros de las mismas que los hubieran votado favorablemente.

2. Las Corporaciones locales podrán exigir la responsabilidad de sus miembros cuando por dolo o culpa grave, hayan causado daños y perjuicios a la Corporación o a terceros, si éstos hubiesen sido indemnizados por aquella.”

No artigo 225.1 do ROF establécese que :

“Las entidades locales podrán instruir expediente, con audiencia del interesado, para declarar la responsabilidad civil de sus autoridades, miembros, funcionarios y dependientes que, por dolo o culpa o negligencia graves, hubieren causado daño y perjuicio a la Administración o a terceros, si éstos hubieran sido indemnizados por aquella.”

Así mesmo deberase ter en conta o establecido nos artigos 140 a 146 da LXO; no artigo 140 da citada Lei establécese que:

“Las autoridades y funcionarios de cualquier orden que por dolo, culpa o negligencia graves adopten resoluciones o realicen actos con infracción de las disposiciones de esta Ley estarán obligados a indemnizar a la Hacienda Pública los daños y perjuicios que sean consecuencia

de aquellos, con independencia de la responsabilidad penal o disciplinaria que les pueda corresponder.”

* Económico-orzamentario:

Derivado de que os gastos corresponden ó exercicio 2009 que teñen a consideración de pechados cos conseguintes quebrantos económicos á facenda municipal, distorsionando o resultado orzamentario real e incidindo negativamente nas previsións orzamentarias, e no equilibrio orzamentario real.

*Comercial:

Así mesmo deberase ter en conta o quebranto económico causado a diversos provedores.

OBSERVACIONES

Fiscalízase desfavorablemente e con efectos suspensivos

1/ Tódalas facturas (Proyfe, SL; Carlos Ardá e Bernardo Anatol, SCP e Felipe Peña Pereda) relativas ós honorarios por redacción de proxectos das obras incluídas no FEIL, 2009 posto que_ tal e como se expuxo por esta Intervención en anteriores informes de fiscalización (informes de reparo 2,3 e 4/2009 relativos á adxudicación de diversos contratos de servizos de redacción de proxectos do FEIL 2009 así como outros informes emitidos no presente exercicio e relativos a contratos verbales de servizos de redacción de proxectos do fondo Estatal, 2010) neste caso, os servizos contratados , aínda que poderían incluírse dentro da modalidade de “*contrato menor*” pola súa contía, en aplicación do establecido na LCSP, sen embargo os contratos menores non son susceptibles de prorroga nin de revisión de prezos. Os conceptos facturados nestes casos foron obxecto de varias contratacións menores ó longo dos exercicios anteriores, polo cal non cabe a contratación directa neste caso, vulnerando os principios que rexen a contratación pública. O expediente está formado unicamente polas facturas conformadas.

-Fiscalízase desfavorablemente e sen efectos suspensivos debido á conveniencia de non reiterar os reparos por un mesmo motivo as seguintes facturas:

1/Facturas de Limpiezas Beatriz Gabeiras, SL por importes de 2717,53 € e 1358,77 € en concepto de s ervizos de limpeza,

2/Factura de Area de Servicio Vilar do Colo, SL por importe de 86,60 € en concepto de suministro de combustible.

Nestes caso danse por reproducidas as consideracións xa efectuadas por esta Intervención en anteriores informes (non calificación de contratos menores destes gastos) de fiscalización.

Por outra banda,e sen que a presente consideración forme parte do control de legalidade que corresponde a esta Intervención, dende unha perspectiva económica e de eficacia e eficiencia, infórmase, pola que asina o presente informe, que sería igualmente beneficioso para o Concello a utilización dos procedementos establecidos na normativa contractual, de cara a alcanzar os obxetivos de *estabilidade orzamentaria e control do gasto*. A conclusión sería que acudir os procedementos establecidos, dende unha perspectiva económico-financieira, suporía unha eficiente utilización dos fondos destinados a realización de obras, a adquisición de bens e a contratación dos servizos mediante a esixencia da definición previa

das necesidades a satisfacer, e salvagada da libre competencia e a selección da oferta económica mais ventaxosa.

Fene, a 27 de outubro de 2010.

A Interventora

Asdo: Marta Roca Naveira”

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Facenda de data 2 de novembro de 2010, que transcrito literalmente di:

“Primeiro.- Levanta-lo reparo nº 23/2010 con efectos suspensivos formulado pola intervención municipal, que consta no informe de data 27 de outubro de 2010, en aplicación do principio de enriquecemento inxusto da Administración.

Segundo.- Aproba-lo recoñecemento extraxudicial das facturas relativas ó expediente de recoñecemento extraxudicial nº 6/2010 por un importe total de 44018,35 €, condicionando, en todo caso, a súa efectividade á aprobación definitiva dos expedientes de suplemento de crédito nº 6/2010 e crédito extraordinario nº 4/2010, de maneira que unha vez que se produza a entrada en vigor dos expedientes modificativos simultaneamente se procederá á realización dos asentos contables relativos á contabilización dos citados gastos.

Terceiro.- Aprobar e ordear-lo pago, da relación de facturas con cargo ás aplicacións orzamentarias de aplicación dacordo co detalle que se adxunta a continuación:

CONCEPTO	IMPORTE	TERCEIRO	APLIC. ORZAM.
Honorarios redacción proxecto tres pistas polideportivas: Limodre, Magalofes e Sillobre	1.035,59 €	Carlos Ardá e Bernardo Anatol, SCP	151/22706
Honorarios redacción proxecto acondicionamento museo humor	11.254,59 €	Felipe Peña Pereda	151/22706
Honorarios redacción proxecto obras rehabilitación praza da Cooperación	1.645,51 €	Proyfe, SL	151/22706
Honorarios redacción proxecto obras de mellora na instalación do alumado público na carretera DP 3501	1.629,96 €	Proyfe, SL	151/22706
Honorarios redacción proxecto instalación alumado público en avda, Pías e Naturais	5.802,67 €	Proyfe, SL	151/22706
Honorarios redacción proxecto sustitución da instalación do alumado público na estrada do peirao de	2.499,28 €	Proyfe, SL	151/22706

CONCEPTO	IMPORTE	TERCEIRO	APLIC. ORZAM.
Maniños			
Honorarios redacción proxecto obras de adaptación parcial do edificio anexo á casa do concello para a policía local	4.009,76 €	Carlos Ardá y Bernardo Anatol, SCP	151/22706
Ampliación de red de abastecemento en Tellería	4164,95	Aquagest. SA	161/62300
Suministro y colocación de hitos	588,13	Begasucegsa	453/21000
Suministro e colocación de bolardos	290,6	Begasucegsa	453/21000
Suministro de papeleira e colocación de papeleira e xardiñeira	410,71	Begasucegsa	453/21000
Obras de derribo de bodega en Sillobre	1223,8	Begasucegsa	151/21000
Servicios de limpeza colexio o Ramo, abril 2009	2717,53	Limpiezas Beatriz Gabeiras, SL	323/22700
Servicios de limpeza de colexio os Casais, maio 2009	1358,77	Limpiezas Beatriz Gabeiras, SL	323/22700
Aluguer equipo son ofrenda floral dia patria galega	236,96	Igmar Servicios Acústicos, SL	334/22799
Inserción anuncio periódico En movimiento	256,13	Novidades en movimiento, SL	912/22602
Suministro combustible vehículo	86,6	Area de Servicio Vilar do Colo, SL	241/22103
Servicios transporte alumnos escola taller	1722,7	Sociedad Transportes Vieiro, SC	241/22799
Servicios de iluminacion de cartpa e colocación de proxectores en aparcamento Limodre	1483,87	José P. Souto Calvete, SLNE	334/22799
Reparación de vestuarios polideportivo Limodre	283,34	José P. Souto Calvete, SLNE	342/21200
Instalación de alargadeira en carpa concello para castelos hinchables	164,02	José P. Souto Calvete, SLNE	334/22799

CONCEPTO	IMPORTE	TERCEIRO	APLIC. ORZAM.
Suministro formigón	324,8	Hijos de José Losada Cancelo, SA	453/21000
Suministro latiguillo reparación vehículo municipal	147,04	Fernández Jove, SA	453/21400
Suministro material obradoiro	307,55	Maderas del Noroeste, SA	241/8d/21000
Suministro material obradoiro	373,49	Maderas del Noroeste, SA	241/8d/21000

”

Non habendo debate, a Presidencia somete a votación ordinaria ditame da Comisión Informativa de Facenda de data 2 de novembro de 2010, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Doce (12), (dos sres/as Puentes Rivera, López Rodríguez, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira, Rey Sampayo, Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López e Pico Sanmartín).

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: Cinco (5), (dos sres/as. Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral, Franco Casal e Sánchez Martínez).

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

Primeiro.- Levanta-lo reparo nº 23/2010 con efectos suspensivos formulado pola intervención municipal, que consta no informe de data 27 de outubro de 2010, en aplicación do principio de enriquecemento inxusto da Administración.

Segundo.- Aproba-lo recoñecemento extraxudicial das facturas relativas ó expediente de recoñecemento extraxudicial nº 6/2010 por un importe total de 44018,35 €, condicionando, en todo caso, a súa efectividade á aprobación definitiva dos expedientes de suplemento de crédito nº 6/2010 e crédito extraordinario nº 4/2010, de maneira que unha vez que se produza a entrada en vigor dos expedientes modificativos simultaneamente se procederá á realización dos asentos contables relativos á contabilización dos citados gastos.

Terceiro.- Aprobar e ordena-lo pago, da relación de facturas con cargo ás aplicacións orzamentarias de aplicación de acordo co detalle que se adxunta a continuación:

CONCEPTO	IMPORTE	TERCEIRO	APLIC. ORZAM.
Honorarios redacción proxecto tres pistas polideportivas: Limodre, Magalofes e Sillobre	1.035,59 €	Carlos Ardá e Bernardo Anatol, SCP	151/22706
Honorarios redacción proxecto acondicionamento	11.254,59 €	Felipe Peña Pereda	151/22706

CONCEPTO	IMPORTE	TERCEIRO	APLIC. ORZAM.
museo humor			
Honorarios redacción proxecto obras rehabilitación praza da Cooperación	1.645,51 €	Proyfe, SL	151/22706
Honorarios redacción proxecto obras de mellora na instalación do alumado público na carretera DP 3501	1.629,96 €	Proyfe, SL	151/22706
Honorarios redacción proxecto instalación alumado público en avda, Pías e Naturais	5.802,67 €	Proyfe, SL	151/22706
Honorarios redacción proxecto sustitución da instalación do alumado público na estrada do peirao de Maniños	2.499,28 €	Proyfe, SL	151/22706
Honorarios redacción proxecto obras de adaptación parcial do edificio anexo á casa do concello para a policía local	4.009,76 €	Carlos Ardá y Bernardo Anatol, SCP	151/22706
Ampliación de red de abastecemento en Tellería	4164,95	Aquagest. SA	161/62300
Suministro y colocación de hitos	588,13	Begasucegsa	453/21000
Suministro e colocación de bolardos	290,6	Begasucegsa	453/21000
Suministro de papeleira e colocación de papeleira e xardiñeira	410,71	Begasucegsa	453/21000
Obras de derribo de bodega en Sillobre	1223,8	Begasucegsa	151/21000
Servicios de limpeza colexio o Ramo, abril 2009	2717,53	Limpiezas Beatriz Gabeiras, SL	323/22700
Servicios de limpeza de colexio os Casais,	1358,77	Limpiezas Beatriz Gabeiras, SL	323/22700

CONCEPTO	IMPORTE	TERCEIRO	APLIC. ORZAM.
maio 2009			
Aluguer equipo son ofrenda floral dia patria galega	236,96	Igmar Servicios Acústicos, SL	334/22799
Inserción anuncio periódico En movemento	256,13	Novidades en movemento, SL	912/22602
Suministro combustible vehículo	86,6	Area de Servicio Vilar do Colo, SL	241/22103
Servicios transporte alumnos escola taller	1722,7	Sociedad Transportes Vieiro, SC	241/22799
Servicios de iluminacion de cartpa e colocación de proxectores en aparcamento Limodre	1483,87	José P. Souto Calvete, SLNE	334/22799
Reparación de vestiaros polideportivo Limodre	283,34	José P. Souto Calvete, SLNE	342/21200
Instalación de alargadeira en carpa concello para castelos hinchables	164,02	José P. Souto Calvete, SLNE	334/22799
Suministro formigón	324,8	Hijos de José Losada Cancelo, SA	453/21000
Suministro latiguillo reparación vehículo municipal	147,04	Fernández Jove, SA	453/21400
Suministro material obradoiro	307,55	Maderas del Noroeste, SA	241/8d/21000
Suministro material obradoiro	373,49	Maderas del Noroeste, SA	241/8d/21000

7º.- Aprobación da ordenanza municipal de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.

Logo de ver o documento "Ordenanza municipal de tráfico", que copiado literalmente di:

"ORDENANZA MUNICIPAL DE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIARIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As entidades locais gozan de autonomía para a xestión dos intereses que lles son propios. A Lei reguladora das bases de réxime local e o seu texto refundido establecen que a ordenación

do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas será competencia das entidades locais, as cales a exercen dentro do límite establecido pola lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

A manifestación desta competencia, en materia de circulación, reflíctese na elaboración dunha ordenanza que regule os aspectos relacionados coa ela dentro do municipio.

O feito da circulación viaria é hoxe en día consubstancial ao ser humano, sendo a actividade que máis se prodiga e a que máis vincula a poboación xa sexa na súa faceta condutora ou meramente peonil, razón pola que require unha lexislación concreta e adecuada ás súas especiais circunstancias.

A capacidade normativa das administracións locais debe enfocarse cara á regulación das facetas específicas que constitúen a idiosincrasia do municipio, atendendo á variedade e pluralidade do seu tecido social, co fin de mellorar a calidade de vida dos seus cidadáns.

Este concello regula mediante a presente ordenanza diversas cuestións en materia de tráfico co fin de exercer as competencias atribuídas aos municipios polo artigo 7 do Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria e normativa concordante e complementar así a lexislación estatal e autonómica neste ámbito.

TÍTULO PRELIMINAR: OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1. Competencia

A presente ordenanza dítase en exercicio das competencias atribuídas aos municipios en materia de ordenación do tráfico de persoas e vehículos nas vías urbanas pola Lei de bases do réxime local e a Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria (en diante LSV).

Naquelas materias non reguladas expresamente nesta ordenanza aplicaranse directa e subsidiariamente os preceptos da LSV e os regulamentos ou outras normas que a desenvolvan ou poidan desenvolvela nun futuro.

Artigo 2. Obxecto

É obxecto da presente ordenanza:

1. A regulación dos usos das vías urbanas e travesías, de acordo coas fórmulas de cooperación ou delegación con outras administracións, facendo compatible a equitativa distribución dos aparcadoiros entre todos os usuarios; compatibilizar a necesaria fluidez do tráfico rodado e co uso peonil das rúas, así como fomentar a seguridade viaria e a prevención de accidentes.
2. O establecemento de medidas de limitación do estacionamento, co fin de garantir a rotación dos aparcadoiros, prestando especial atención ás necesidades das persoas que teñen reducida a súa mobilidade e que utilizan vehículos e favorecer así a súa integración social.
3. Establecer os importes das sancións pecuniarias correspondentes ás distintas infraccións, respectando os límites legais na normativa con rango de lei.

Artigo 3. Ámbito de aplicación

1.As normas contidas nesta ordenanza obrigarán aos titulares e usuarios das vías e terreos públicos urbanos e os interurbanos cuxa competencia fose cedida ao concello, que sexan aptos para a circulación ou que, sen ter tal aptitude, sexan de uso común e, en defecto doutras normas, aos titulares das vías e terreos privados que sexan utilizados por unha colectividade indeterminada de usuarios.

Mediante esta ordenanza regúlase o uso das vías urbanas do termo municipal para a circulación de persoas e vehículos e será de obrigado cumprimento para todos aqueles que fan uso destas.

2. Enténdese por usuarios da vía a peóns, condutores, ciclistas e calquera outra persoa que realice sobre a vía ou a utilice para o desenvolvemento de actividades de natureza diversa, que precisarán para o seu exercicio de autorización municipal.

TÍTULO PRIMEIRO: A CIRCULACIÓN URBANA

CAPÍTULO PRIMEIRO: NORMAS XERAIS

Artigo 4. Usuarios, condutores e titulares de vehículos

1.Os usuarios das vías están obrigados a comportarse de forma que non entorpezan indebidamente a circulación nin causen perigo, prexuízos ou molestias innecesarias ás persoas, ou danos aos bens.

2. Os condutores deben utilizar o vehículo coa dilixencia, precaución e non distracción necesarias para evitar todo dano, propio ou alleo, coidando de non pór en perigo, tanto a si mesmos como os demais ocupantes do vehículo e ao resto de usuarios da vía.

O condutor deberá verificar que as placas de matrícula do vehículo non presentan obstáculos que impidan ou dificulten a súa lectura e identificación.

3. Os titulares e, no seu caso, os arrendatarios dos vehículos teñen o deber de actuar coa máxima dilixencia para evitar os riscos que comporta a súa utilización, manténdoo nas condicións legal e regulamentariamente establecidas, someténdoo aos recoñecementos e inspeccións que correspondan e impedindo que sexan conducidos por quen nunca obtiveran o permiso ou a licenza de condución correspondente.

Artigo 5. Normas de comportamento dos peóns

1. Os peóns transitarán polas beirarrúas, as plataformas ou os paseos, preferentemente pola súa dereita, de forma que non obstrúan ou dificulten a circulación por elas doutros viandantes, gozando sempre de preferencia as persoas de mobilidade reducida. Nas vías urbanas sen beirarrúas ou con beirarrúas que non permitan o paso simultáneo de dúas persoas, pero que estean abertas ao tráfico de vehículos, os peóns han de extremar as precaucións e circular preto das fachadas dos edificios, polo lugar máis afastado do centro da calzada.

2. Os peóns utilizarán os pasos sinalizados para cruzar as calzadas e, nos lugares que carezan destes, farano polos extremos das mazás, perpendicularmente á calzada, asegurándose antes da non proximidade dalgún vehículo.

3. Ao chegar a unha praza ou rotonda, os peóns deberán rodeala, salvo que estea habilitado un paso para cruzala.

4. Nos pasos de peóns regulados por semáforo, os peóns deberán respectar os seus sinais ou fases que lles afecten, así como calquera outro tipo de sinalización específica da vía pública.

5. Os peóns deberán respectar os sinais dos axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico, e seguir as súas indicacións.

Artigo 6. Zonas peonís

1. O concello poderá establecer illas ou zonas peonís nas que, como norma xeral, será prioritaria a circulación de peóns, e restrinxirase total ou parcialmente a circulación e o estacionamento de vehículos excepto nas zonas especialmente autorizadas.

2. As illas ou zonas peonís disporán da sinalización correspondente á entrada e á saída. Nos sinais indicaranse as limitacións e os horarios, se procede, sen prexuízo de que se poidan utilizar outros elementos móbiles ou telemáticos que impidan a entrada e a circulación de vehículos na rúa ou zona afectada.

3. A prohibición de circulación e de estacionamento nas illas ou zonas peonís poderá establecerse con carácter permanente ou referirse unicamente a unhas determinadas horas do día ou a uns determinados días, e poderá afectar a todas ou só algunhas das vías da zona delimitada.

4. As limitacións de circulación e de estacionamento que se establezan nas illas ou zonas peonís non afectarán os seguintes vehículos:

- a. Os do servizo de prevención e extinción de incendios, dos Corpos e Forzas de Seguridade, ambulancias e transporte sanitario e a aqueles outros vehículos de servizos públicos de limpeza, reparación ou similares, para a prestación do servizo correspondente.
- b. Os que trasladen enfermos ou persoas discapacitadas con domicilio ou atención dentro da área.
- c. Os que accedan ou saian de garaxes e estacionamentos autorizados, durante o horario que fixe a licenza correspondente.
- d. Os vehículos comerciais ou industriais terán acceso durante o tempo imprescindible para cargar ou descargar, dentro do horario establecido. As tarefas de carga e descarga realizaranse nos espazos indicados para o efecto.
- e. Os vehículos destinados a operacións de mudanzas de mobles e aparellos terán acceso á zona e permiso para estacionar nas condicións e horarios establecidos, para cada caso, na autorización municipal correspondente, segundo dispón o artigo 38.4 desta ordenanza.
- f. Os vehículos destinados ao transporte escolar, nos itinerarios e paradas fixados para o efecto pola autoridade municipal, de conformidade co establecido no artigo 24 desta ordenanza.

5. O concello poderá ordenar a utilización de distintivos para identificar os vehículos autorizados a circular nas zonas restrinxidas, que deberán colocarse en lugar visible, preferentemente no parabrisas.

Artigo 7. Zonas de prioridade investida e regulación de tráfico en circunstancias especiais

1. A Administración municipal poderá establecer zonas nas cales as condicións de circulación de vehículos queden restrinxidas a favor da circulación e uso da calzada por parte dos peóns.

2. Cando circunstancias especiais así o requiran, a Autoridade municipal, por medio da Policía local, poderá tomar as medidas que sexan oportunas para a adecuada regulación do tráfico, tales como:

- a) A restrición ou prohibición da circulación de vehículos en xeral ou dunha categoría en particular por determinadas zonas de poboación.
- b) A canalización do tráfico por determinadas vías.
- c) A reordenación, restrición ou prohibición da parada ou o estacionamento en determinadas vías.

Artigo 8. Control do vehículo e outras obrigacións do condutor

1. Os condutores deberán estar en todo momento en condicións de controlar os seus vehículos ou animais. Ao aproximarse a outros usuarios da vía, deberán adoptar as precaucións necesarias para a súa seguridade, especialmente cando se trate de nenos, anciáns, invidentes ou outras persoas manifestamente impedidas.

2. O condutor dun vehículo está obrigado a manter a súa propia liberdade de movementos, o campo necesario de visión e a atención permanente á conducción, que garantan a súa propia seguridade, a do resto dos ocupantes do vehículo e a dos demais usuarios da vía. Para estes efectos, deberá coidar especialmente de manter a posición adecuada e que a manteña o resto dos pasaxeiros e a adecuada colocación dos obxectos ou animais transportados, de forma que non haxa interferencia entre o condutor e calquera deles.

3. Considérase incompatible coa obrigatoria atención permanente á conducción o uso polo condutor, co vehículo en movemento, de dispositivos tales como pantallas con acceso a internet, monitores de televisión e reprodutores de vídeo ou DVD. Exceptúanse, para estes efectos, o uso de monitores que estean á vista do condutor e cuxa utilización sexa necesaria para a visión de acceso ou baixada de pasaxeiros ou para a visión en vehículos con cámara de manobras traseiras, así como o uso de dispositivo GPS.

4. Queda prohibido conducir e utilizar cascos ou auriculares conectados a aparellos receptores ou reprodutores de son, así como outros dispositivos que diminúan a obrigatoria atención permanente á conducción, excepto durante o correspondente ensino e a realización das probas de aptitude en circuíto aberto para a obtención do permiso de conducción de motocicletas de dúas rodas, cando así o esixa o Regulamento Xeral de Condutores.

5. Prohíbese, durante a conducción, a utilización de dispositivos de telefonía móbil, navegadores e calquera outro medio ou sistema de comunicación, excepto cando o desenvolvemento da comunicación teña lugar sen empregar as mans nin usar cascos, auriculares, ou instrumentos similares.

Quedan exentos da devandita prohibición os axentes da autoridade, os condutores de vehículos especiais e de acompañamento destes, de furgóns de transporte de fondos e de escolta debidamente acreditados, no exercicio das funcións que teñan encomendadas.

6. Prohíbese conducir vehículos que teñan instalados inhibidores de radar ou calquera outros mecanismos encamiñados a interferir no correcto funcionamento dos sistemas de vixilancia do tráfico.

7. Prohíbese levar abertas as portas do vehículo, abrílas antes da súa completa inmovilización e abrílas ou aperse deste sen asegurarse previamente de que iso non implica perigo ou entorpecemento para outros usuarios, especialmente cando se refire a condutores de bicicletas.

8. Queda prohibido circular con menores de doce anos situados nos asentos dianteiros do vehículo salvo que utilicen dispositivos homologados para o efecto. Así mesmo, queda prohibido circular con menores de doce anos como pasaxeiros de ciclomotores ou motocicletas con ou sen sidecar, por calquera clase de vía. Excepcionalmente permíttese esta circulación a partir dos sete anos, sempre que os condutores sexan os pais ou as nais, titores ou persoa maior de idade autorizada por eles, utilicen casco homologado e se cumpran as condicións específicas de seguridade establecidas regulamentariamente.

Artigo 9. Circulación de motocicletas e ciclomotores

As motocicletas e os ciclomotores non poden circular polas beirarrúas, plataformas, paseos nin carril bici.

Artigo 10. Circulación de bicicletas

1. As bicicletas deberán estar dotadas dos elementos reflectores debidamente homologados que regulamentariamente se determinen e que deberán posuír estes vehículos conforme a dita normativa. Cando sexa obrigatorio o uso de iluminación, os condutores de bicicletas deberán, ademais, levar colocada algunha peza reflectora, se circulan por vía interurbana.

2. As bicicletas circularán polos carrís especialmente reservados, respectando a preferencia de paso dos peóns que os crucen. De circular pola calzada por non haber viario reservado, efectuarano preferiblemente polo carril da dereita, salvo que teñan que realizar un xiro próximo á esquerda.

3. Excepto en momentos de aglomeración, as bicicletas, poderán circular polos parques públicos, as zonas peonís, os paseos, as beirarrúas suficientemente amplas e as zonas de prioridade investida sen carril bici, nas seguintes condicións:

1. Respetarán a preferencia dos peóns.
2. Adecuasen a velocidade á dos peóns sen superar o 10 Km/h.
3. Absteranse de zigzaguar ou realizar calquera outra manobra que poida afectar á seguridade dos peóns.

4. Cando os ciclistas circulen en grupo polas vías urbanas deberán respectar individualmente a sinalización semaforica que lles afecte.

5. As bicicletas non poderán circular por vías urbanas nas que se permita unha velocidade superior ao 50 Km/h e carezan de beiravía.

Artigo 11. Velocidade dos vehículos que circulen por núcleo urbano

1. O límite máximo autorizado de velocidade a que poderán circular os vehículos por vías urbanas será de 30, 40 ou 50 Km/h *segundo a sinalización viaria*, salvo para os vehículos que transporten mercadorías perigosas, que circularán como máximo a 30 km/h, sen prexuízo de que a autoridade municipal, vistas as súas características peculiares, poida establecer en certas vías e/ou zonas límites inferiores ou superiores.

Nas zonas peonís, en rúas dun só carril ou de gran aglomeración de persoas, os vehículos non poderán exceder a velocidade de 30 Km/h.

2. Todo condutor estará obrigado a respectar os límites de velocidade establecidos. Co fin de adecuar a velocidade do vehículo de maneira que sempre poida deter a marcha deste dentro dos límites do seu campo de visión e ante calquera obstáculo, deberá ter en conta, ademais:

1. As propias condicións físicas e psíquicas.
2. As características e estado da vía, do vehículo e da súa carga.
3. As condicións meteorolóxicas, ambientais e de circulación.
4. En xeral, todas aquelas circunstancias en cada momento concorrentes.

3. Poderase circular por baixo dos límites mínimos de velocidade nos casos de transportes e vehículos especiais, ou cando as circunstancias do tráfico impidan o mantemento dunha velocidade superior á mínima sen risco para a circulación, así como nos supostos de protección ou acompañamento a outros vehículos, nas condicións que regulamentariamente se establezan.

Artigo 12. Actividades que afecten á seguridade da circulación

1. A realización de obras, instalacións, colocación de colectores, mobiliario urbano ou calquera outro elemento ou obxecto de forma permanente ou provisional nas vías obxecto desta ordenanza necesitará a previa autorización municipal e rexeranse polo disposto nesta norma e nas leis de aplicación xeral. As mesmas normas serán aplicables á interrupción das obras, en razón das circunstancias ou características especiais do tráfico que poderá levar a efecto a pedimento da autoridade municipal.
2. Prohíbese arroxar, depositar ou abandonar sobre a vía substancias ou materiais que poidan entorpecer a libre circulación, parada ou estacionamento, facelo perigoso ou deteriorar aquela ou as súas instalacións, ou producir nela ou nas súas inmediacións efectos que modifiquen as condicións apropiadas para circular, parar ou estacionar. Así mesmo, prohíbese arroxar á vía ou nas súas inmediacións calquera obxecto que poida dar lugar á produción de incendios, ou accidentes ou que obstaculicen a libre circulación.

Os vehículos, especialmente cando se incorporen á vía pública procedentes de obras, desterres ou leiras de labranza adoptarán as medidas necesarias para manter as vías limpas de terra, barro ou outros materiais, obxectos e aparellos.

3. Quen creara sobre a vía algún obstáculo ou perigo deberán facelo desaparecer canto antes, adoptando namentres as medidas necesarias para que poida ser advertido aos demais usuarios e para que non se dificulte a circulación.
4. Prohíbese ocupar unha vía de dominio público por causa de actividades ou instalacións sen autorización municipal.
5. Prohíbese expresamente a limpeza, lavado ou reparación de vehículos na vía pública.

Artigo 13. Emisión de perturbacións e contaminantes

1. Non poderán circular polas vías obxecto desta ordenanza os vehículos con niveis de emisión de ruído superiores aos regulamentariamente establecidos; así como tampouco emitindo gases ou fumes en valores superiores aos límites establecidos e nos supostos de ser obxecto dunha reforma de importancia non autorizada.

Todos os condutores de vehículos quedan obrigados a colaborar nas probas regulamentarias de detección que permitan comprobar as posibles deficiencias e reformas indicadas.

2. Tanto nas vías públicas urbanas como nas interurbanas prohíbese a circulación de vehículos a motor e ciclomotores co chamado escape libre, sen o preceptivo silenciador das explosións.

Prohíbese, así mesmo, a circulación dos vehículos mencionados cando os gases expulsados polos motores, en lugar de atravesar un silenciador eficaz, saian desde o motor a través dun incompleto, inadecuado, deteriorado ou a través de tubos resoadores e a dos de motor de combustión interna que circulen sen estar dotados dun dispositivo que evite a proxección descendente ao exterior de combustible non queimado ou lancen fumes que poidan dificultar a visibilidade aos condutores doutros vehículos ou resulten nocivos.

Os axentes da autoridade poderán inmovilizar o vehículo no caso de que supere os niveis de gases, fumes e ruídos permitidos regulamentariamente, segundo o tipo de vehículo, conforme o artigo 84.1 h) do texto articulado da LSV.

3. Queda prohibida a emisión dos contaminantes a que se refire o apartado 1 producida por vehículos a motor por riba das limitacións dispostas nas normas reguladoras dos vehículos.

4. Igualmente queda prohibida a dita emisión por outros focos emisores de contaminantes distintos dos producidos por vehículos a motor, calquera que fose a súa natureza, por riba dos niveis que o goberno estableza con carácter xeral.

Quedan prohibidos, en concreto, os vertedoiros de lixos e residuos dentro da zona de afección das estradas, en todo caso, e fóra dela cando exista perigo de que o fume producido pola incineración dos lixos ou incendios ocasionais poida alcanzar a estrada.

CAPÍTULO SEGUNDO: SINALIZACIÓN

Artigo 14. Sinalización

1. A sinalización das vías urbanas correspóndelle á autoridade municipal. A Alcaldía ou o Concellería delegada ordenarán a colocación, retirada e substitución dos sinais que en cada caso proceda, así como a autorización de sinais temporais por motivo de obras ou outras circunstancias.

2. Todos os usuarios das vías obxecto desta ordenanza estarán obrigados a obedecer os sinais da circulación que establezan unha obriga ou unha prohibición e a adaptar o seu comportamento á mensaxe do resto dos sinais regulamentarios que se atopen nas vías polas que circulen.

Para estes efectos, cando o sinal impoña unha obriga de detención, non poderá renovar a súa marcha o condutor do vehículo así detido ata cumprir a finalidade que o sinal establece.

Artigo 15. Alteración

1. A instalación, retirada, traslado ou modificación da sinalización requirirá a previa autorización municipal. A autorización determinará a localización, modelo e dimensións dos sinais que se han implantar.

2. Prohíbese modificar o contido dos sinais ou colocar sobre eles ou á beira destes, placas, carteis, marquesiñas, anuncios, marcas ou outros obxectos que poidan inducir a confusión, reducir a súa visibilidade ou eficacia, cegar os usuarios da vía ou distraer a súa atención.

3. O concello retirará inmediatamente de toda aquela sinalización que non estea debidamente autorizada ou non cumpra as normas en vigor, e isto tanto no concernente aos sinais non regulamentarios coma se é incorrecta a forma, colocación ou deseño do sinal.

Artigo 16. Sinalización de entradas

1. Os sinais de tráfico preceptivos instalados nas entradas dos núcleos de poboación, rexerán para todo o núcleo, salvo sinalización específica para un tramo de rúa ou zona.
2. Os sinais instalados nas entradas das zonas peonís e demais áreas de circulación restrinxida ou de estacionamento limitado, rexen en xeral para a totalidade do viario interior do perímetro.

Artigo 17. Orde de prioridade

1. A orde de prioridade entre os distintos tipos de sinais é o seguinte:
 1. Sinais e ordes dos axentes encargados da vixilancia do tráfico.
 2. Sinalización circunstancial que modifique o réxime de utilización normal da vía pública.
 3. Semáforos.
 4. Sinais verticais de circulación.
 5. Marcas viarias.
2. No caso de que as prescricións indicadas por diferentes sinais parezan estar en contradición entre si, prevalecerá a prioritaria, segundo a orde a que se refire o apartado anterior, ou a máis restritiva se se tratar de sinais do mesmo tipo.

Artigo 18. Modificación temporal

A autoridade municipal, en casos de emerxencia ou ben pola celebración de actos deportivos, culturais ou de calquera outra natureza, susceptibles de producir grandes concentracións de persoas ou vehículos, poderá modificar temporalmente a ordenación do tráfico existente e adoptar, no seu caso, todas as medidas preventivas necesarias para garantir a seguridade das persoas e vehículos e unha maior fluidez na circulación.

CAPÍTULO TERCEIRO: A PARADA E O ESTACIONAMENTO

Sección 1ª. A parada

Artigo 19. Parada

Enténdese por parada toda inmovilización dun vehículo durante un tempo inferior a dous minutos, sen que o condutor poida abandonalo.

Non se considerará parada a detención accidental ou momentánea por necesidade da circulación nin a ordenada polos axentes da Policía local ou por circunstancias de urxencia que sexan imprevisibles e inaprazables.

Artigo 20. Lugar de parada

1. A parada deberá efectuarse de tal maneira que o vehículo non obstaculice a circulación nin constitúa un risco para o resto dos usuarios da vía, coidando especialmente a súa colocación.

Visto o proxecto de ordenanza municipal de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, e conforme ás atribucións conferidas polo artigo 4 do RD 1174/1987, de 18 de decembro, a que suscribe ten a ben informar o seguinte:

Antecedentes

- Proposta da xefatura da Policía Local de 08/06/2010, adxuntando texto de ordenanza de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.
- Providencia da Alcaldía de 22/06/2010.
- Texto modificado da ordenanza de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.
- Nova proposta formulada pola Xefatura accidental da Policía local de 27/10/2010 de aprobación da ordenanza de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.

Normativa

- RDL 2/2004, de 5 de marzo.
 - Ley 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.
 - RDL 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico , circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.
- Demais normativa que resulte de aplicación.

Informe

En primeiro termo, esta Intervención quere deixar constancia do escaso tempo hábil con que conta a informante para a emisión do presente informe polo que as presentes consideracións poderán ser ulteriormente ampliadas e/ou matizadas.

Primeiro.- Competencias. Vista a normativa (LBRL e RDL 339/1990) o municipio ostenta competencias en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguridade vial.

Segundo.- Consta no expediente informe da Xefatura da Policía local de 27/10/2010 no que se indica, entre outros, que a proposta de ordenanza que se somete a aprobación axústase á normativa que resulta de aplicación.

Terceiro.- Procedemento de aprobación O procedemento de aprobación da ordenanza é o establecido no artigo 49 da LBRL: aprobación inicial polo Pleno da Corporación, información pública e audiencia ós interesados polo prazo mínimo de trinta días hábiles para presentación de reclamacións e suxerencias, resolución das reclamacións (se has houbera) polo Pleno e aprobación definitiva con publicación do texto íntegro no BOP e taboleiro de edictos nos termos establecidos polo art.70.2 LBRL

Cuarto.- Competencia. A competencia correspóndelle ó Pleno da Corporación (art. 2.2 d) LBRL) por maioría simple.

Conclusión

Esta Intervención, coa salvidade indicada con carácter previo, informa favorablemente a proposta de Ordenanza municipal de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.

Fene, a 28 de outubro de 2010.

A INTERVENTORA

Asdo.- Marta Roca Naveira”

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 2 de novembro de 2010.

“A aprobación inicial da ordenanza municipal de tráfico, vehículos a motor e seguridade vial.”

Logo de ver a proposta da Alcaldía de data 2 de novembro de 2010, que transcrita literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de ver o expediente tramitado ós efectos no que, entre outra documentación consta:

1º Proposta da Xefatura da Policía Local de Fene, de 8 de xuño de 2010, que incorpora texto de ordenanza de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.

2º Providencia da Alcaldía de 22 de xuño de 2010.

3º Texto modificado da ordenanza de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.

4º Informe-proposta de aprobación da nova ordenanza municipal de tráfico e derogación da que está en vigor, da Xefatura accidental da Policía local de Fene de 27 de outubro de 2010.

5º Informe da Secretaría do Concello do 26 de outubro.

6º Informe da Intervención do Concello do 28 de outubro.

7º Ditame da Comisión informativa correspondente consistente en que o Pleno acorde: "A aprobación inicial da ordenanza municipal de tráfico, vehículos a motor e seguridade vial."

Proponse que o Peno da Corporación adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a ordenanza municipal de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do anuncio do presente acordo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expoñer as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO. Considerar definitivamente adoptado o acordo, no suposto de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado.

Fene 2 de novembro de 2010

O alcalde

Iván Puentes Rivera”

Non habendo debate, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

1º Aprobar inicialmente a ordenanza municipal de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.

2º Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do anuncio do presente acordo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expoñer as reclamacións que estimen oportunas.

3º Considerar definitivamente adoptado o acordo, no suposto de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado.

8º.- Moción do grupo municipal do BNG relativo ao Decreto do carbón.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido da lectura da moción, que transcrita literalmente di:

“Manuel Polo Gundín, portavoz do Bloque Nacionalista Galego no concello de Fene presenta ao abeiro da lexislación vixente a seguinte Moción;

Relativa ao decreto do Carbón

1.- O Pleno do concello de Fene acorda manifestar a súa adhesión á Plataforma contra do Decreto do Carbón, asumindo os seus obxectivos, nomeadamente:

- a) Solicitud de entrevista co Ministro de Industria.
- b) Proposta de modificación do Decreto do Carbón:

O cupo asignado politicamente ao carbón español (estímase un 9 % da produción eléctrica anual), deberá ser repartido entre todas as tecnoloxías do sector eléctrico en proporción directa a súa contribución. É dicir, non só incidirán no carbón importado e tamén en menor medida, nos ciclos combinados de gas, senón que tamén afectará ao resto de tecnoloxías: hidráulica, nuclear, renovábeis, coxeración, etc.

2.- O concello de Fene manifesta o seu apoio ás accións convocadas pola Plataforma contra o decreto do carbón, comprometéndose á maior difusión das mesmas a través de bandos, anuncios, programas na radio municipal e outras que podan favorecer a participación das veciñas e veciños que así o desexen.

En Fene a 28 de Outubro de 2010.

Asdo.-

Manuel Polo Gundín”

Continúa o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín dicindo que o BNG solicitou un Pleno extraordinario coa idea de que o Pleno do Concello de Fene se posicionase en contra do Decreto do carbón, manifestamente lesivo para os intereses dos traballadores e traballadoras desta comarca, que xa que foi imposible que ese Pleno se convocase coa antelación suficiente que ao seu grupo lle houbera gustado, eles preferiron que se tratase no

Pleno ordinario. Di que se trata dunha moción moi sinxela, que os seus antecedentes son por todos coñecidos, que é un Decreto que deixa sen capacidade de manobra e sen capacidade de producir ás centrais eléctricas de Endesa As Pontes e de Fenosa Gas Natural de Meirama e os seus ciclos combinados, tanto das Pontes coma o de Sabou en Arteixo, que son catro elementos de produción que se van ver gravemente afectados, polo que o seu grupo pide dúas cuestións, primeiro que o Pleno do Concello de Fene manifeste a súa adhesión á Plataforma do Decreto do carbón asumindo os seus obxectivos que son dous, un a solicitude de entrevista co Ministerio de Industria da propia Plataforma e a proposta de modificación do Decreto do carbón, que debe ir na liña do reparto para que entre todas as tecnoloxías do sector eléctrico que teñen capacidade produtiva se distribúa a baixada e a inclusión do carbón autóctono e a baixada se reparta solidariamente e que non se lle impute as dúas centrais galegas, a dous Concellos moi en concreto, se non que se faga un reparto, que o carbón ten unha produción eléctrica do nove por cento anual, e non sería un reparto lesivo si se distribúe entre a produción nuclear, eólica, fotovoltaica, coxeneración, hidráulica, é dicir, si se fai unha distribución razoable e racional entre todas os xeitos de produción de enerxía eléctrica do Estado, que por iso eles non comparten o Decreto do carbón e por iso piden que se modifique nese sentido. En segundo lugar solicitan que o Concello de Fene manifeste o seu apoio a todas as accións convocadas pola Plataforma contra do Decreto do carbón, comprometéndose á maior difusión das mesmas accións a través de bandos, anuncios na radio municipal e outras que poida favorecer a participación dos veciños e veciñas.

De seguido pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que van votar a favor da urxencia xa que foi pedido un Pleno extraordinario que teríase que ter convocado antes da manifestación que houbo en Ferrol, que cren que todo o que se faga por tratar de frear o Decreto son poucas.

Seguidamente pide o uso da palabra o voceiro do grupo mixto Manuel Sánchez Martínez quen, unha vez concedido di que o que semella que se está a facer un uso partidista do decreto polo que solicita que se retire esta moción mentres que non se resolva esta situación.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que non están de acordo en retirar a moción, xa que unha cousa é a parte xurídica ou dos tribunais, que pode ser unha e outra cousa é a necesidade obxectiva de que a sociedade, os Concellos, os sindicatos, os autónomos do transporte, é dicir, que toda a sociedade da comarca se implique nesta Plataforma do carbón xa que non é un problema de Endesa empresa, do seu cadro de persoal, das auxiliares de Endesa, das empresas de servizos das auxiliares, do porto de Ferrol ou dos estibadores se non que é un problema do conxunto da sociedade xa que afecta a todos e cada un dos sectores, e que o seu grupo pensa que se hai unha soliedaridade e un pouco de conciencia de comarca, teñen que manter unha postura firme e unánime, se a hai, e que se non a hai que se diga. Di que para eles é imprescindible xuntar ás máximas forzas posibles e manifestalo con claridade, que outros o fixeron e lles saíu ben, que cada quen ten a súa lexitimidade para defender as súas posturas, e que eles piden un decreto que sexa solidario, que reparta, que non piden que Endesa, non teña que baixar a súa capacidade produtiva, senón que, o faga proporcionalmente repartindo entre todas as formas de produción eléctrica, que non se lles impute a dúas cidades concretas e as empresas que alí están que lles condena case que ao peche.

De seguido intervén o sr. alcalde que di que o seu grupo vaise abster fundamentalmente por dous motivos, porque non están en contra do Decreto, que ten aspectos positivos e negativos, moi positivos coma as axudas do Plan Miner que se levan aplicando a esta comarca coma mínimo dende hai seis anos, cunha negociación inicial entre as forzas sindicais e os propios Concellos afectados co goberno de España dende o ano dous mil catro para poder prorrogar

estas axudas, e que ten aspectos negativos que é esa primacía do carbón nacional, que eles poden entender coma unha protección a un produto nacional, co cal non están en contra, que si hai que ter en conta que iso provoca que a unha serie de centrais do Estado, coma son as de Andalucía e dúas de Galicia, lles repercute negativamente xa que queiman carbón de importación, que eles lles reclaman dentro da estratexia do propio Concello de As Pontes, Cerceda e do propio colectivo social que xira en torno As Pontes, é que o Decreto do carbón sexa modificado ou implementado con medidas complementarias que permitan articular determinados procesos ou participación das centrais galegas na produción de enerxía estatal que fagan que non sexa incompatible a protección do carbón nacional coa supervivencia e mantemento de postos de traballo das centrais galegas. Di o sr. alcalde que unha parte moi afectada son os transportistas, que levan o carbón dende o porto exterior á central das Pontes, que niso están de acordo, e que sobre o foro de traballo di que hai dous foros constituídos, que hai unha mesa de traballo na que están os alcaldes de todos os Concellos das comarcas de Ferrolterra, Eume, Ortegal e a Comarca de Ordes, na que está Cerceda, agás os alcaldes do BNG e hai a Plataforma contra o Decreto do carbón que está integrada fundamentalmente pola CIGA e polos alcaldes do BNG, que eles entenden que o foro de traballo institucional, independentemente dos movementos veciñais que xurdan, podía ser a mesa de traballo de todos os alcaldes das diferentes comarcas, pero tampouco van poñer trabas a calquera que estea preocupado por este tema e queira traballar e loitar por este tema o faga, polo que eles non van votar en contra se non que se van abster.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que están francamente alarmados, xa que a industria eléctrica Endesa das Pontes ten un peso no produto interior bruto do noso país importante, que eles pretenden un movemento social no que se implique todo o mundo e por iso o traen a Pleno, di que por iso o alcalde non se atreve a traer ao Pleno a asociación deste Concello a esa asociación de alcaldes, e non o trae porque non é razoable, que se trata dunha visión reduccionista, onde o único que se pretende e levar isto adiante, que iso ten que ter unha participación sindical, dos representantes dos empresarios, dos autónomos, do comercio, da propia Xunta de Galicia que tamén está afectada, cando menos na recadación de impostos xa que si no ano dous mil catorce ou quince Endesa deixa de producir e pecha, sería un pao importante, que se trata, primeiro, de modificar o Decreto para que sexa solidario, xa que se elimina a produción a dúas centrais térmicas galegas cando o resto do sector eléctrico do Estado segue a funcionar, que non é xusto, non é solidario e non é positivo para eles en ningún termo, que por outro lado, o que piden na moción é que o Concello de Fene, como Concello histórico e sufridor de políticas non moi afortunadas para o seu sector industrial, comparta, participe e abandee a reivindicación da capacidade produtiva, xa que que se diga aquí que a produción con carbón autóctono, que a el lle pode parecer xusto, que en todo caso hai unhas concas mineiras no Estado que habitualmente viven diso e non se lle pode cortar o grifo, que el o comparte, pero igual que houbo fondos Miner para aquí os houbo para alí, e o Estado na planificación da produción enerxética tería que ter mirado tamén o suposto dunha crise que provoque menor consumo, pero que neste caso non se lle pode cargar todo a esta comarca e á de Cerceda, que están a falar de tres mil postos de traballo, que tamén hai que ter en conta, aínda que diso non se fala, do peche da central de ciclos combinados de Sabou, que xa empeza a estar obsoleta, que se está a falar de que Galicia é un país produtor de enerxía e que en poucos anos, seguindo esta liña, vai pasar a ser debedora de enerxía, perdendo peso e capacidade recadatoria, que tamén vai haber un problema de desemprego nesta comarca debido á acción indirecta desta central, e que non valen parches para o sector do transporte, que por certo hai máis de cen camións con inversións de máis de trinta millóns de pesetas en adecuar as caixas para o transporte do carbón e aí están, a ver que van transportar agora, que se trata dun problema conxunto e global e que para eles é lamentable facer unha visión reduccionista total que ademais sexa capaz de manifestarse aquí cando en Madrid votan a favor do Decreto, que había que

acordarse antes cando se legisla. Di que quere lembrar que o BNG presentou no Parlamento no mes de xullo unha proposta, ao que o Partido Socialista votou en conta, tamén os deputados galegos, sen engadir nin un punto ou unha coma para ver que medidas se poden introducir de solidariedade ou compensación, que alí non se lles ocorreu e se lles ocorren agora, pois agora non son necesarias, que o necesario é a reforma do Decreto de tal xeito que se compense entre todos os sistemas o eléctrico e se o día de mañá, esta crise desaparece, a propia demanda vai facer que o Decreto do carbón quede en nada, xa que a demanda vai obrigar á produción, pero mentres iso non se dá tense que dar una distribución xusta da produción.

De seguido pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que co Decreto do carbón pasa igual que pasou co sector naval, naquel momento houbo que votar cara Andalucía carga de traballo xa que era onde estaba a forza dos votos e agora pasa o mesmo, o sr. Zapatero ten que primar os votos de Asturias e de León, que incluso se podería dar aquel mimetismo encuberto que se deu na reconversión cando se buscaron aquelas prazas para o propio sindicato da UGT que podía, un pouco, acalar as voces dos traballadores que ían protestar e aquí pasa o mesmo. Di que é casualidade que as dúas centrais están en dous Concellos gobernados por alcaldes socialistas, que despois pasan cousas coma a de presentar mocións en contra do carbón e se voten en contra, que aquí deuse o caso da moción que presentou o PP e que foi emendada polo BNG, emenda non aceptada polo seu partido e que se votou en contra, pero que despois se participan nos encerros do Concello das Pontes e se vai tras dunha pancarta que reclama o que non se fixo no seu momento. Di que pensan que para o Partido Socialista iso é a especialidade da casa, xa que ven pasando habitualmente, e di que vai pasar o mesmo con Navantia Ferrol, xa que se están desviando agora pedidos militares dun estaleiro a un estaleiro que nunca os fixo e que iso é a realidade. Prosegue dicindo que tamén chama a atención que se cree unha comisión, que cando non se quere dar unha solución ao problema se crea unha comisión a instancias dun portavoz do Partido Socialista no parlamento de Galicia e non recibe en audiencia ao Presidente da Xunta de Galicia, que non foi invitado a participar na comisión pola Xunta de Galicia, que tampouco poden compartir as manifestacións que se fan dende o BNG de que a Xunta se puxo de lado respecto deste asunto, que eles coma Partido Popular de Fene asistiron á manifestación e o director xeral de Industria tamén, polo que non opinan que se poñan de lado respecto do Decreto. Di que van votar a favor por varias razóns, que si que é importante que dende os tribunais se houbera acelerado un pouco este tema, que se pida unha medida cautelara para a entrada en vigor, aínda que non é o final deste, que o final de todo chegará no seu momento e que se siga protestando e facendo ver a realidade das dúas vilas, As Pontes e Cerceda, é o importante.

Seguidamente pide o uso da palabra o voceiro do grupo mixto Manuel Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, di que lle sorprende que haxa un descoñecemento tan grande cando se fala de só de dúas centrais, que el sabe dunha máis chamada Carboneras que tamén está afectada, aínda que pode que haxa máis. Di que este Decreto non é un invento ou unha ocorrencia de Zapatero, nin de quen governa, que ten unha orixe que é o mercado común ou a Unión Europea, que cando se formou o mercado común se basou en tres tratados, Europa está desfeita e precisa desenvolver por un lado a enerxía con dous Tratados, o Tratado Euratom e o Tratado CECA, que son a base da Unión Económica Europea e que se falan de España xa se pode dicir que chega dende hai tempo, cos gobernos democráticos, xa que o había que renovar ano a ano e así o renova o goberno de Suárez e tamén co goberno de Felipe González do PSOE e se baseaban naqueles tratados, que estes acordos perseguen unha finalidade que é potenciar o carbón é reducir a dependencia enerxética da Unión Europea, na que finalmente entrou España, para non depender enerxeticamente do resto do mundo.

Continúa o voceiro do grupo mixto, Manuel Sánchez Martínez, dicindo que o Tratado CECA potencia o carbón de países centroeuropeos coma Alemania ou Bélxica, que Francia tirou pola enerxía nuclear e aínda o segue a potenciar, que cando ingresou España se seguía a potenciar o carbón español, xa que o Tratado autorizaba ata o quince por cento de subvención da produción de electricidade dun país.

De seguido auséntase a concelleira Rita María Couto Seijido, sendo as dezasete horas e cinco minutos.

Prosegue o voceiro do grupo mixto, Manuel Sánchez Martínez, dicindo que esa porcentaxe agora está nun nove por cento, e se articula a través dos gobernos nacionais, que son acordos renovados ano tras ano, que a el non se lle pode rebater que un deses acordos, o que se negociou no seu día con Álvarez Cascos e co que se chegaron a aspectos moi positivos para Galicia e para España.

A continuación incorporase a concelleira Rita María Couto Seijido, sendo as dezasete horas e nove minutos.

Continúa o voceiro do grupo mixto, Manuel Sánchez Martínez, dicindo que con aquel acordo se conseguiu, daquela, o mantemento de moitos postos de traballo, que permitiu xubilacións anticipadas, trasposos de persoal de auxiliares e da reconversión para As Pontes.

Auséntase da sesión o concelleiro Juan José Franco Casal, sendo as dezasete horas e dez minutos.

Prosegue o voceiro do grupo mixto, Manuel Sánchez Martínez, dicindo que con aquel acordo tamén se conseguiron os polígonos industriais das Pontes e Somozas con fondos mineiros, baixo condicións moi determinadas, xa que é unha zona en declive na que hai perda de postos de traballo, que a zona das Pontes é unha das zonas máis industriais de Galicia, que mellorou moito en comunicacións.

De seguido incorporase o concelleiro Juan José Franco Casal, sendo as dezasete horas e doce minutos.

Continúa o voceiro do grupo mixto, Manuel Sánchez Martínez, dicindo que o seu grupo se vai abster e repite que o Decreto no seu conxunto foi positivo para As Pontes.

Auséntase da sesión a concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente, sendo as dezasete horas e trece minutos.

Continúa o concelleiro Manuel Sánchez Martínez dicindo que isto non quere dicir que non vaia haber problemas cos camioneiros, que os haberá que solucionar, pero que os verdaderos culpables non se están a mencionar, que son Endesa, Fenosa e o sr. Tojeiro que gañaron moitos miles de millóns de euros, que hai datos coma que Endesa As Pontes recibiu máis de seiscentos mil millóns das antigas pesetas, xa que coma antes dicía as prexubilacións as está a pagar o pobo español e non a empresa, e que o problema que hai en xeral é o das burbullas, fai trinta e cinco anos foi a burbulla nuclear, que se montaron centrais que agora se queren pechar e as empresas van cobrar por iso, logo veu o da vivenda e non contentos con iso despois se montan as corenta Reganosas que hai en toda España que veñen a dar soporte aos ciclos combinados, que coa caída da demanda, que non van producir.

A continuación incorpórase a concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente, sendo as dezasete horas e dezasete minutos.

De seguido intervén o sr. alcalde que di que en resposta ao voceiro do Partido Popular di que os deputados do Partido Socialista estaban na concentración da Coruña coa mesma aptitude que estaban os do Partido Popular que fixeron uso da disciplina de voto e grupo á hora de votar en Madrid. Di que os do Partido Socialista é certo que votaron a favor do Decreto do carbón e os do Partido Popular se abstiveron, que podían ter votado en contra, que cantas máis voces se xunten para defender un tema que lle parece xusto e mellor, que co respecto ao de León, que isto se toma porque Zapatero é de León e non sabe porque será o de Asturias, que o de Andalucía serve para explicar ao Partido Popular a política socialista todos os anos, e por alusións respecto do estaleiro de Puerto Real di que Navantia Fene e Ferrol non están na mellor situación posible pero di que el non o cambia pola situación do estaleiro de Puerto Real, que en todo caso, respecto a Andalucía non sabe como se pode explicar agora, xa que historicamente sempre dixo o Partido Popular que Galicia perde para favorecer a Andalucía, e co Decreto do carbón as zonas máis prexudicadas, xunto con Galicia son as térmicas andaluzas, que non se pode explicar isto con criterios demagóxicos, que hai unha decisión do goberno central para defender un produto nacional, que no caso de Galicia o que hai que facer é solicitar e pedir que esa protección do carbón nacional non vaia en detrimento cunha capacidade de traballo das térmicas galegas, que respecto da comparación de Endesa As Pontes coa situación do naval lle parece alucinante, que oxalá tivera Endesa As Pontes en Fene con todos os males que vai ter co Decreto do carbón, xa que crer que a maior térmica deste país, cun período de vida do carbón nacional de catro ou seis anos, no que se vai deixar de explotar o carbón nacional e se vai pasar a queimar o cen por cento de carbón de importación ou crer que Endesa vai pechar é vivir noutro mundo, que non é real, que o Decreto do carbón está formulado coma o que é, que é un proceso de eliminación paulatina, de ir pouco a pouco, coas prexubilacións dos mineiros de Asturias e León, de ir pechando ese sector no que o carbón nacional non ten futuro, tendo claro que a opción de futuro é o carbón de importación e as térmicas que están funcionando este tipo de carbón.

Ausentase da sesión a concelleira Rita María Couto Seijido, sendo as dezasete horas e cinco minutos.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que cando se inicia este Decreto é porque a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería, que tan en contra está agora do Decreto, puido presentar alegacións é mesmo eles o defenderían, pero vese que os colleu co pé cambiado, que é a sensación que teñen eles xa que só a Comunidade Autónoma de Cataluña presentou alegacións, que o Decreto efectivamente ten a súa traxectoria, segundo o dito polo voceiro de EU, que é certo que beneficiou durante moitos anos á mina das Pontes, pero non é menos certo que grazas ao traballo, a loita e o esforzo do movemento sindical e grazas ao esforzo e ao traballo do propio Concello das Pontes e dos Concellos do seu contorno se conseguen eses fondos do Plan Miner, pero fundamentalmente en base ao esforzo sindical correspondido politicamente, unhas veces por uns e outras por outros, xa que se chegou a dicir que as minas á ceo descuberto non eran tal, que só o eran as dos furaos e que afortunadamente si se aproveitaron os fondos Miner, pero que iso é pasado e o problema é que agora se modifica ese Decreto e se lle imputa cos mesmos fondos, se troca para producir con carbón importado, se cambian os seus sistemas produtivos con cartos públicos, que non é normal que non se lle deixe ningunha marxe produtiva, que dende o seu punto de vista e aí é onde din que o Decreto débese modificar. Di que eles comparten que se tomen medidas paliativas e transitorias ao peche graduais das distintas estacións mineiras que existen no Estado, pero que tamén cren que iso se pode distribuír, xa que igual que Endesa ten catro grupos e pode acender e producir con un, dous, tres ou catro ao igual que a planta de ciclos combinados, que se acende e se apaga practicamente a vontade, xa que o gas ten esa vantaxe, pero que si que hai producións que se poden regular e darlles espazo produtivo a este tipo de centrais

que se están a deixar a cero, pero non pode ser que sexan as últimas en entrar no ciclo enerxético que é o que dispón o Decreto, que hai moitos outros sistemas enerxéticos producindo e non sempre producen ao cento por cento, que xa se non estalaría o sistema. Di que o sistema se ten que regular e ten que haber una produción en rede para que non se caia, que hai momentos puntuais nos que ten que entrar a producir uns sistemas ou outros, que eles defenden que se pode facer, debuxar un sistema que sexa solidario, que distribúa certa capacidade produtiva entre determinadas centrais, que é o que se pide no primeiro punto, que eles non están a favor de pequenos parches ou medidas que non consigan máis que prolongar a agonía, que do que se trata é que exista unha solidariedade a nivel produtivo e que tampouco participan de que se subvencione a Endesa ou Fenosa directamente, pero que hai decisións políticas cando se liberalizaron os mercados que o BNG non comparte, que Endesa era unha empresa pública na que a parte política tiña capacidade para a súa regulación e agora non, que iso é unha irresponsabilidade que eles non comparten e non quere dicir que non teñan que seguir mantendo unha defensa firme de todos os postos de traballo de todo o sector produtivo, dos que están na planta, no contorno da central e de toda a economía da Comarca, e respecto disto lle di ao sr. alcalde que dende esa reunión de alcaldes non se lles convidou aos alcaldes do BNG, polo que é difícil participar onde non se lles invita.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, Edgar Antonio Vigo López quen, unha vez concedido, manifesta que quere felicitar ao voceiro do grupo municipal de EU pola súa negociación e coñecemento do sector enerxético, pero que logo de ver exposicións tan longas, di que hai cousas que semellan contradicirse. Di que o voceiro do grupo Mixto comentou que había que mirar cara atrás no tempo para pensar que estes Decretos son positivos e que si se fixera isto veríase que eses Decretos que no pasado foron positivos no futuro chegaría un momento en que pasarían a ser negativos, di que é este momento no que estamos, que o que está claro é que cando se dan situacións negativas hai que loitar todos, ao igual que o fixo o voceiro de EU no seu día co apoio de todos os traballadores que estaban detrás para levar a cabo esas negociacións, que o que teñen que facer é seguir a loitar para que a situación da Comarca non se agrave moito máis, xa que a situación actual é lamentable, que se felicitaba polo avance do Plan Miner, a través da empresa china que vai crear corenta postos de traballo e ao mesmo tempo que falaba mal da empresa privada, Endesa, Gas Natural e Tojeiro, di que destas empresas se poden perder tres mil postos de traballo e daquela empresa china se van crear corenta postos, sendo tamén empresa privada, polo que di que el non entende esa loita contra a empresa privada cando logo estamos todos contentos pola chegada doutra empresa privada a crear menos postos de traballo. Di que eles están satisfeitos coa creación de postos de traballo, pero que os que están creados e as grandes industrias desta comarca non os queren perder, que non van entrar nas políticas empresariais de cada unha das empresas porque entende que iso é algo que pertence á parte sindical e case sempre, por non dicir sempre, contan co apoio do BNG. Di que a el, todas estas afirmacións o saturan, que non sabe si felicitar ou non ao sr. alcalde, xa que o pode felicitar porque sabe tapar as súas vergoñas dicindo que o PP fai igual que o PSOE, que fan o mesmo xa é desculpa dabondo ou entristecerse porque é ben triste que sexa o alcalde do PSOE o que veña a dar o argumentario do BNG máis importante que hai, que é dicir que os deputados galegos que sexan do Bloque para defender a Galicia, que non sexan dos outros partidos para votar en Madrid o que lles manden alí e non o que nos importa aos galegos, que logo se fai unha manifestación na Coruña na que se fai unha zona para autoridades, para sacar a foto, pero que non se mobiliza ao partido, a súa masa social, para que apareza nesa manifestación. Di que o PP de Fene foi honroso na manifestación de Ferrol, impulsada pola plataforma da que el forma parte, Siglo XXI, na que estivo presente logo de dar o seu apoio á plataforma, tamén é certo que non mobilizou á súa masa social, co que se fixo unha manifestación que creou problemas a moita xente por pensar que era do Bloque ou

da CIGA e o que pasa é que Bloque e CIGA mobilizan á súa xente e o resto non, que non vale sacar a foto para dicir que son os máximos loitadores.

Prosegue a dicir o concelleiro Edgar Antonio Vigo López que neste Decreto do carbón se deu unha gran diferenza co sector naval deste Concello, xa que o sr. Zapatero e o ministro Sebastián van negociar á Unión Europea, en contradición coas axudas ilegais que se deron a Navantia, que non se van negociar, pero que as do sector mineiro si, xa que hai votos e apoio da xente para facelo, e que as veces se ten máis do que un se merece, xa que hai un alcalde socialista en Fene, en Ferrol, en As Pontes, en Cerceda, en Ares, e que a comarca está representada por socialistas e logo os demais terán que dicir que teñen vostedes razón, que o mellor é comulgar e dicir que todo está correcto e poñerse para a foto e dicir que miran polo seu pobo, que coma dicía o voceiro do grupo municipal do PP, agora se está coa situación de Navantia, que se dicía que só se quería facer barcos e que empeza a pasar o que xa dicía Rumbo XXI hai tres anos, respecto do sector eólico, que se empezou a planificar en Puerto Real a realización desas plataformas eólicas, que tanto en Puerto Real coma no estaleiro que se privatizou en Sestao, que conta co apoio do goberno vasco a través dunha subvención para comezar a fabricar palas para unha empresa Holandesa, e por desgraza ao estaleiro de Fene chegará, se chega, no último dos casos posibles, no caso de que haxa un exceso de cota de mercado, que non pasa o mesmo no sector militar, que non se pode contratar a sexta fragata, que ao mellor se fai nas vindeiras eleccións que as veces o que fan é garantir os postos de traballo, xa que non hai cartos pero o que si se asinan e catro buques de acción marítima do goberno de español, polo que el non entende coma se puido ter chegado ao punto de dicir unha cousa e facer a contraria e estar aquí tan tranquilo, e que dende o BNG se loita polo que se cree e que cren que aquí ten que haber postos de traballo.

De seguido pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que dentro do seu partido hai persoas de toda condición social e lle sorprende coma dende o BNG son quen de identificar nas manifestacións quen é dun partido ou doutro e di que a manifestación de Ferrol, ademais del seguro que había máis votantes do seu partido, xa que dentro dos propios traballadores de Endesa ou de Navantia hai afiliados e votantes do PP. Di que cando se votou o Decreto do carbón pensa que se estaba a negociar entre o PSOE e o PP o Plan enerxético nacional e ao mellor o PP, respecto deste tema, non tivo a dilixencia debida e non vai ser el quen diga o contrario, que puido ter presentado alegacións, ao mellor si, pero que non comparte co sr. alcalde que Endesa non vai ter problema ningún, que os traballadores non van ter ningún problema igual que non o tiveron os traballadores de Astano, entrecomiñadamente, e economicamente falando, pero que hai que ter en conta todo colateral e o auxiliar, polo que aquí si que comparte o dito polo voceiro do BNG. Que respecto das contradicións di que el escoitoulles aos alcaldes de Cerceda ou das Pontes que están en contra do Decreto do carbón, polo que haberá que clarificar algo dentro do seu partido, xa que semella que algo malo terá o Decreto cando vale para uns e para outros non.

Seguidamente pide o uso da palabra o voceiro do grupo mixto Manuel Sánchez Martínez quen, unha vez concedido dille ao concelleiro Edgar Antonio Vigo López que está de acordo en que o naval necesita dunhas axudas, que outra cousa é que os gobernantes non sexan capaces de conseguilas ou non teñan a forza suficiente pero que non lle diga que fala de contradicións, que outra cousa é que non se lle entenda, pero que cando di que hai que mirar no tempo se refire a que hai que seguir loitando, que sempre apoia aos traballadores que están nunha situación delicada, que non ten ningunha contradición contra Endesa, Fenosa nin Tojeiro, que os ataca porque son unha banda, xa que fixeron un negocio bestial, que Endesa primeiro se privatizou, que nas Pontes hai enterradas unha barbaridade de toneladas de carbón e que se non se sacan é polo que dixo antes, polos intereses das burbullas mencionadas, coma foi a de Gas Natural, e isto os levou á situación actual, que con Decreto o

sen Decreto xa ía traballar un ou dous grupos, e se hai moita sorte traballarán tres grupos mentres esta crise non se solucione, que a Endesa ninguén lles obrigou a cambiar os grupos para queimar carbón de exportación, que o fixeron por intereses económicos, que polos mesmos intereses económicos se pasou aos ciclos combinados, que o que pasou é que se ampliou a oferta de enerxía e agora a hai que compartir, que respecto do traballo sindical, indubidablemente, se fixeron traballos moi importantes no pasado, que el volvería asinar aquel Decreto que custou moito traballo sacalo adiante.

De seguido intervén o sr. alcalde que di que non vai entrar no tema do naval, pero quere dicirlle ao concelleiro Edgar Antonio Vigo López que coa Unión Europea pódese negociar, como se negociou no ano dous mil catro para que non se privatizase o estaleiro de Fene, para que xunto co de Puerto Real se puideran integrar en Navantia e se puidera asegurar unha carga de traballo ata o ano dous mil catorce, que respecto do Decreto, cando se apela a súa situación coma alcalde e demais dille que por suposto que el quere que a mocidade de Fene ou desta comarca poida ter emprego neste Concello e que entre outras cousas, está na política para iso, pero que isto non se pode confundir co feito de que o único camiño para o conseguir é o que segue o BNG, que cada un ten as súas posturas, que as respecta, pero que é obvio que hai outras posturas e que cada un pode defender as súas, xa que a política consiste en que, con ideoloxías diferentes, se poida chegar á mesma finalidade, polo que aplaude a defensa que fixo da súa ideoloxía e organización política pero que ten que comprender que a sociedade é plural e que non todos teñen que ser do Bloque, pero que cando se lle di que asumo o discurso do BNG porque di que os deputados galegos teñen que traballar por Galicia e pregunta se son os únicos que poden traballar por Galicia son os do BNG. Di que seguindo esta liña argumental os cidadáns deben estar equivocados e votar o que non deben, que respecto da manifestación el estivo nunha zona onde había deputados, estaba o presidente da Deputación, había alcaldes, concelleiros e había cidadáns sen cargos políticos ou institucionais, que non sabe se a alguén se lle vetou a presenza nesa zona ou non, que non se foi alí marcados coas cores dos distintos partidos pero o que si sabe é que había máis de tres mil persoas e había unha zona onde estaban os cargos políticos do BNG con outra xente, e logo de algún cántico contra os partidos do PSOE e PP e logo de non deixar falar ao alcalde das Pontes, o resto da xente comezou a asubiar e fixo calar ós que estaban tras a pancarta do BNG, que non quere chegar ao debate de quen defende mellor os intereses se non ao de traballar conxuntamente. Di que quere aclarar, que cando se dixo que si se trouxera a este Pleno a inclusión noutro grupo de traballo no que estiveran os alcaldes do PP, de Terra Galega, Independentes ou calquera outro alcalde, seguro que o Partido Popular votaría a favor xa que os seus cargos públicos participan nesa Plataforma, xa que pensa que entendeu o contrario, que en todo caso coma dixo eles se van abster.

Rematado o debate, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo municipal do BNG relativo ao Decreto do carbón, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Nove (9), (dos sres/as, Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López, Pico Sanmartín, Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral e Franco Casal).

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: Oito (8), (dos sres/as. Puentes Rivera, López Rodríguez, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira, Rey Sampayo e Sánchez Martínez).

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

1.- O Pleno do concello de Fene acorda manifestar a súa adhesión á Plataforma contra do Decreto do Carbón, asumindo os seus obxectivos, nomeadamente:

- a) **Solicitud de entrevista co Ministro de Industria.**
b) **Proposta de modificación do Decreto do Carbón:**

O cupo asignado politicamente ao carbón español (estímase un 9 % da produción eléctrica anual), deberá ser repartido entre todas as tecnoloxías do sector eléctrico en proporción directa a súa contribución. É dicir, non só incidirá no carbón importado e tamén en menor medida, nos ciclos combinados de gas, senón que tamén afectará ao resto de tecnoloxías: hidráulica, nuclear, renovábeis, coxeración, etc.

2.- O concello de Fene manifesta o seu apoio ás accións convocadas pola Plataforma contra o decreto do carbón, comprometéndose á maior difusión das mesmas a través de bandos, anuncios, programas na radio municipal e outras que podan favorecer a participación das veciñas e veciños que así o desexen.

9º.- Moción do grupo municipal do BNG relativa aos servizos ferroviarios na comarca.

A continuación auséntase o concelleiro José Antonio López Rodríguez, sendo as dezasete horas e cincuenta e cinco minutos.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido, roga para que os voceiros dos grupos se centren nos debates propostos.

A continuación auséntase o concelleiro Edgar Antonio Vigo López, sendo as dezasete horas e cincuenta e seis minutos e se incorpora ás dezasete horas e cincuenta e sete minutos.

De seguido incorporase o concelleiro José Antonio López Rodríguez, sendo as dezasete horas e cincuenta e oito minutos.

Continúa o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín dicindo que a cuestión de fondo desta moción é respecto da liña de RENFE que lles afecta, pero que tamén á de FEVE que transita por Ferrol e Narón cara a Ortegál e que está a sufrir unha falla de investimento que foi comprometido por parte do Ministerio de Fomento, que non está a ser investido, así coma a propia vía ao porto interior e ao exterior de Caneliñas que é necesaria complementar, que o servizo ferroviario ten que ser un servizo que valga para pasaxeiros e para mercadorías e que dean servizo a esas plataformas que son os portos. A continuación pasa a dar lectura da moción, que transcrita literalmente di:

“Manuel Polo Gundín, portavoz do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte Moción

EN RELACIÓN COS SERVIZOS FERROVIARIOS NA COMARCA

Exposición de Motivos:

Desde a Plataforma de Ferrolterra para a Mellora das Infraestruturas e dos Servizos Ferroviarios lévase meses denunciando a situación de abandono no que se atopa a liña ferroviaria entre Ferrol e A Coruña e demandando unha actuación urxente que permita sacar do obstracismo, no que o Goberno a mantén, esta liña ferroviaria.

Máis a realidade é que a día de hoxe a ameaza de desaparición da comunicación ferroviaria entre Ferrol e A Coruña é cada vez maior se temos en conta os planos do Goberno Central de eliminación das vías chamadas deficitarias.

Tamén, a día de hoxe, non é viábel coa situación actual das infraestruturas e co número de frecuencias actuais manter a medio e longo prazo o ferrocarril neste itinerario por resultar obsoleto e ineficiente socialmente, xa que os tempos de viaxe fanse excesivos para atender e cubrir as necesidades de transporte en todo o itinerario por motivos de traballo e estudo.

Nos planos actuais do Goberno central o itinerario Ferrol- A Coruña vai ficar fora da consideración de Eixo Atlántico logo de formar parte teoricamente deste itinerario até hai pouco. Isto é consecuencia, precisamente, de non figurar o Itinerario Ferrol- A Coruña, con ningún tipo de planificación, prazos ou investimentos, no denominado Pacto do Obradoiro.

Ademais de por non térense executado ningunha das partidas dos Orzamentos Xerais do Estado conseguidas polo BNG como consecuencia do desinterese do Goberno Municipal de Ferrol e a convivencia da Xunta de Galiza.

Ferrol vai ser a única cidade galega que vai quedar excluída e á marxe dos itinerarios denominados de alta velocidade.

Ademais non é críbel, como agora se demostra tamén, que exista ningún interese no aceso ferroviario ao Porto Exterior se, asemade, non hai unha boa conexión ferroviaria de Ferrol co resto de Galiza e do Estado.

Por todo isto o Grupo municipal do BNG propón ao Pleno a adopción dos seguintes Acordos:

1.- O Pleno do Concello de Fene quer manifestar a súa oposición rotunda a calquera intención de supresión da liña Ferrol-A Coruña e consecuentemente reclama a súa urxente modernización por non ser viábel a medio prazo de continuar as infraestruturas na actual situación.

2.- Esixir do goberno central e da Xunta de Galiza que manteña o concepto de Eixo Atlántico Ferroviario con inicio en Ferrol e final en Porto.

3.- Reclamar as partidas necesarias, con programación plurianual, nun período de 5 anos para a infraestrutura ferroviaria Ferrol-Coruña. Modernizala con dupla vía, electrificación e as variantes necesarias no trazado actual para lograr velocidades que sitúen a viaxe entre 40-50 minutos segundo sexan directos ou con paradas.

4.- Esixir celeridade nos tramites administrativos necesarios, prescindindo dos estudos informativos nos tramos en que for posíbel, por tratarse dun simple cambio de plataforma e duplicación de vía, para gañar o tempo perdido por culpa da posición fraudulenta e negativa do Goberno Central e a indiferenza e pasividade da Xunta de Galiza.

5.- Mellorar progresivamente os servizos ferroviarios co obxectivo a curto prazo de colocar as comunicacións coa cidade de A Coruña en non máis dunha hora.

6.- Establecer na planificación do transporte metropolitano as debidas conexións dos servizos de Feve e Renfe optimizando así os servizos á cidadanía.

7.- Esixir unha partida orzamentaria adecuada para o tren ao Porto Exterior e demandar de ADIF (Goberno central) e Autoridade Portuaria a mellora e revitalización do actual acceso ao porto interior en estado de abandono.

8.- Solicitar de Renfe a debida atención a demanda de mercadorías existente na comarca habida conta da mala atención que presta e do seu desinterese por potenciar o transporte de mercadorías.

Fene 28 de outubro de 2010
O portavoz”

Prosegue a dicir o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, que se entende que esta moción trata da infraestrutura da instalación ferroviaria no seu conxunto e eles entenden que é o momento, dende o punto de vista orzamentario e procesal, de que isto se demande ao Ministerio, xa que as partidas que ten de mellora das infraestruturas poden incluír actuacións deste tipo se as teñen en consideración, que o concepto de eixo ferroviario para que teña viabilidade no tempo ten que contemplarse dentro dese eixo europeo transfronterizo de Portugal á Ferrol e que non pare na Coruña, que xa non falan da alta velocidade nin de futuribles que eles non contemplan a curto prazo, xa que iso é gastar tinta sen moito sentido, pero que ten que haber un tren de proximidade para a xente e as mercadorías, de dobre vía, electrificado, que sexa eficiente e que teña uns servizos que tamén dende Fene se puideran conectar con Ferrol e a Coruña, que se puidera facer un tránsito comarcal, nun sentido amplo, e que é hora de que se cumpran os acordos que hai nos distintos Parlamentos, tanto no galego coma no do Estado, e que isto non se manteña na situación actual e que hai que darlle un impulso ou se corre o grave risco de que esta infraestrutura pase a vía verde.

De seguido pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que eles aceptaron a nova mecánica do Pleno e coma xa votaron a urxencia ao principio, que rompendo a súa disciplina de voto ían votar en contra da urxencia desta moción, cousa que nunca fixeron e que o Partido Socialista xa fixo algunha vez, xa que consideran que esta moción debe ir a unha Comisión, que non ven urxencia ningunha, que senten terse despistado cando se introduciu na orde do Pleno como tal moción urxente, que eles votarían en contra e solicitarían que se retirase e que se levase a unha Comisión, pero que coma a orde do día xa está aprobada e é así. Solicita que se retire a moción para se tratar nunha Comisión, xa que non se fala dun feito se non que se fala dunha intención, cousa xa dita moitas veces dende o PP que están en contra das mocións preventivas, que as veces están ben, pero que moitas veces hai un exceso de celo moi elevado, que dende o PP non teñen noticia ningunha de que iso vaia ser así, que se o fose, eles se oporían, que no tema da esixencia de que o goberno central e a Xunta manteñan o concepto de eixo atlántico di que as competencias da Comunidade non chegan ata o porto exterior e falar da indiferenza e pasividade da Xunta de Galicia, cando precisamente dende a chegada do sr. Feijoo se asinou a alta velocidade para Galicia, lles parece excesivo, polo que van votar en contra, pero que se queren retirala e levala á Comisión se pode pactar, que hai algunhas cousas coas que están de acordo coma o mantemento das vías, das frecuencias, pero que non lle ven a urxencia para facer isto de hoxe para mañá.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que van retirar a moción e que aceptan o que dito polo voceiro do grupo municipal do PP, que tamén di que a responsabilidade de facer a orde do día, segundo o dito na súa primeira intervención é de quen é, que non é súa, que eles presentaron a moción por rexistro o día vinte e nove de outubro, a propósito, para que puidera ir á Comisión do martes, xa que sabían desta Comisión porque estaban avisados, coa idea de

adiantar o trámite, que non se levou á Comisión, que eles vían que era unha cuestión perfecta, dende o punto de vista temporal, pero que eles teñen total disposición para a negociar ou pactar.

De seguido intervén o sr. alcalde que di que si o BNG lles avisase que a moción presentada por rexistro lles comentara que pretendían que fóra á Comisión do martes eles non terían ningún problema, que as mocións que se presentan por rexistro o que se fai é seguir o trámite ordinario, é dicir, levalas á seguinte Comisión ordinaria que haxa, que eles tamén entenden que o contido da moción é máis propio dun trámite ordinario que urxente, xa que non hai ningunha decisión que poida xustificar isto, que en todo caso están dispostos a pactala e chegar a un acordo, que os plans que se recollen coinciden plenamente coas intencións do goberno e do Ministerio de Fomento manifestadas, que tamén poden falar dos pasos a niveis e outros trámites e di que a moción. A moción queda retirada por acordo unánime da Corporación.

Seguidamente pide o uso da palabra o voceiro do grupo mixto Manuel Sánchez Martínez quen, unha vez concedido di que eles tamén presentaron unha moción o día vinte e oito e non aparece por ningunha parte, que non é urxente, que irá un mes máis tarde, pero roga seriedade para todos.

De seguido intervén o sr. alcalde que di que na documentación do Pleno si figura esa moción de EU, que algo moi habitual é que os distintos grupos presentan mocións no rexistro os días previos ao Pleno, mocións que non da tempo a introducir nas orde do día das Comisións Informativas ordinarias, e que habitualmente van nas carpetas da documentación do Pleno por se acaso os grupos deciden no propio Pleno presentalas, que por iso está a de EU e hai tamén outra do PP respecto do tema dos pasos a niveis, que a el lle parece máis razoable o contrario que o que entra por rexistro, por sistema debe ir a trámite ordinario agás aqueles temas que os grupos lles pidan que vaian por trámite urxente polo motivo que sexa, que no que toca á moción de EU, que si ten urxencia, xa que é a do vinte e cinco de novembro pensa que o que teñen que facer neste caso é como facer habitualmente todos os anos, xa que todos os grupos teñen a súa moción tipo e polo tanto propón xuntarse, falalo e facer unha declaración institucional do Concello co contido das catro que haxa, se non hai ningunha máis.

10º.- Moción conxunta do grupo municipal do PSdeG-PSOE, BNG e EU-IU en relación á privatización do CAPD Souto de Leixa (antigo Carmen Polo).

A continuación intervén o sr. alcalde que di que hai unha palabra pedida dun traballador dese centro, que segundo do regulamento orgánico de Fene, poderá intervir ao remate da sesión, pasando a continuación a dar lectura da moción:

“Os Grupos Municipais do PSdeG-PSOE, BNG e EU-IU ó abeiro do disposto na lexislación vixente, en relación á PRIVATIZACIÓN DO CAPD SOUTO DE LEIXA (ANTIGO CARMEN POLO), presentan para o seu debate e votación a seguinte moción ó Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende fai anos o CEE Terra de Ferrol (antigo Carmen Polo) leva un proceso de segregación da parte de alumnos menores de 21 anos cos alumnos maiores de 21 anos, actualmente conviven no mesmo centro.

No ano 2005 iniciáronse as obras para a división física do centro, creando unha residencia para alumnos menores de 21 anos con unha capacidade para 35 residentes e a remodelación da parte dos alumnos maiores de 21 anos, quedando así divididos fisicamente os dous centros. Tal división non se fixo a nivel orgánico nin xurídico.

A Xunta, co goberno do bipartito, entre Vicepresidencia e a Consellería de Educación, con data 18 de xullo de 2008, acordaron unha distribución do persoal laboral que lle correspondía a cada Consellería.

En Abril do 2009 constitúese formalmente a denominada parte de maiores co nome CAPD Souto de Leixa que vai ocuparse dos alumnos maiores de 21 anos.

Na actualidade hai 117 traballadores/as no CEE Terra de Ferrol, dos cales 55 son postos vacantes, coñecidos como interinos, o resto dos postos están ocupados por persoal laboral fixo.

O pasado 13 de outubro, nunha rolda de prensa onde estaba o Delegado Territorial da Xunta de Galicia na Coruña máis os Secretarios Xerais das Consellerías de Educación e Traballo, anunciaban a xestión privada do Souto de Leixa.

En ningún momento a Xunta de Galicia se dirixiu ao Comité de empresa ou comité Intercentros para negociar ou poñer enriba da mesa esta problemática. Polo cal entendemos como navallada polas costas da Xunta de Galicia a súa actitude á hora de anunciar a xestión privada do CAPD Souto de Leixa.

Isto ten un só significado o desmantelamento por parte da Xunta de Galicia dos servizos públicos esenciais e básicos para este tipo de nenos e nenas. Os traballadores/as entendemos que esta política que esta a empregar a Xunta, non só significa a eliminación do persoal laboral senón unha mingua xeneralizada na calidade asistencial a estes nenos e nenas. Como por exemplo, menos talleres ocupacionais, menos persoal de atención directa, menos persoal de servizos, menos persoal de enfermería e médicos, etc. etc. etc.

A calidade dos servizos realizados veñen garantidos pola experiencia acadados polo persoal laboral dende o ano 1971. case corenta anos demostrando a valía, labor e prestancia á hora de desenvolver o noso traballo cos nenos e nenas. Polo que agora os/as traballadores/as non entendemos esta actitude por parte da Xunta de Galicia de xestionar dun xeito privado a atenciónaos/as alumnos/as do antigo Carmen Polo.

Neste mesma situación atópase o Santiago Apóstolo da Coruña, coa excepción de que ese centro non ten a división física, orgánica e xurídica dos alumnos menores de 21 anos cos maiores de 21 anos, está pendente de facer unha Residencia para o alumnado maior de 21 anos, iso sí, con xestión privada ou indirecta, como queira chamarlle a Xunta de Galicia. Na Mesa Xeral de Empregados Públicos do 21 de outubro xa amortizaron (suprimiron) 19 postos vacantes do devandito Centro.

Por todo o sinalado anteriormente, os Grupo Municipais do PSdeG-PSOE, BNG e EU-IU presentan a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Primeiro. O Pleno do Concello de Fene acorda instar á Xunta de Galicia a garantir o mantemento da xestión pública do centro Souto de Leixa no proceso de segregación e posta en funcionamento, mantendo os postos de traballo da totalidade da plantilla hoxe adscrita ao

CEE Terra de Ferrol na súa condición de empregados públicos, garantindo deste xeito a calidade asistencial desenvolta ao día de hoxe.

Fene, 4 de novembro de 2010

José Antonio López Rodríguez
Voceiro do G.M. do PSdeG PSOE

Manuel Polo Gundín
Voceiro do G.M. do BNG

Manuel Sánchez Martínez
Voceiro do G.M de EU-IU"

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que apoian absolutamente a reivindicación do comité de empresa, di que existía un acordo dun centro, que tiña un retraso dende o punto de vista funcional xa que non estaba adecuado aos tempos de hoxe en día, que o anterior goberno da Xunta adoptou medidas para adecuar ese centro para mellorar a situación das persoas e dos alumnos, dividir o centro entre os menores e maiores de vinte un anos, crear unha parte asistencial, que adoptou un acordo entre as consellerías que repartiron as cargas de persoal e dividiron o antigo centro Carmen Polo en dous centros segundo as idades dos alumnos, con tratamentos diferentes, e que agora o Partido Popular fai a política que eles denuncian coma de privatización a cara descuberta, publica no DOGA a adxudicación por sete millóns de euros da concesión da prestación de servizos coa excepción da parte docente a unha empresa privada que aínda non se sabe moi ben cal é ata o ano dous mil trece, prescindindo directamente de persoal contratado, o cal un deles falará logo aquí. Di que este centro leva traballando dende o ano setenta e un, que hai moita xente con unha antigüidade moi importante, que é un centro que dende o punto de vista do seu funcionamento nunca foi obxecto de queixas dos usuarios ou das familias, que dentro das limitacións orzamentarias que existen sempre, e dentro dun colectivo tan sensible coma é o das persoas con discapacidade, non é xusto que se eliminen cincuenta e cinco postos de traballo interinos, que se elimine do capítulo número un dos orzamentos autonómicos para imputarllos ao Capítulo número dous a través dunha prestación de servizos, que é a política do Partido Popular de Madrid, privatizando indirectamente é dicir, transformando cuestións que teñen que ser públicas, con persoal público eliminando, reducindo ou minimizando e implementando empresas privadas, que eles non poden compartir que en servizos esenciais e básicos coma este se poida transformar un centro destas características, xa que este é un primeiro paso nun centro moi específico, que na Coruña hai outro semellante, pero se ve que vai ir pasando, xa que é a política do Partido Popular, o de destruír algo público para favorecer ás empresas privadas, di que neste en concreto a empresa privada vai ir a gañar cartos e pór aos traballadores nunha situación un pouquiño peor que a dos traballadores que estaban ata o de agora da Comunidade Autónoma, que na factura que remita á Xunta de Galicia vai facturar con IVE, que vai ter unha porcentaxe de beneficio industrial, que se está a falar que un trinta e cinco ou corenta por cento deses sete millóns de euros non van ser para a asistencia, se non que van ser gastos xerais da empresa, beneficios, impostos e demais, algo que non lle serve a ningún usuario, non mellora o servizo. Di que non hai un plan de calidade nin se fixo un plan ou estudo de calidade para mellorar o servizo, que non se falou nin co comité de empresa nin cos sindicatos, que se decidiu e se fixo directamente, que saben que dende a parte laboral se saltaron os procedementos normais que é a negociación con eses traballadores, xa que se suprimen cincuenta e cinco traballadores e o resto vanse recolocar e por outro lado, dende o punto de vista político, que dende o BNG iniciaron a división do centro, xa que era un anacronismo para os tempos en que vivimos a situación dese centro, que se tomou a decisión correcta, negociada e falada para solucionar un problema real e o Partido Popular o ve coma unha oportunidade para colocar aí unha empresa, amiga ou non, en todo caso unha empresa privada que vai facer negocio con cartos públicos, que vai prestar servizos de

asistencia fundamentalmente psíquica, que eles non comparten a privatización dos servizos públicos e que isto é un exemplo claro do que eles anuncian ás veces nesas mocións preventivas, que a liña de actuación do Partido Popular é a privatización dos servizos públicos.

De seguido pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que non van entrar en ese tipo de consideracións, que non poden compartir os antecedentes que se recollen na moción xa que non son así, aínda que non queren afondar. Di que todo o mal que fixo o Partido Popular puidérono solucionar eles cando gobernaron, que non poden compartir que se estean a privatizar servizos sociais xa que na Comunidade de Madrid se prestan bastante mellores servizos sociais dos que se prestan aquí, e ao mesmo tempo o Partido Popular de Fene lles gustaría que efectivamente o centro seguira sendo público e os traballadores seguiran sendo públicos, e a proposta de resolución non terían porqué non votala, pero que as consideracións que se fan aquí son moi gratuítas e ademais na actualidade se segue a negociar o tema e polo tanto a súa postura vai ser á da abstención.

Seguidamente pide o uso da palabra o voceiro do grupo mixto Manuel Sánchez Martínez quen, unha vez concedido di que van votar a favor, que coincide co exposto, que logo falará o representante do colexio, que está de acordo co que dirá.

De seguido intervén o sr. alcalde que di que como asinantes da moción tamén a van votar a favor, que sen incidir máis na situación do centro segundo o que dirán logo os representantes do centro e que xa foi exposto na intervención do voceiro do BNG, di que eles votarán a favor coma votaron a favor dunha moción que veu hai meses ao Pleno cando se falou da privatización da sanidade en Galicia e se dicía por parte do voceiro do PP que se facían esas mocións que cualificaba de preventivas, que isto é así porque os coñecen e saben coma funcionan, que primeiro foron os libros de texto, logo as escolas infantís, os centros de día, logo foi a privatización da construción dos hospitais de Pontevedra e de Vigo, co que saltaron as alarmas xa que se fala de poñer o primeiro paso dunha privatización dun servizo público coma é a saúde e os hospitais, ao que se resposta por parte do PP que iso é que se está a facer como o Ministerio de Fomento cando busca financiamento para facer as vías do tren e di que para el non é o mesmo facer vías do tren que facer saúde ou servizos aos cidadáns tan básicos coma é a saúde ou a educación. Di que o PP só ía ser nesas casos para a construción do edificio e da xestión, que non pretendían tocar a sanidade, e prosegue a dicir que con Fraga xa hai un precedente que foi o Hospital de Meixoeiro, que non saíu ben e afortunadamente tivo que volver entrar no sistema público de saúde, dado o seu fracaso e que outro día a conselleira de Sanidade anunciou o tema dos centros de saúde que tamén se van facer con capital privado co cal a empresa privada que faga o centro de saúde haina que compensar con algo, xa que non o van facer a cambio de nada, polo que se lles ofrece tendas dentro do centro de saúde e cualifica a idea de novidosa, cando menos, e que agora lle toca a educación, que os comedores escolares xa se privatizaron en parte e queda educación, que cos centros de ensino, que apenas se constrúen aínda non se meteron pero xa están en centros semellantes coma é o Souto de Leixa, xa que este centro considera que presta un cincuenta por cento de educación e outro tanto de atención social ou formación para o emprego, polo que cando se di que o PP non quere privatizar a el lle custa crelo, polo que o seu voto vai ser a favor desta moción e lle pide a Xunta de Galicia para que recapacite, tome as medidas que teña que tomar e non siga o modelo de Madrid, que xa o dixo o PP que para eles o modelo de prestación social e de servizos públicos é Madrid, pero di que el non o quere.

Rematado o debate, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción conxunta do grupo municipal do PSdeG-PSOE, BNG e EU-IU en relación á privatización do CAPD Souto de Leixa (antigo Carmen Polo), obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Trece (13), (dos sres/as, Puentes Rivera, López Rodríguez, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira, Rey Sampayo, Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López, Pico Sanmartín e Sánchez Martínez).

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: Catro (4), (dos sres/as, Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral e Franco Casal).

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

Primeiro. O Pleno do Concello de Fene acorda instar á Xunta de Galicia a garantir o mantemento da xestión pública do centro Souto de Leixa no proceso de segregación e posta en funcionamento, mantendo os postos de traballo da totalidade do cadro de persoal hoxe adscrita ao CEE Terra de Ferrol na súa condición de empregados públicos, garantindo deste xeito a calidade asistencial desenvolta ao día de hoxe.

11º.- Dación de contas das resolucións da Alcaldía dende a número 688/2010 de data 23 de setembro ata a número 763/2010 de data 15 de outubro de 2010.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre a número 688/2010 de data 23 de setembro ata a número 763/2010 de data 15 de outubro de 2010, manifestando o sr. alcalde-presidente que están a disposición dos distintos grupos na Secretaría do Concello.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que hai unha resolución que é a 716, en relación á devolución de ingresos dunha subvención da Deputación da Coruña respecto a adquisición de mobiliario e material informático por importe de 7.999,32 euros e pregunta, xa que é alarmante a cantidade de subvencións que se perden, que se devolven ou que non se chegan a facer efectivas, e pregunta polo acontecido nese caso concreto.

De seguido intervén o sr. alcalde que di que ten que consultar xa que non sabe si se trata dunha subvención que tivo algún problema ou se, efectivamente, se pediu para unha cantidade e se investiu menos, xa que a resolución non o especifica e logo de consultalo llo explicará.

12º.- Rogos e preguntas

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que ten varios rogos, o primeiro é respecto da queixa do Concello de Plabennec pola súa inasistencia á recepción que tiña previsto facer a Fene a finais de agosto para a previsión dun irmanamento con aquel Concello, que descoñece o por qué non se fixo, se foi un problema de axenda ou de idioma, que en todo caso rogaría que non se tomen compromisos que non se vaian cumprir, que o alcalde quedou en ir a este Concello na Bretaña Francesa para o seu irmanamento e non foi.

De seguido auséntase a concelleira dona María del Pilar Fornos Corral, sendo as vinte horas e vinte un minutos.

Prosegue o concelleiro Manuel Polo Gundín rogando, respecto do informe de intervención con rexistro de saída de data dezanove de outubro que solicitaron dende o BNG, que se dá unha gran contradición entre o que manifesta o informe e o que o propio alcalde lle traslada a el, coma portavoz, respecto da débeda do Concello de Fene nos derradeiros anos, xa que o informe, di o concelleiro, recolle distintas cifras dende o ano dous mil cinco, a partir do cal cambia a Lei de facendas locais no que se establecen as porcentaxes de endebedamento dos Concellos, que se ve que en dous mil seis, que é a cifra máis elevada, se fala dun corenta e dous por cento, no dous mil oito dun corenta e un, no dous mil nove dun vinte e nove e no dous mil dez, supón, se andará en torno a un corenta por cento tamén, xa que se pediu un crédito e o endebedamento sube un pouco, polo que roga que o alcalde deixe de dicir unha e outra vez que o Concello de Fene estaba endebedado no noventa e oito por cento e que con el pasou ao vinte e sete por cento, cando o endebedamento financeiro, do que se lle pide aos bancos, depende cada ano dos créditos que pide o Concello e efectivamente no ano dous mil nove baixa, xa que non se pediu crédito ningún, e baixa porque se amortiza, que tamén sabe que o alcalde a el lle di que isto está incorrecto, que o hai que revisar e que el o consultou coa Intervención municipal e lle di que está correcto, polo que roga que se lle aclare a cuestión do endebedamento do Concello.

De seguido auséntase o concelleiro don Juan José Franco Casal, sendo as vinte horas e vinte dous minutos.

Continúa o concelleiro do BNG, Manuel Polo Gundín, rogando para que se lles acheguen as actas dos Plenos e da Xunta de Goberno Local, que non teñen dende marzo e xaneiro respectivamente.

A continuación incorporase a concelleira dona María del Pilar Fornos Corral, sendo as vinte horas e vinte e cinco minutos.

Tamén roga para que se lle contesten as preguntas que se teñen feito neste Pleno, que son moitas, unha parte llas ía preguntar hoxe ao presidente da Comisión na comparecencia, pero que seguen a estar pendentes de contestación, que o seu grupo fixo as preguntas por escrito e rogan para que se contesten por este medio, que se trata de preguntas moi concretas.

A continuación pide o uso da palabra a concelleira Inés Roca Requeijo quen, unha vez concedido manifesta que no mes pasado fixo dous rogos ao presidente da Comisión de Desenvolvemento Territorial que eran bastante urxentes, polo estado dun camiño de Maniños que vai cara o cemiterio e a igrexa vella e o camiño. Di que igualmente viñeron uns veciños solicitaron, o oito de setembro, a limpeza dun caño dun garaxe, que nos dous casos se trataban de rogos urxentes e pensa que ningún dos dous se tiveron en conta e pregunta, si se ten previsto facer algo ao respecto.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Edgar Antonio Vigo López quen, unha vez concedido, roga respecto do cumprimento da Lei de normalización lingüística que se está a incumprir nas sinais colocadas no Concello, concretamente as que hai en San Valentín, na zona da depuradora, no que se emprega o castelán en vez do galego. Tamén quere preguntar, igual que se fixo no anterior Pleno, respecto do pagamento das subvencións das entidades deportivas e culturais do Concello de Fene e roga a un tempo para que se axilice a convocatoria para as subvencións do ano dous mil dez e non esperar a finais de ano.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Vicente Pico Sanmartín quen, unha vez concedido, di que quere repetir un rogo que ven facendo dende xuño ou xullo á concelleira de Medio Ambiente respecto da petición do contrato de limpeza de praias, que manifestou daquela que estaba feito e que a día de hoxe aínda non se lle facilitou, tamén quere preguntar e solicita que conste en acta, si as obras do Plan E están adaptadas a proxecto ou si sufriron algún tipo de modificación posterior logo de seren aprobadas polo Concello.

De seguido auséntase a concelleira dona Rita María Couto Seijido, sendo as vinte horas e vinte oito minutos.

De seguido intervén o sr. alcalde para dicir que respecto das actas da Xunta de Goberno Local serán remitidas a todos os grupos, xa que están feitas e aprobadas ata finais de setembro. Respecto do Concello de Plabennec di que recibiu unha invitación do seu alcalde para poder ir en agosto a este pobo francés que se quere irmanar con Fene, coma xa se ten dito nalgunha ocasión, aproveitando unha viaxe que hai do Concello das Pontes para visitar un pobo veciño, compartindo autobús e gastos, pero se daba a circunstancia de que o alcalde francés eses días tiña prevista unha viaxe a outro Concello alemán co que tamén están irmandados e que só coincidirían un día co viaxe que organizaba o Concello das Pontes, polo que el lle contesta que por esta razón e outras en agosto non sería posible o desprazamento e os franceses lle contestan con outra carta agradecendo a contestación e quedando para outra ocasión para que cando se determine outra data poder ir alí, xunto co movemento asociativo de Fene e dos propios grupos políticos para poder asinar e chegar ao irmanamento con aquel Concello, que el o que ten oficialmente de parte do seu alcalde non é ningunha queixa, se non todo o contrario, un intercambio de cartas bastante cordial, que respecto deste tema, que non queren facer un tema político e si un tema colectivo do pobo, que se pode facer unha viaxe para o visitar e facer o irmanamento, que entenden que pode ser positivo para Fene, pero que deberán participar todos os grupos políticos e movementos asociativos se planeen as formas, os tempos e os xeitos. Respecto do pagamento das subvencións di o alcalde que están os expedientes resoltos e pendentes de fiscalización para os poder pagar, non demorándose máis alá de algunhas semanas.

De seguido intervén o concelleiro José Antonio López Rodríguez para responder respecto dos rogos dicindo que se intentará arranxar o máis axiña posible.

De seguido pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Galego Feal quen, unha vez concedido pregunta que quen foi o que pediu o irmanamento.

A continuación incorporase a concelleira dona Rita María Couto Seijido, sendo as vinte horas e trinta e dous minutos.

De seguido intervén o sr. alcalde para dicir que foron os franceses, que a Unión Europea establece programas de irmanamento cos Concellos, fundamentalmente para facer programas de intercambios cos cidadáns, que para el o positivo que ten é que veciños e veciñas de Fene poidan ir a Francia cada ano e viceversa, que eles querían irmanarse cun pobo galego, xa que son da Bretaña francesa da provincia de Finisterre e son un pobo costeiro e con relación co naval polo que buscaron coincidencias, e sobre todo, polos contactos que o Instituto de Bacharelato de Fene ten con Instituto de Bacharelato de Plabennec, que están a programar un intercambio educativo de rapaces e rapazas, é polo que amosaron o seu interés en irmanarse con Fene.

De seguido pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Galego Feal quen, unha vez concedido, pregunta sobre o Plan de aforros de empregados do Concello

estaba xa ao día e si se fixo o pagamento das cantidades que de debían, se houbo algunha variación no horario da recollida do lixo, que queren saber si se mantén o contrato do servizo de lacería e solicitan copia dese contrato e así saber si está ou non en vigor, pregunta por se hai algún tipo de actividade nova na antiga Ruber e si se fixo algo dende o derradeiro Pleno no que solicitaron que se fixera un informe técnico respecto do subministro enerxético das vivendas sindicais, si se avanzou algo respecto do tema da inscrición dos terreos para o instituto e si se cumpriu ou se vai cumprir o acordo respecto do cambio de nivel da Policía Local. Respecto das reunións que o concelleiro anunciou cos veciños de San Valentín no derradeiro Pleno, pregunta se houbo algún resultado. Pregunta tamén si existen problemas coa execución do aparcamento da escola infantil, e que se hai algún problema terían que ser informados, cando menos. Prosegue a dicir que houbo dous actos aos que non se lles remitiu invitación, un a festividade da Garda Civil pola festividade de outubro e outro polo acto cos estudantes polacos. Prosegue o concelleiro Gumersindo Galego Feal rogando respecto do colexio Jorge Juan, que é o momento de arranxar a beiravía antes de que ocorra algunha desgraza, di tamén que a praza Verde debe estar en garantía, que ten varios tramos queimados do alumado de superficie ademais doutras luces que están fundidas, di que hai protestas respecto da poda diaria, que non se recolle axeitadamente. Roga para que lles faciliten a documentación que tiñan solicitada respecto da copia da demanda que presentou SGAE, roga tamén que se baleiren os colectores de cartón e que nas zonas de carga e descarga en Fene se habiliten uns horarios cara a evitar problemas de visibilidade na rúa dos Muiños, no que coincide tamén o paso de peóns e roga que se faga unha actuación conxunta na zona.

A continuación pide o uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente, quen unha vez concedido manifesta que quere rogar que os voceiros dos grupos municipais concreten no tema de debate das mocións e que cando un partido político interveña non sexa dous dos seus membros os que volvan intervir, xa que para iso hai unhas quendas, que no BNG sole ser común que, en determinados temas, aínda que se subscriban as súas intervencións, falan varios voceiros e que iso é un problema de organización. Di que tamén ten unha pregunta sobre a moción que presentou o grupo mixto, no que non se manifestou se a retiraba ou non, que si que tiña urxencia e que o Pleno debería manifestarse neste sentido xa que o vindeiro Pleno xa será en decembro, posterior a ese día vinte e cinco de novembro, que está de acordo co tema da violencia pero non coa urxencia que podía ser debatida en Comisión e que sería bo que o Pleno se manifestase neste sentido.

De seguido intervén o sr. alcalde que di que compartindo rogos el faría outro, que as preguntas dos colectores, fochas, papeleiras e deste tipo de cousas vaian ás Comisións Informativas e non ao Pleno, que aínda que son importantes teñen menos calado político e ocupan moito tempo. Respecto da moción do Grupo Mixto non se retirou porque non se incluíu na orde do día do Pleno, que el preguntou se había algunha moción máis e non a propuxo, polo tanto non se pode retirar, que está na carpeta do Pleno polo explicado antes, que é por sistema, por si os grupos políticos a queren introducir por urxencia e incide no dito antes, as que teñan os catro grupos coma é esta, que seguro que a teñen, poder consensualas e facer unha declaración institucional. Respecto do Plan de aforro ou de xubilacións están nas facturas aprobadas dos extraxudiciais que están só pendentes do seu pagamento. Respecto dos terreos do IES di que se está a traballar neles para os poder entregar á Xunta o máis axiña posible, que respecto da escola infantil, houbo unha reunión cos veciños onte, pedían que se tire un cacho máis de muro na parte máis próxima ás vivendas, di que o van consultar con Navantia e pensa que non terá ningún problema, xa que o peche que, segundo proxecto, lles hai que poñer está un pouco máis aló, tamén di que hai un camiño de terra que xunto a escola infantil vai cara o peche de Navantia, que é un camiño privado e se lles pediu a súa cesión para o poder amañalo. Respecto da nave de Rubber non lle consta que haxa ningún tipo de actividade e di que a cualificación da nave é rústica e non

solo industrial, que no derradeiro PXOM quedou coma rústica, e respecto da invitación a festa da Garda Civil di que nunca se cursou invitación dende o propio Concello a esta festa, xa que a propia Garda Civil envía aos grupos políticos a invitación correspondente, que supón que ao mellor o problema ven da variación do comandante do posto, que o Concello non tivo intervención, e respecto do tema dos estudantes polacos di que as invitacións se cursan e se invitou a todos os grupos políticos, pero este día non se fixeron invitacións pola cuestión de que o intercambio de alumnos era co centro de ensino e este tiña unha visita organizada con Navantía o último día, que lles dixeron si podían vir ao Concello a repartir os títulos que lles deron aos propios mestres ao que lles contestaron que si, e coma non era un acto organizado polo Concello, non se cursou a invitación correspondente, que en todo caso, toman nota e di que levan todo o mandato invitando á oposición a todo canto acto hai, que non lles molesta que veñan os grupos políticos a este tipo de actos. Respecto das deficiencias que presenta a praza Verde que está en garantía di que xa se lle comunicaron á empresa, que xa arranxou algunhas coma as reixas pero que obviamente se van arranxar, que caso contrario o Concello executará a garantía correspondente.

A continuación intervén o concelleiro José Antonio López Rodríguez que resposta, respecto da recollida de lixo, que non hai ningunha variación e que se presta por persoal do Concello e non se está externalizando, pero que as veces, polas propias circunstancias do servizo, se modifican os horarios, que é algo anecdótico. Respecto dos cortes de luz nas vivendas sindicais di que houbo distintos problemas na praza Verde, que se substituíu un diferencial e logo se detectou que o problema viña da fotocélula que non funcionaba correctamente, que hai pedido un informe ao eléctrico que será visto polo enxeñeiro municipal que probablemente estará listo para a vindeira Comisión. Di que respecto dos veciños de Mercadona de San Valentín que efectivamente houbo unha reunión con eles na que estaba o enxeñeiro municipal e xente de Aquagest e se deron solucións para o tema do garaxe, hai que facer uns topográficos para ver si se pode levar a auga a unhas pluviais que hai no outro lado da rúa, para ver si se pode facer un pozo novo, xa que agora o pozo ao que vai a auga das baixantes é posiblemente o punto máis baixo de San Valentín e por iso ocorre isto.

A continuación intervén o concelleiro Juan Manuel Lourido González que resposta que dende Secretaría se lles requiriu os requisitos que había no ano dous mil oito que eran o título de bacharelato, que o teñen que presentar e a intención de Secretaría e Intervención é que unha vez feito isto se prepare para ir a Comisión e podelo tratar no Pleno de decembro.

Seguidamente pide o uso da palabra o voceiro do grupo mixto Manuel Sánchez Martínez quen, unha vez concedido di que a el lle chegou a invitación da Garda Civil, que outra cousa é que el non puidera asistir. Roga que as mocións se presenten con tempo suficiente para as poder tramitar en Comisión, roga tamén que o retraso que hai nas actas dos Plenos se poñan ao día, roga tamén para que a rotonda que hai na saída do polígono de Vilar do Colo cara ás Pontes sexa limpada e mantida e que onde está o establecemento de todo a cen que se lle recorde ao propietario que non pode ter a beiravía chea de cartóns, xa que hai protestas da veciñanza.

De seguido intervén o sr. alcalde que di que a rotonda é do Concello de Cabanas, xa que cos novos límites que se fixeron a raíz do propio Polígono, Fene comeza un pouco máis abaixo da empresa Teimper, polo que a rotonda é agora de Cabanas.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión sendo as 20:55 horas do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo isto a presente acta, do que eu, secretario, dou fe.

Visto e praxe,

O secretario,

O alcalde-presidente

Iván Puentes Rivera

Jesús Tallón García